

DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTÓ DE GALICIA

1 LEXISLATURA

Presidencia Provisional do Excmo. Sr. D. Antonio Rosón Pérez

Sesión de Investidura

celebrada o xoves, 7 de xaneiro de 1982

ORDE DO DIA

1. Cumprimento das Normas aprobadas pola Cámara, o día 4 de xaneiro de 1982 (Diario de Sesións número 2) en relación coa Sesión de Investidura.

(Continúa a Orde do Día no Diario de Sesións número 4, do 8 de xaneiro de 1982).

SUMARIO

Abrese a Sesión ás cinco e quince minutos da tarde.

Antes de entrar na Orde do Día, o Sr. Presidente Provisional invita d Sr. Secretario a que dea lectura á Acta da Sesión anterior. Así o fai o Sr. Secretario (González Mariñas).

O Sr. López Garrido (Bloque-PSG) plantexa unha cuestión de orde, facendo dúas observacións sobre a Acta. Contestación do Sr. Presidente, no senso de que as dúas observacións que presenta serán incorpo-

radas á Acta. Seguidamente, o Sr. Vázquez Vázquez (PS de G-PSOE) plantexa unha cuestión de orde, no senso de poder dispor, segundo o artigo 52 do Regulamento do Congreso dos Depurados, das Actas da Sesión durante dez días, pra poder lelas. Contestación do Sr. Presidente Provisional. A continuación, o Sr. Quiroga Suárez plantexa unha cuestión de orde, en relación á carencia de bancos especialmente destinados ós membros da Xunta de Galicia. Cuestión de orde que é recollida pola Presidencia.

Entrase na Orde do día.

O Presidente Provisional manifesta que, de acordo coas Normas aprobadas, a Presiden-

cia, segundo o disposto no apartado 3) do artigo 15) do Estatuto Galego, deu cumprimento ás esixencias legais que nel se establecen, consultando ás forras políticas representadas parlamentariamente, e, en consecuencia, propon como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia ó Deputado Sr. Fernández Albor, a quen concede a palabra pra que presente o seu Programa, e solicite a confianza da Cámara.

Páxina

Discurso do candidato á Presidencia da Xunta, D. Xerardo Fernández Albor. 39

0 Sr. Fernández Albor, candidato á Presidencia da Xunta, expon o Programa do seu goberno e solicita a confianza da Cámara.

Pra unha cuestión de orde. intervñ o Sr. Vázquez Vázquez (PS de G-PSOE), pedindo o Sr. Presidente que faga uso da súa prerrogativa en relación ás manifestacións dos asistentes nas intervencións dos Sres. Deputados.

0 Sr. Presidente suspende a Sesión, convocando a próxima pró día seguinte, 8 de xaneiro, ás II da mañá.

Levántase a Sesión.

Eran as sete e vinteseis minutos da tarde.

Abrese a Sesión ás cinco e quince minutos da tarde.

0 Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Señores e Señoras Deputados, ábrese a Sesión. O Secretario da Mesa dará lectura á Acta da Sesión anterior prá súa aprobación, se procede.

0 Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: ¿Apróbase a Acta á que se deu lectura?.

0 Sr. LOPEZ GARRIDO: Quixera facer dúas obxeccións. A primeira é que eu son Deputado pola Coalición Bloque-PSG e na Acta aparece recollido sò do Bloque.

En segundo lugar, nós entregamos pola mañá unha serie de enmendas ás Normas prá Sesión de Investidura que, segundo dixo vostede, foron entregadas ós Grupos Parlamentarios, e non aparecen recollidas aquí tampouco.

0 Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Polo que respecta á primeira observación, pois, é razoable e recóllese na Acta. Polo que respecta á segunda, teña en conta que no Diario de Sesións é onde se fai unha redacción circunstanciada de todo o que pasa na Sesión e as Actas soen ser así mais breves e concisas.

0 Sr. LOPEZ GARRIDO: Pro, neste caso, había dúas enmendas concretas ás Normas prá Sesión de Investidura. Non é un detalle accidental.

0 Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Si, non hai inconveniente en que se recolla na Acta esa rectificación.

0 Sr. VAZQUEZ VAZQUEZ: Sr. Presidente, unha cuestión de orde. De todas maneiras, se estamos aplicando o Regulamento do Congreso dos Deputados, eu entendo que, segundo o artigo 52, temos tódolos Parlamentarios o dereito de ter á nosa disposición durante dez días as Actas das Sesións pra lérmo-las e mostrármolo noso acordo e non facermos unha aprobación tacita.

0 Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Neste momento, non podemos aínda da-las Actas coa antelación debida; agora, iso vaise facer no sucesivo porque irnos ter -claro- mais espaciadas as Sesións.

0 Sr. QUIROGA SUAREZ: Sr. Presidente, pra unha cuestión de orde. Eu, co máximo respecto, coa máxima firmeza, quero facer constancia do meu sentimento porque neste hemicycle non houbera bancos dispostos prá presenza en lugar preferente da Xunta de Galicia.

0 Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Recolle a Presidencia esa manifestación e terase en conta nas sucesivas Sesións

Despachada a Acta da Sesión anterior, de conformidade coas Normas aprobadas, esta Presidencia, segundo o disposto no apartado 3 do Artigo 15 do Estatuto, deu cumprimento ás esixencias legais que nel se establecen, e polo tanto fixo a consulta coas forzas parlamentarias, é dicir, coas forzas representadas política e representadas parlamentariamente. En consecuencia, propon como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia 6 Deputado D. Xerardo Fernández Albor, pertencente ó Grupo de Alianza Popular. Irnos, por tanto, entrar agora no Debate de

Investidura e ten a palabra o Deputado Sr. Fernández Albor, pra presenta-lo seu programa e solicitar, no seu caso, a confianza do Parlamento.

DISCURSO DE INVESTIDURA PRONUNCIADO DIANTE DO PARLAMENTO DE GALICIA POLO CANDIDATO A PRESIDENCIA DA XUNTA.

D. GERARDO FERNANDEZ ALBOR:

Santiago, 7 de Xaneiro de 1982.

Sr. Presidente, señoras e señores Deputados: no intre de comparecer diante das súas Señorías como candidato á Presidencia da primeira Xunta Autonómica de Galicia, e denantes de escomenza-la exposición do meu Programa de goberno, pra solicita-la confianza da Cámara, de acordo co establecido no artigo 15 do Estatuto, quero adica-las miñas primeiras verbas a render unha fonda e sentida homenaxe a cantos galegos de onte e de hoxe contribuíron á defensa da identidade de Galicia e a crea-las condicións xurídicas, políticas, económicas e sociais pra que hoxe accedamos ó autogoberno.

Eles abríronnos un camiño de esperanza e responsabilidade pra que, facéndonos hoxe protagonistas desta etapa histórica, academos meirandes cotas de benestar nun marco de convivencia pacífica e democrática.

Dun xeito especial, quero lembrar ós que, pola súa adicación ó estudo da lingua, das artes, e da historia de Galicia, e pola súa entrega ás tarefas da vida pública, contribuíron ó progreso de Galicia e fixeron que a personalidade de Galicia poida discernirse claramente no conxunto dos pobos de España e do mundo.

Pasan diante nosa, neste intre, os historia-dores, que nos axudaron a percurar orientación nas raigames do noso propio pasado; os poetas, que cantaron en versos comprometidos a dramática realidade social da Galicia emigrante, mariñeira e campesina; os políticos e homes públicos que se esforzaron polo noso benestar e fixeron real o fondo contido da galeguidade; os músicos e artistas, os sabios e santos que foron construíndo día a día unha Galicia viva; os canteiros anónimos, que sementaron de cruces de pedra as encrucilladas dos camiños; cantos, preto ou lonxe de

nós, souberon manter un sereo compromiso galego de servio ó noso pobo.

A eles quero adicarlles a miña primeira voz nesta Cámara de infindas resoancias e convertila en promesa de traballo, en garantía de unidade, en afán de continuidade, en solicitude de axuda a cantos coidan que, por enriba de ideas e estratexias políticas, existe unha realidade á que chamamos Galicia.

Dirixo tamén, con fonda emoción, un saúdo ós galegos que fóra de Galicia soñan na súa mellora, viven cavilando nela e teñen os ollos postos en nós pra nos dar azos e tamén pra nos xulgar.

Adico un sentido pensamento ós Centros Galegos, Casas de Galicia e Asociacións dos nosos Municipios na emigración, que veñen demostrando a nosa capacidade de esforzo común prá solución dos nosos problemas xerais da convivencia, e especialmente aqueles que plantexan o feito de vivir en Sociedades alleas, con xeitos culturais diferentes.

Dalgunha forma, cidades como Bos Aires, como Caracas ou A Habana, atópanse tan preto de nós coma esta cidade de Compostela na que hoxe estamos.

Tamén quero saudar ós non galegos que aquí viven e connosco traballan, axudándonos a ergue-la nosa terra. Cando eu falo —e falarei aquí de galegos— a eles tamén me refiro.

Dentro das posibilidades que por tempo e natureza me oferta esta intervención, soamente quixera tracexa-las coordenadas xerais da vindeira acción de goberno e sulña-los seus obxectivos fundamentais, sobardando os supostos do programa de Alianza Popular de Galicia con toda xenerosidade, pra poder así exercita-la Presidencia en servio de toda Galicia e de tódolos galegos.

Ninguén pode ter dúbida de que a nosa terra, desde as súas orixes ata que o Reino de Galicia se integra na Coroa española, foi sempre sobranceira polos marcados riscos da súa personalidade no xeográfico e no político, no cultural e no lingüístico, na súa etnia e nas manifestacións relixiosas, no seu ser interno e na súa proxección externa, ata o punto que constitúe hoxe cecais a comunidade autónoma de mais nidios contornos.

Pro temos que recoñecer que existiron e existen grandes trabas pra darlle formulación política a esa clara conciencia que o pobo ten da súa galeguidade.

Así, vivimos no contrasentido de ser, por unha banda, devanceiros dos movementos rexionais da España contemporánea, ó tempo que ollamos unha certa desconfianza na institucionalización política de Galicia como comunidade autónoma, que dificulta o propio desenrolo mediante o exercicio responsable da cidadanía.

Nembargantes, Galicia percorreu o accidentado camiño da súa autonomía, e hoxe ten neste Parlamento unha voz independente que fará chega-la chamada ó traballo e á responsabilidade a cantos, dentro e fóra, manteñen vivo o feito de ser galegos.

Coido que a Autonomía, como sistema de organización do Estado, é un obxectivo básico e transcendental da actual etapa política, polo que o Goberno contribuirá no posible a clarexar e consolida-lo mapa autonómico, ó tempo que defenderá pra Galicia plena garantía no exercicio dos seus dereitos namentres se manteña no modelo establecido pola vixente Constitución.

Se obteño a confianza desta Cámara, velarei pra que os reaxustes legislativos que hoxe pretenden reconduci-lo modelo autonómico se fagan sin merma dos dereitos adquiridos por Galicia, xa que entendo que o Estatuto debe ser plenamente respetado como norma fundamental de Galicia, ratificada en referendun e integrada no corpo xurídico do Estado.

A nosa responsabilidade de autogoberno chega nun intre de crise económica e de orientación política que afecta a toda España, namentres resolve con traballo a súa transición política nun contexto mundial nada favorable.

Acepto este compromiso recoñecendo en España unha soa nación, de realidade plural, formada por mulleres e homes que atopan na experiencia do seu pasado valioso, o alicerce pra constituír unha sociedade mais próspera e humana.

Axiña han cumprirse os noventa anos desde que Alfredo Brañas pronunciara no paraninfo da Universidade Compostelá a lección inaugural do curso, que tiña por título "La crisis económica en la época presente y la descentralización regional", na que expoñía en dezaseis puntos un programa rexionalista.

Quero lembrar aquí este acontecemento pra que sirva como instrumento de superación da controversia entre o nacionalismo e o rexionalismo, sulñando que o tema de fondo

está na competencia real e nas posibilidades que se nos dan pra dirixi-los destinos da nosa terra, facendo cada vez menos problemas do nome con que se sinale esta gozosa realidade.

Se formo Goberno, tencioarei de darlle a Galicia tódalas ferramentas precisas pra tracexa-lo seu camiño, porque son consciente de que sómo-los galegos, en verbas de Castelao, "os únicos capaces de darlle luz á súa noite, pan ás súas demandas, dignidade á súa vida".

Coido que todo isto é posible sin forza-lo sistema establecido na Constitución, e mesmo compatible co clarexamento do Título VIII da mesma, sin cuestiona-la integración solidaria dos pobos de España.

Sinxelamente, creo na solución autonómica, porque dun xeito práctico achega o poder e a administración ós cidadáns e fai posible o emprego dos recursos humanos e económicos con meirande racionalidade. Tamén creo na Autonomía por principio, porque fai de liberdade e da iniciativa persoal unha canle de progreso e porque é unha expresión de democracia, na medida en que respecta as entidades territoriais menores.

Chegado o momento de gobernar Galicia seguindo o modelo autonómico, é preciso que actuemos con circio respecto ós principios que vertebran o Estado Autonómico, mantendo fidelidade ó mesmo, comprendendo os seus presupostos e acadando as súas limitacións pra podermos así levar a cabo unha eficiente actuación pública. A Comunidade Autónoma endexamais deberá ser algo illado do contexto da Administración do Estado, e, pola contra, terá que ser un complemento pra atender ás graves preocupacións que desacougan á nosa sociedade. Fariamos un cativo favor ó noso pobo se matinamos na Autonomía como nun eido acoutado pra nosa dispoñibilidade exclusiva, fuxindo da cooperación externa.

O Estado Autonómico deberá acadar un artellamento lóxico das decisións públicas pra consecución dos obxectivos de interés xeral, e non derivar nun mosaico variedado de decisións contraditorias.

Coido que a cooperación é algo básico na Autonomía. O noso autogoberno, que hoxe se xustifica polas esixencias de toda orde que temos posto de manifesto, ha de lexitimarse tamén nos días vindeiros por dar unha solución eficaz e práctica ós nosos problemas.

Estamos cheos de razóns pra dispor de institucións de autogoberno, pro temos que

darlle mais forteza. E cabe sinalar, como dúas fontes novas de lexitimación inmediata, a eficiencia e a flexibilidade das institucións, na percura de meirande benestar polo camiño da participación cidadá.

Neste intre, e resaltando a constitucionalidade do modelo autonómico que pretendemos implantar, cómpreme ergue-la voz desde este Parlamento de Galicia pra facer explícita manifestación de acatamento da Constitución que tódolos españois nos demos a nós mesmos, e de defensa do modelo democrático e político que sinala pró desenrolo da convivencia dos españois. Idéntica manifestación de fidelidade quero facer á Coroa, en quen se simboliza a unidade e permanencia do Estado Constitucional, e de lealtade e respecto á persoa de D. Juan Carlos I, que con tanta dignidade e espírito de servicio desempeña a súa maxistratura.

A creación da administración autonómica traerá consigo unha recomposición de administracións públicas, mantendo os órganos de probada eficacia operativa que sexan asimilables na idea autonómica, e suprimindo aquela parte da organización propia dun sistema centralizado ou aqueloutra que supoña a coexistencia no noso territorio dunha duplicidade de competencias entre os órganos autonómicos e os centrais, salvando sempre os casos estritamente necesarios prá salvagarda do interés xeral.

Na mesma liña, teremos especial cuidado na coordinación da administración rexional coa administración local galega.

Pra conseguirmos estes obxectivos, e pra fuxirmos do perigo da burocratización excesiva do aparato público autonómico, teremos de ser non só severos con nós mesmos, senón tamén fortemente reivindicativos fronte á Administración Central pra que acepte de cheo a substitución do seu propio aparato polo da Comunidade Autónoma, de xeito que, coas salvedades devanditas, quede excluída de forma inmediata a duplicación dos servicios.

Tamén é propósito do Goberno, afondando nas ideas que acabo de expoñer, consolidar un funcionariado propio que atenda ós sectores da súa administración que se configuren en función das peculiaridades culturais, económicas e sociais de Galicia, sempre sin perxuício das solucións transitorias relacionadas co funcionariado do Estado establecido en Galicia, ó que garantizamos, na medida en

que esta garantía nos compete, un tratamento xusto e un esforzo constante pra mellora-las súas condicións, recoñecendo neles un labor que califico de inestimable e imprescindible.

Con desexo de atender ó mellor funcionamento da Administración Autónoma, e á promoción do funcionariado residente en Galicia, o Goberno percurará a creación dunha Escola Galega de Administración Pública e Estudos Políticos, que en colaboración coa Universidade e demais Institucións sirva pra afondar na investigación dos modelos aplicables á xestión pública en Galicia de acordo coas súas peculiaridades.

Non quixera rematar este punto referente ó contexto administrativo do Goberno Autónomo, sin facer unha referencia á Administración Local galega, a personalidade xurídica da cal ha de ser integrada pola Xunta nunha acción común que teña por fin o interés de Galicia.

Prá realización do modelo político e administrativo que acabo de expoñer, o meu Goberno —se son elixido— asumirá con carácter primordial a tarefa de impulsar un proceso legislativo en tódalas vertentes, que sirva pra afianzar entre nós a súa conciencia de comunidade política, que garantice a permanencia da Comunidade Autónoma como tal, que dea prestixio ás Institucións, facendo delas camiño de participación, e que traia a recuperación das nosas peculiaridades xurídicas e a revalorización dos modelos de estrutura social e humana.

Debemos ser todos conscientes de que o desenrolo do Estatuto require un esforzo legislativo importante, a iniciativa do cal corresponderá fundamentalmente ó Goberno; igualmente, arrequeáxase a redacción dunha longa serie de Proxectos de Lei que han de servir pra facilita-la tarefa de goberno.

Ben sei que esta inxente tarefa legislativa esperta hoxe algúns receos, pro eu coido que esta Cámara está disposta a protagonizar este intre no que temos que tirar tódalas consecuencias que prá Comunidade Autónoma se derivan do Estatuto.

E o meu propósito que tódalas leis que o Estatuto sinala sexan aprobadas nesta lexislatura, dando prioridade ás que se refiren directamente ó funcionamento das Institucións xa vixentes, e as que porán en vigor a nova organización territorial galega.

Ademais dun plantexamento político claro, dunha iniciativa legislativa responsablemente

exercida e da creación dun aparato administrativo capaz de apura-las posibilidades derivadas da Autonomía, temos sobor de nós o reto de negocia-lo traspaso de competencias a Galicia.

O mais elemental realismo político obríganos a actuar con ritmo acorde coas posibilidades de cada intre á hora de asumirlas competencias que nos transfiran, impedindo así un posible desequilibrio entre a autonomía legal ou teórica e a autonomía real ou práctica, sempre co nido obxectivo de acceder a un nivel de autogoberno tan fondo como a Constitución e o Estatuto o permitan.

E o meu propósito que a Comisión Mixta de Transferencias determine, no prazo dun ano, o término no que se completará o traspaso dos servicios que correspondan á Comunidade Autónoma Galega, abreviando sustancialmente os prazos legais establecidos polo Estatuto.

Nembargantes, quero deixar claro que non asumiremos ningunha competencia se antes non temos asegurada a dotación presupostaria necesaria pra levala a efecto.

Plantexado xa en términos xerais o modelo político, cómpre agora facer referencia ó modelo económico e social no que se terá que desenrola-la actividade do Goberno. Quero deixar constancia de que asumo de cheo o modelo de economía social de mercado, impulsada pola iniciativa privada, con liberdade de empresa e con tódolos dereitos que a Constitución recoñece ós traballadores. Coido que este modelo económico, susceptible de melloras e en continua evolución, é compatible totalmente coa liberdade política e coa orde democrática, e que ten demostrado meirande eficacia, permitindo ós países que o detentan acadar máximos niveis de desenrolo nun marco de liberdade e xusticia.

O Goberno Galego esforzarase pra crea-las condicións precisas pra un mellor e mais acelerado crecemento do benestar económico e social, e intervirá na economía soamente con carácter subsidiario, sin que iso signifique renunciar ás posibilidades establecidas nos artigos 28 e 30 do Estatuto, relacionadas co Sector Público e co fomento e planificación da actividade económica en Galicia.

A actuación do Goberno dirixirase principalmente a aqueles sectores básicos pra economía rexional nos que a iniciativa privada non chega a satisfacer-la demanda dos

individuos ou dos restantes sectores produtivos, e tamén se centrará nos sectores que arrequexan transformacións estruturais ou readaptacións profundas que, pola súa natureza ou polos seus altos costes, deban levarse a cabo coa axuda, ou baixo a orientación, do Sector Público.

Como obxecto especial de atención, cómpre mencionar xa ó sector primario, tanto no ámbito agrícola e gandeiro coma no pesqueiro e forestal, en razón da fonda crise estrutural pola que atravesa.

O Goberno apoiará e asesorará a iniciativa privada pra que poida facer axiña as transformacións que o sector require cara ó futuro de Galicia e á integración da súa economía na Comunidade Económica Europea.

No sector secundario, potenciaranse as industrias alimentarias de primeira liña, e as iniciativas que xurdan pró incremento da produción enerxética e o seu aproveitamento por industrias asentadas aquí e que cumpran nela o ciclo total das transformacións da materia prima. A política enerxética rexional orientarase ó utillamento das altas disponibilidades enerxéticas de Galicia como un incentivo particularmente importante pra atraer industrias e novas inversións.

Tamén coidaremos de que a política industrial sirva pra correxi-los fortes desequilibrios territoriais no desenrolo económico de Galicia, e pra fomenta-las actividades de maiores coeficientes de absorción de man de obra, como medio eficaz na política de emprego e na loita contra o paro.

No referente ó sector terciario, incentivarase a creación de servicios sociais e culturais, e dun xeito especial os relacionados co desenrolo e a promoción da cultura galega.

Todo isto sin esquence-la crecente importancia que ten o sector terciario no conxunto da economía, e especialmente teño que mencionar ó sector turístico.

Pechando este apartado das grandes liñas mestras que rexirán a nosa política económica, quero expoñer diante das súas Señorías a preocupación que sinto diante do proceso de reformas que haberá de afectar a tódolos sectores sin excepción, pra súa reestruturación en orde á integración de España na Comunidade Económica Europea. O Goberno Galego apoiará todo tipo de iniciativas pra homologación dos produtos e servicios nos mercados europeos, e pra acrecenta-los niveis de competitividade das nosas empresas.

Detrás de calquera programa de goberno, e mesmo de calquera declaración xenérica de intencións, debe haber sempre un estudo realista dos medios de que se dispón pra levalo a cabo. Son consciente de que o problema dos recursos da Comunidade Autónoma é fundamental, e de que o seu tratamento require sempre, ademais dos informes técnicos oportunos, un anxeio político de servizo á comunidade.

A política fiscal do Goberno Galego parte do coñecemento das limitacións impostas en primeiro lugar pola Constitución, que só confire ás Facendas Públicas, que ten que acadar ó mesmo tempo diferentes obxectivos que serían irreconciliables entre si se a autonomía financeira, en vez de limitarse nos seus xustos términos a garantiza-los recursos necesarios pró desenrolo das funcións asumidas polo Goberno, se convirte nun desexo incontrolado de acrecenta-los ingresos propios.

Coido que o poder tributario das Comunidades Autónomas ten, ademais dun gran significado político, un importante carácter instrumental, cal é o de achegar fondos pró funcionamento da propia Autonomía, obxectivo que terá que realizarse do xeito menos perturbador posible prós contribuíntes e prá Facenda Pública.

Diante do feito imprevisible de que os impostos transferidos non cubran con suficiencia as necesidades dos servizos públicos, a Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas prevé a complementación destes ingresos mediante unha porcentaxe de participación nos impostos do Estado. Compriría, en primeiro lugar, unha reforma da devandita Lei que permitise definir claramente esa porcentaxe de participación, xa que de acordo co lexislado ata agora, esta importantísima fonte de ingresos só pode chegar a concretarse a través dun difícil proceso de negociación entre a Administración Estatal e a Autónoma. Nesta negociación Galicia atópase en situación de desvantaxa respecto a outras Comunidades Autónomas, e mesmo respecto á media nacional, en case tódolos parámetros socio-métricos que determinarán a porcentaxe de participación de Galicia nos ingresos do Estado.

O noso coeficiente de poboación, o baixo nivel de servizos, o feito de que a renda por habitante sexa inferior á media nacional en

cáseque un 30%, os fortes déficits en servizos sociais e infraestruturas, os altos custos por habitante nos servizos públicos, en razón dos déficits devanditos e das peculiaridades dos asentamentos da poboación rural, son razóns suficientes pra esixir unha participación xusta nos ingresos do Estado que compense ó pobo galego do crédito fiscal histórico que mantén frente a Administración Central.

No mais elemental, o sistema financeiro establecido na LOFCA prevé a cobertura total de custos dos servizos públicos que sexan transferidos polo Estado ó Goberno rexional, quen deberá mante-lo actual nivel sin que de ningún xeito, nin baixo ningún gallo, se poidan xerar maiores custos pró cidadán nin dificultades financeiras en ningún terreo.

Pro temos que ir mais alá na nosa xestión financeira, e contempla-las posibilidades reais de mellora no nivel de servizos baseándonos nunha administración mais racional, xusta e eficaz dos impostos cedidos polo Estado de acordo co ritmo de asunción de competencias pola Comunidade Autónoma, sin necesidade de acudir a novos gravames nin a recargos sobor dos que xa existen.

O mecanismo de transferencias de recursos financeiros do Estado que adoptou finalmente a LOFCA, baseado no custo efectivo dos servizos prestados polo Estado no intre da transferencia, consolida unha distribución territorial do gasto público que perxudica a Galicia e a outras Comunidades Autónomas pouco desenroladas, co nivel de prestación por baixo da media nacional.

O Goberno Galego, aínda que aceptará provisionalmente esta fórmula pola súa operatividade e sinxeleza, percurará solucións mais xustas no futuro, tales como a aplicación do custo medio dos servizos a nivel nacional. Igualmente témo-lo rexo propósito de solicitar das Cortes Xerais unha reforma da LOFCA que defina claramente qué servizos públicos son considerados fundamentais, e qué nivel mínimo de prestacións se deben garantir nos devanditos servizos.

Pra solución destas cuestións fundamentais pró futuro da Comunidade Autónoma dun xeito democrático, defenderemos no marco da LOFCA e a Disposición Transitoria V do Estatuto de Galicia, que os membros das Comisións Mixtas de transferencias estean representados na Comisión Mixta Paritaria encargada de negocia-la porcentaxe de

participación de Galicia nos impostos estatais non cedidos ás Comunidades Autónomas.

Con meirande realismo temos que recoñecer aquí que a homologación de Galicia coas restantes Comunidades Autónomas en canto a servicios públicos, que asumimos coma unha das nosas sobranceiras responsabilidades, terá que ser contemplada como obxectivo a medio prazo e non como unha realidade axiña materializable, sobor de todo se, tal como queremos, se acada sin grandes incrementos da presión fiscal e do Gasto Público nos vindeiros anos.

No referente á autonomía financeira, propiamente dita, en tanto que posibilidade de recaudación de recursos propios, dentro da suliñada política de limitación do Gasto Público, o Goberno Galego tenderá a crea-los menos novos impostos posibles, e a que, no suposto de que foran imprescindibles, non recaian no ámbito da actividade que incrementa a produción e o emprego. E isto querémolo así, sabedores do especial intre económico polo que atravesamos o país e conscientes dos imperativos da política de relanzamento económico; e querémolo tamén así porque estas figuras impositivas teñen efectos facilmente trasladables a zonas distintas da comunidade autónoma onde deben permanecer por razóns elementais de xusticia distributiva.

Polo que afecta ós recargos sobor dos impostos estatais, que poderían constituí-la vía mais importante da expansión financeira da Comunidade Autónoma, tencioamos evitar no posible recorrer a esta forma de incremento dos ingresos, xa que ó redistribuírse a carga tributaria entre os cidadáns de acordo coas preferencias da Comunidade Autónoma, xerárase de xeito inmediato unha situación de competencia fiscal que sempre perxudicaría ás Comunidades de menores recursos.

Non obstante, o Goberno galego fará uso desta posibilidade sempre que sexa necesaria pra mante-la situación de paridade fiscal en Galicia respecto das outras Comunidades Autónomas.

Réstame referirme a unha terceira vía de financiación sostida polo principio de solidariedade interrexional: o Fondo de Compensación Interterritorial, que terá que ser sin dúbida a figura mais importante, a medio e longo prazo, pra financiación dos proxectos rexionais de desenrolo.

Desde a perspectiva galega, teño que lamentar unha vez mais que a LOFCA presente neste punto as meirandes ambigüedades xa que non especifica a forma en que se deberá distribuír, limitándose a apuntar algunhas das variables en función das cales haberán de asignarse estes fondos ás Comunidades Autónomas.

Considero urxente a aclaración, e indispensable a participación dos Gobernos autonómicos nas decisións sobor da materialización dos proxectos de inversión con cargo ó Fondo de Compensación, así coma nas iniciativas pra súa elaboración e pra coordinación dos plans rexionais.

Soamente sobor destas condicións, poderá falarse dun auténtico Fondo de Compensación Interterritorial que sirva pra loitar eficazmente contra as situacións de desenrolo imperantes en Galicia e noutras rexións de España. De non se facer así, tal fondo virá a ser unicamente unha mera descentralización de certo número de partidas presupostarias xa denantes previstas polos distintos Ministerios.

O alto ruralismo é tamén algo a ter en conta á hora de evaluar as necesidades de inversión pública en Galicia, polo que deberá tamén quedar suficientemente clarexado que as inversións necesarias pra atención dos servicios mínimos deberán financiarse exclusivamente mediante ingresos correntes, é dicir, polos impostos cedidos á Comunidade e pola participación nos ingresos do Goberno estatal, pra poder así adica-lo fondo integramente a Proxectos de creación de infraestruturas recollidos nos plans de desenrolo rexional.

Dun xeito semellante teremos de solicitar do Goberno Central que o resto da inversión pública se faga tamén de acordo co principio de solidariedade interrexional, pra que a actuación do Estado Central non anule os efectos redistributivos do devandito Fondo.

Baixo este mesmo epígrafe adicado á política Fiscal Galega, quero suliñar agora as relacións que deberán existir entre o Goberno Autónomo e os Entes Locais. De acordo coa interpretación do Estatuto Galego sostida polo meu Grupo Parlamentario, a descentralización do Estado só se acada plenamente potenciando, ademais da Autonomía rexional, á dos entes locais menores, polo cal haberemos de ter en conta as facendas locais nos futuros plans financeiros do Goberno Autónomo.

Aínda que o Artigo 142 da Constitución, que recolle as posibilidades de que as Facendas Locais participen dos recursos das Comunidades Autónomas, non acadou unha redacción precisa, considero indispensable o atender ás necesidades das Corporacións Locais, tanto a través da participación das mesmas nos tributos propios da Comunidade, como tamén, e de xeito mais importante, perante as transferencias efectuadas con cargo ó Fondo de Compensación Interterritorial, sempre e cando estes recursos estean destinados á financiación de proxectos de ámbito local ou comarcal, e cando así o acorde este Parlamento. En todo caso, estas transferencias faranse sempre seguindo estritos criterios de prioridade económica e social, con independencia de cal sexa o Grupo Político que detente o poder na Corporación

Se ata agora falei de como artellar unha acción de goberno, é preciso traxer seguidamente un esquema de actuación por sectores que deixe claro diante das súas Señorías cal é o plan de prioridades que o meu Goberno pretende establecer.

Dado que as grandes liñas nas que se resolve a convivencia social e política dos galegos veñen traxeadas pola Constitución, non hai dúbida que o centro das nosas cavilacións está hoxe na crise económica pola que atravesamos Galicia, inserta noutra crise xeneralizada que afecta á práctica totalidade das nacións occidentais.

Coido que é indiscutible a absoluta prioridade que arrequeixa neste intre a nosa debecida situación económica, polo que esta será a primeira tarefa do Goberno Galego no futuro, enmarcado nela o plan de actuacións sectoriais que, de xeito necesariamente breve, expoñerei a continuación.

Levamos anos escoitando que a economía do país está mal; e non só está mal agora, senón que nos atopamos inmersos nun proceso de deterioro constante que escomenza nos primeiros anos da década dos setenta e abrangue xa cáseque unha década, convertíndose nunha profunda crise que non puido ser freada, xa que nin os estamentos políticos nin os económicos foron capaces de xerar unhas bases mínimas prá súa superación mediante as transformacións estruturais imprescindibles nunha etapa na que gran parte dos supostos fundamentais están en franca transformación.

A política económica seguida ata agora, a pesares de conseguila moderación das taxas

de inflación e do crecente deterioro da Balanza de Pagos, non acadou nin siquera indicios de recuperación da demanda nin da actividade económica.

No concreto caso galego, a crise económica adquire unhas características propias, particularmente graves en razón da súa tradicional subordinación respecto ó sistema económico xeral e á conseguinte endebleza dun sistema produtivo de economía periférica que xurdiu, creceu e se desenrolou, non en función dos seus intereses e necesidades propias, senón ó servizo dun desenrolo económico e industrial externo á economía galega.

Así pois, Galicia atópase afectada pola crise económica xeral, non en tanto que economía industrial desenrolada, senón, e isto é mais grave, como economía primaria exportadora de materias primas, que olla como se frustra o seu recén escomenzado despegue industrial.

As institucións Autónomas, e en especial o Goberno Galego, imos herdar tódolos pasivos xerados no pasado, e non sería xusto que tiveramos que asumir integramente os altísimos custos da crise sin facer unha chamada nidiamente esixente ó Goberno Central pra que se comprometa a facer en Galicia un plan especial de inversións con cargo ós seus propios presupostos, que axude a paliar-la grave situación de partida das nosas Institucións rexionais.

O Goberno Central deberá ter presentes as aldraxes comparativas sufridas por Galicia ó longo da súa historia e cooperar xenerosamente cos plans de desenrolo rexional, naqueles sectores mais maltreitos da nosa economía.

A Galicia deberá axudarse por primeira vez a aproveitar de cheo os factores que a favorecen na orde económica que están xurdindo a través da crise xeral das estruturas produtivas. E é a nosa intención que dentro do novo equilibrio económico que sen dúbida acadará o país, Galicia ten de atopar e mante-la posición que se corresponde coa súa riqueza real e co traballo das súas xentes.

Pra iso temos que saber valorar nos seus xustos términos o feito de ser unha rexión productora de materias primas, alimentos e enerxía, artigos todos eles que viron aumentar espectacularmente os seus precios, adquirindo unha mellora sustancial na súa relación real de intercambio.

Temos que aproveitar esta oportunidade pra saír fortalecidos da crise, e de ningún xeito

debemos permitir que unha política desenrolista, de dubidosa eficacia, sacrifique a súa identidade económica en favor dos centros de maiores niveis de desenrolo industrial de España.

Temos de recoñecer que este obxectivo é moi difícil, sobor de todo sendo, como somos nós, profundamente conscientes das limitacións que impón unha economía aberta interrelacionada e, en gran medida dependente do sistema nacional, no que se refire ás medidas globais de política económica e certamente reducido.

Nembargantes, estamos dispostos a afrontar esta enorme responsabilidade facendo sin demora os traballos necesarios prá reconversión da situación actual e pró relanzamento da economía galega seguindo os obxectivos expostos.

Paso a suliñar agora as actuacións que os distintos Departamentos do Goberno tencioan levar a cabo coa urxencia que as nosas intencións reclaman, medida polo mais elemental realismo que nos fai recoñecer-las dificultades pra acadar solucións inmediatas.

Se tal como dixen ó expoñe-lo modelo económico-social que enmarcará a acción do Goberno, hace prestar meirande atención ós sectores que requieren transformacións mais fondas e custosas, é evidente que teremos que adicar especiais esforzos á mellora do Sector Agrario, do que depende unha alta porcentaxe da poboación, e que está afectado por un círculo pechado de pobreza a causa da descapitalización progresiva, dos baixos rendementos, da falla de conexión con restantes sectores económicos, e do subemprego da poboación rural. Pra crebar este impeitizo da pobreza que oprime ó noso sector agrario, cómpre unha transformación da infraestrutura que hoxe couta o desenrolo do campo.

Pra iso apoiaranse en primeiro lugar as inversións levadas a cabo pola iniciativa privada prá mellora das actuais explotacións, e instrumentaranse os medios xurídicos precisos pra loitar contra o minifundio que continúa a se-la maior lacra estrutural do campo.

Potenciaremos ademais as actividades cooperativas e as organizacións agrarias que estean dispostas a asumir, co apoio do Goberno Rexional, un papel de vangarda na política de transformación da nosa agricultura.

Os obxectivos básicos a medio prazo son os seguintes:

1.— Aumento do grado de subsidiariedade da agricultura propiamente dita frente á gandería e á industria alimentaria, que ofrecen maiores posibilidades de conseguir mais altos ingresos dentro da actividade primaria.

2.— Revalorización das explotacións forestais a través do desenrolo das industrias derivadas do mesmo.

3.— Racionalización e especialización das producións agrarias galegas, e basicamente no aproveitamento de microclimas e das técnicas modernas de explotación na obtención de produtos de alta demanda e precio nos mercados nacionais e extranxeiros.

4.— Defensa dos montes e das comarcas cunhas peculiaridades agrícolas definidas, nun plan coordinado de mellora das explotacións, de defensa das denominacións de orixe, e da ecoloxía da rexión.

A Consellería correspondente apoiará estas transformacións facilitando asesoramento técnico, e apoio económico e financeiro, e deberá asegurar, a traves dos Plans Rexionais de Desenrolo e do Fondo de Compensación Interterritorial, un volume de inversión suficiente pra palia-las necesidades mais urxentes.

Pra que a política agraria sexa efectiva, vixiaremos que tódalas inversións que se fagan con participación, con cargo ou baixo a asesoría do Goberno Galego, se fagan con nidas perspectivas a medio e longo prazo, fuxindo dos intereses a curto prazo que dificultan as transformacións de fondo que tan urxentemente necesita a nosa agricultura.

Cómpre agora facer mención do sector pesqueiro e de todo o que ese mundo significa prós galegos. Coido que non é necesario lembrar ós membros desta Cámara o que en términos cualitativos e cuantitativos ven a se-la pesca pra Galicia, e baste decir que a pesares do difícil intre polo que atravesamos, a pesca galega segue sendo mais do 50% da española, e Galicia é unha das primeiras rexións pesqueiras de Europa.

Aínda que asumimos de cheo as limitacións que ten o Goberno Rexional no tratamento dalgún dos problemas que afectan ó sector, que pola súa índole se integran na complexa política internacional que cae por completo fóra das nosas competencias, a Consellería de Pesca fará o posible pra garantir ós galegos

que viven e traballan no sector pesqueiro seguranças e garantías persoais suficientes no desenrolo da actividade, e intentará ser oída en tódalas decisións que poiden afectar ó sector representando os intereses da pesca galega, calquera que sexa o nivel político ou diplomático no que teñan que desenvolverse.

Galicia dispón da mellor e meirande riqueza marisqueira de España, e ten de defende-lo gran capital que supón a calidade das súas augas fronte ós posibles impactos dunha industrialización e un crecemento insuficientemente planeado.

Coido que podemos acadar solucións xustas e xenerosas a través da participación democrática de tódolos afectados polos complexos problemas que actualmente presentan temas tales coma a regulación das vedas, o mexilón, das artes de pesca e marisqueo, a disciplina de mercado, a normativa sobor da depuracións de mariscos e demais cuestións sanitarias, do marisqueo furtivo e dun longo etcétera.

A segunda —pro non secundaria— gran tarefa do departamento de pesca, será a xestión dunha política adaptada ós intereses da pesca de baixura, así como as solucións do problema ecolóxico dos barcos arrastreiros.

Non podemos esquecer tampouco a percura de solucións ás importantes cuestións pendentes na política social deste sector pesqueiro. A regulación do réxime da Seguridade Social dos pescadores, a prevención de accidentes e enfermidades profesionais, as pensións, vacacións e descanso dos homes do mar serán outras tantas preocupacións deste Goberno relativas á actividade pesqueira.

Non podo pechar estas verbas adicadas á problemática pesqueira, sin facer unha referencia aínda que sexa breve, ás industrias relacionadas coa pesca. A Industria Conserveira está necesitada de profundas reestruturacións, e o Goberno tencioa levar adiante un plan de relanzamento das mesmas, que se asente sobor niveis de produtividade, rentabilidade e competitividade moi superiores ós actuais.

As mesmas consideracións poden facerse sobor da fabricación de fariña de pescado, de gran transcendencia namentres non se habilite unha forma diferente de recuperación de peixe azul cando non acuda o comprador en fresco.

Tamén á Industria Auxiliar Pesqueira, que está sendo gravemente afectada pola tenden-

cia á desinversión no sector e as empresas frigoríficas e conxeladoras que teremos que protexer fronte ás importacións innecesarias ou especulativas, haberá de dirixirse a urxente actuación da Xunta de Galicia.

Queda, por último, dentro do mesmo sector, facer patente a firme intención do Goberno Rexional de fomentar a investigación aplicada a tódalas facetas desta actividade económica, incrementando o número de becas, financiando traballos, congresos científicos e outras actividades semellantes en colaboración coa Universidade e demais órganos especializados co fin de dar resposta ó reto tecnolóxico ó que asistimos.

A política económica do Goberno Galego artellará a estratexia de loita contra o paro e de relanzamento do desenrolo económico, sobor da reestruturación e fomento do sector secundario.

Galicia ten necesidade dunha industria axeitada ás súas condicións físicas, económicas e sociais, e ós seus intereses.

A “Nova Industrilización” pasará necesariamente pola diversificación das súas actividades, partindo das mais achegadas ás producións primarias, tales como a industria alimentaria e as industrias auxiliares e derivadas da agricultura e da gandería.

A Consellería correspondente incentivará a creación das devanditas industrias con axudas no campo técnico, económico, fiscal, financeiro e xurídico.

Deberase tender a unha política enerxética que fomente as inversións en Galicia e dun xeito especial aquelas que se levan a cabo nas zonas mais deprimidas e que abosaban mais man de obra.

Basicamente, a política de Obras Públicas orientarase á resolución das deficiencias infraestruturais que coutan o desenrolo económico e o proceso de industrialización.

Hai que facer posible un crecemento industrial ordenado e sin estrangulamentos, como base do crecemento económico e da loita contra o paro. O mesmo tempo, as Obras Públicas servirán pra crear unha demanda adicional, da que a industria será a principal beneficiaria.

A supresión dos déficits que presenta Galicia en Obras Públicas e Urbanismo é un obxectivo posible, á vez que crea grandes ocasións práns inversións levadas a cabo por iniciativa privada, que posibilita unha eficaz loita contra o paro.

A complexa materia da ordenación territorial, na que vai incluído un enorme número de actividades, estará orientada a paliar os desequilibrios existentes entre a Galicia litoral e a interior, fin pró cal se destinarán parte dos recursos do Fondo de Compensación Interterritorial.

Tres son as finalidades básicas dos Plans de Ordenación Territorial e Obras Públicas:

1.— Ser instrumento da política de emprego, e de loita contra a emigración potenciando o desenvolvemento das zonas máis afectadas por este fenómeno.

2.— Creación de chan urbanizado e industrial, pra impedir localizacións desfavorables ou a caída da construción.

3.— Compatibiliza-lo desenvolvemento urbano e industrial coa permanencia dos asentamentos rurais e daqueles outros que xurdan polas actividades localizadas na zona interior.

Partindo da política de ordenación territorial, o Goberno que trato de formar tencioará mante-lo equilibrio ecolóxico e implementar unha política do medio ambiente.

A preocupación polo equilibrio ecolóxico debe estar presente nos programas agrícolas, pesqueiros, industriais, enerxéticos, sanitarios e restantes aspectos da actividade económica e social.

Sei que a ecoloxía require inversións que só son rentables a longo prazo, pro estamos dispostos a prestarlle gran atención, en función da irreversibilidade das agresións contra da natureza.

Son fins da política de medio ambiente:

1.— A conservación e recuperación do chan.

2.— O control da contaminación.

3.— A protección dos bosques galegos e a loita contra os incendios forestais.

Cómpre decir tamén que a conservación da paisaxe galega e a recuperación das tradicionais vivendas serán protexidas pola política xeral de medio ambiente.

Non cabe nesta intervención o facer unha análise exhaustiva dos problemas e das posibles melloras da atención sanitaria, pro coido que é posible facer unha exposición dos puntos fundamentais sobre os que xirará a política sanitaria.

Pretendemos en primeiro lugar practica-la sanidade como ben social considerándoa un dereito de tódolos cidadáns que inclúe non só as actividades asistenciais senón tamén as preventivas, rehabilitadoras e educativas,

entendendo a saúde como un estado de benestar individual e colectivo.

En segundo lugar, queremos correxir os desequilibrios territoriais que nos afectan en materia sanitaria, e que atinguen fundamentalmente á zona rural.

Coidamos que a solución deste problema só pode chegar da man dun novo sistema sanitario de estrutura descentralizada.

Dentro do campo da sanidade e da asistencia social, concedemos gran importancia ós grupos que tradicionalmente foron máis inxustamente tratados, integrados por xentes de terceira idade por xubilados e pensionistas, por minusválidos e deficientes mentais, pró que se procurará un tratamento igual ó dos restantes cidadáns que lles permita maior integración na vida social.

tundamentalmente a aqueles aspectos menos atendidos nos plans previstos polo Ministerio correspondente, e especialmente ó ensino preescolar, á formación e reconversión profesional, á formación permanente de adultos e á creación de centros pra infradotados.

A liberdade de ensino é pra nós algo máis ca unha simple declaración, e debe resolverse no apoio á iniciativa privada e á igualdade de oportunidades pra que o dereito dos pais a elixir-la educación dos seus fillos se materialice en efecto.

Galicia ten un déficit tradicional na estrutura do ensino superior, que se viu inxustamente agrandado pola política de expansión universitaria levada a cabo nos derradeiros anos, nos que practicamente se triplicaron os centros universitarios, sin que Galicia se beneficiara da devandita expansión.

Faremos serias xestións co Goberno pra creación dunha segunda Universidade en Galicia, e pra que tódalas Facultades e Escolas Superiores integren a nosa Universidad.

Pro, sobor de todo, procuraremos conecta-la Universidade coa sociedade na que se inserta, esixindo dela os servizos de investigación e cultura que debe render á comunidade.

Son consciente da importancia que pra colectividade galega ten a cultura en xeral, e a súa propia cultura en particular, entendida esta última como xeito de vida, e non coma sinxelo adubío da sociedade.

A cultura é a raigame no pasado, orientación no presente e proxección no futuro, e vén a ser unha das bases da

identidade dos pobos que xustifica o Autogoberno.

E preciso crea-las condicións necesarias pra **garantiza-la igualdade no acceso á cultura e** conseguir unha meirande participación social nos feitos culturais pra fomenta-la capacidade creadora do individuo.

Nas orixes da nosa identidade cultural está o feito de termos unha lingua propia. Nos pobos en que conviven dúas linguas, en contraste cos bens de posesión dun dobre tesouro de comunicación, soen darse situacións litixiosas. Galicia ha de saber superalas, no goce e na utilidade dos dous idiomas, abertos a inmensas largancías.

Temos que atraer ó galego ás xentes que aínda se senten alonxadas desta nosa maltreira "lingua de probes", que é a nosa meirande riqueza.

Pro falo de atraer, de fomentar, de soerguer... non de impor. Falo de **recoñece-las realidades sociais e de exalta-lo que temos de nós.** Coa seguranza de que neste Parlamento ninguén quererá amingua-las liberdades que a Constitución consagra, nin ir contra o dereito e o deber do ensino, do coñecemento, e do uso do castelán. Doutra parte, sería valdeiro o intento de quen tal quixera facer.

As competencias que a nosa Comunidade Autónoma pode asumir nestas xeiras abrirannos camiños pra unha laboría cultural que Galicia precisa con urxencia.

Temos que potencia-la cultura con accións nos seguintes campos:

1.— A conservación do noso patrimonio histórico-artístico. A cultura non podemos separa-la das súas raíces. Pro ben sei as dificultades que entraña esta defensa do noso patrimonio, inmenso, espallado, danado de cheo polos perigos que entraña a ignorancia e a preguiza. Cómpre **garantiza-la súa protección** ó fin de salvagarda-lo xeito de vida de tódolos galegos.

2.— Aproxima-la arte ó público, con accións especiais nos museos, arquivos e bibliotecas a fin de convertilos en centros de investigación e de difusión de cultura.

3.— Apoio e fomento das manifestacións artísticas, tales coma o teatro, as exposicións de artes plásticas e outras actividades **semellantes, en colaboración cos Concellos, Deputacións, Universidades e outros centros culturais.**

4.— Apoio á difusión do libro, especialmente á do libro galego, estimulando a súa lectura a través das bibliotecas públicas.

5.— Apoio ás manifestacións espontáneas de arte popular.

6.— Fomento de cantas actividades leve a cabo a iniciativa privada, ou as asociacións e institucións existentes en Galicia pra difusión cultural.

Temos, en suma, de fomenta-la lectura no fogar, coa prensa, coas edicións populares, e os préstamos de libros nunha mesta rede de **bibliotecas.** Temos de **mellora-los nosos museos, acrecenta-las exposicións, amplia-los conservatorios profesionais de música, as sociedades de concertos, os grupos de coros e danzas, os de teatro.** Temos que aproveitar ó máximo tódolos nosos valores, chamando ós estudos con becas, favorecendo as pensións **no extranxeiro, as conferencias, os coloquios, os congresos.**

Pro, quixera, sobre todo, **propoñer que dada a sobriedade dos recursos axuntémo-los esforzos e coordinemos cantas accións dispersas xurdan hoxe en Galicia:** as Fundacións, os Patronatos, a Universidade, as **Deputacións, os Institutos, as Sociedades, as Editoriais, as Igrexas...**, poden potencia-las súas accións se logran axuntarse en traballos comúns. Esta coordinación virá non só a **sumar, senón a potencia-los esforzos illados e as iniciativas espontáneas, sin afogalas.** Os poucos medios virán a dar, deste xeito, meirande rendimento.

Todo este programa cultural non será pura utopía se traballamos todos xuntos nel, por riba de canto poida arredarnos.

O sector "Servicios" está especialmente atrasado en Galicia, o que amosa unha evidente situación de subdesenrolo, ó tempo que priva á nosa economía dun motor de desenrolo cada vez mais necesario e potente na medida en que os Servicios facilitan por **unha parte o resto das actividades económicas,** e por outra son eles mesmos xeradores de recursos.

Sobor dunha declaración xeral de potenciación do sector terciario, especialmente do comercio, o turismo e os transportes, cómpre mencionar aquí os seguintes puntos:

1.— Atención á disciplina de mercado e á defensa dos consumidores, regulando con exactitude as actividades comerciais, especialmente as que se refiren ós Mercados Comarcais e Rexionais existentes en Galicia.

2.— Promoción nacional e internacional dos produtos da Agricultura, a Industria e maila Artesanía galega, a través da participación en feiras e exposicións.

3.— Ordenación do Sector Turístico e fomento das actividades tendentes a diversificar-la oferta por temporadas e a alonga-la temporada alta.

Despois de facer repetidas referencias ó grave problema da emigración galega, quero agora adicarlles un espacio propio pra suliñar que tódalas actividades económicas e sociais do Goberno Galego terán como elemento de medida da súa eficacia a capacidade progresiva de reabsorve-la man de obra emigrante asegurándolles ós emigrantes a reinsertión no noso mundo laboral.

Namentres isto non se acade, potenciáremo-la asistencia ós emigrantes e as relacións coas súas familias e a súa terra.

As comunidades asentadas fóra de Galicia, prometémolles hoxe un esforzo por integralas na vida política e económica galega, e a todos agradecemoslle especialmente a axuda que nos prestan coas remesas froito dos seus traballos.

Non sería xusto rematar un programa de Goberno Galego sin facer referencia expresa á condición da muller, que sufriu e sofre as consecuencias da emigración, que viviu soa a responsabilidades da vida familiar, que tivo que afrontar toda clase de traballos no agro, nas fábricas, nas actividades pesqueiras e no fogar, e soubo coida-los seus fillos e a súa terra, con exemplar esperanza nun mellor porvir.

Queremos que se escomeze aquí un camiño de superación de tódalas discriminacións, partindo do recoñecemento do labor da muller galega no conxunto da vida da rexión.

Se este Parlamento me outorga a súa confianza como Presidente da Xunta de Galicia, a nosa andadura autonómica atoparase perante a proba concluínte, que é a da gobernación.

Pra nós gobernar vai ser sobor de todo axudar a sacar a Galicia da súa posición pasiva e contribuír con tódalas nosas enerxías a acrece-las cotas de benestar e de xusticia do noso pobo.

Hai que recuperar desde a Autonomía o tempo perdido. Hai que ir á loita pola modernización e ó progreso en tódolos terreos e en tódolos niveis. Eses son os nosos anceios.

Por primeira vez, unha comunidade insuficientemente desenrolada, con ampla poboación emigrante, consegue o autogoberno. E sin dúbida é un experimento capital, pro un ensaio cheo de riscos que arrequexa

grandes doses de serenidade, de colaboración e de enchoio.

Esa serenidade, esa colaboración e ese entusiasmo é o que hoxe pido, con toda a solemnidade e vehemencia que me presta o intre histórico que vivimos, ós homes e mulleres de Galicia, ós seus traballadores e empresarios, ás súas agrupacións e forzas sociais, ós seus medios de comunicación, ás súas institucións culturais, ós seus Concellos e Deputacións e ás súas Señorías, Parlamentarios de Galicia, que son a súa representación mais xenuina.

Con esa serenidade, esa colaboración e ese entusiasmo de todos, imos gobernar con confianza e quero que as súas Señorías se xungan á nosa esperanza pra levarmos entre todos esa esperanza ó noso pobo.

Con esa confianza, pido o seu apoio, Sres. Deputados, pra esta obra que hoxe escomenzamos ó servizo de tódolos galegos, que é o servizo de Galicia, que é a única posibilidade de facermos o servizo a España. E hoxe, precisamente hoxe, quero terminar xa este longo discurso con estas verbas:

“Que a fogueira do espírito siga quentando as vosas vidas e que a fogueira do lume nunca deixe de quenta-los vosos fogares”.

(Aplausos).

O Señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Suspéndese a Sesión ata as once.

O Señor VAZQUEZ VAZQUEZ: Unha cuestión de orde: rogaría ó Sr. Presidente que, dentro da súa liberalidade, utilizara a autoridade da Presidencia porque, se na Sesión deste Parlamento, o público asistente vai poder mostrar adhesións ou repulsas ás intervencións dos Deputados, quere decir que, se hoxe hai aplausos, outro día pode haber abucheos ou mostras de...


O Señor PRESIDENTE PROVISIONAL: Evidentemente. Iso é unha cuestión de principio e eu non o advertín porque estaba distraído nese momento.

Suspéndese a Sesión ata as once horas de mañá, quedando convocados as señoras e señores Deputados pra dita hora.

Levántase a Sesión.

Eran as sete e vinteseis minutos da tarde.

DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

1 LEXISLATURA

Presidencia Provisional do Excmo. Sr. D. Antonio Rosón Pérez

Sesión Plenaria núm. 4

celebrada o venres, 8 de xaneiro de 1982

ORDE DO DIA (Continuación)

1. Cumprimento das Normas aprobadas pola Cámara (Diario de Sesións núm. 2, de 4 de xaneiro de 1982) en relación coa Sesión de Investidura. (Final).

SUMARIO

Reanúdase a Sesión ás once e quince minutos da mañá.

Lectura da documentación de constitución dos Grupos Parlamentarios.

Antes de entrar na Orde do Día, o Señor Presidente Provisional dá conta á Cámara dos Grupos Parlamentarios que se constituíron, e prega ó Señor Secretario que dea lectura á documentación dos mesmos. Así o fai o Señor Secretario (González Mariñas).

0 Señor Presidente manifesta que os cinco señores Deputados que non se integraron en ningún Grupo, segundo o artigo 20.5 do Regulamento do Congreso dos Deputados, pasan a forma-lo Grupo Mixto, e declara

constituídos tódolos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Continúa a Orde do Día.

Cumprimento das normas aprobadas pola Cámara (Diario de Sesións Núm. 2, de 4 de xaneiro de 1.982) en relación coa Sesión de investidura.

Páxina

52

0 Señor Presidente Provisional abre un turno de intervencións prós Grupos Parlamentarios que así 0 soliciten, en relación co discurso pronunciado polo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, Sr. Fernández Albor, que o farán na orde inversa á súa importancia numérica.

Interveñen os señores Guerreiro Careiras (Grupo Parlamentario Mixto), Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto), López Garrido (Grupo Parlamentario Mixto), Piñeiro López (Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia), Vázquez Vázquez (Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia), Iglesias Corral (Grupo Parlamentario Centrista de Galicia) e Barreiro Rivas (Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia). A seguir levántase a Sesión ás dúas e cinco da tarde.

Reanúdase a Sesión ás seis da tarde.

En ausencia do Señor Presidente Provisional, ocupa a Presidencia o Señor Vicepresidente Primeiro Provisional (Moure Mariño).

O Señor Vicepresidente Primeiro Provisional explica á Cámara a imposibilidade da asistencia do Señor Presidente Provisional por enfermidade transitoria, e concede a palabra ó Candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, Sr. Fernández Albor.

A continuación o Señor Candidato á Presidencia da Xunta, Sr. Fernández Albor, fai unha sentida referencia á obrigada ausencia do Señor Presidente Provisional, facendo votos pola súa pronta recuperación, e responde ás intervencións dos intervinientes polos distintos Grupos Parlamentarios.

En turno de réplica interveñen os señores Guerreiro Carreiras (Grupo Parlamentario Mixto), Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto), López Garrido (Grupo Parlamentario Mixto), Piñeiro López (Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia), Vázquez Vázquez (Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia), Iglesias Corral (Grupo Parlamentario Centrista de Galicia) e Barreiro Rivas (Grupo Parlamentario de Alianza Popular).

Por alusións intervén o señor Guerreiro Carreiras.

Finalmente, fai uso da palabra o señor Fernández Albor, que fai un chamamento á colaboración de todos, e invítaos á posta en marcha da Autonomía.

Desenrolo da votación nominal.

O Señor Vicepresidente Primeiro Provisional (Moure Mariño) comunica á Cámara que o resultado da votación é o seguinte: Votos emitidos 70; a favor, 52; en contra, 17; abstención, 1. Estivo un señor Deputado ausente. En consecuencia, o Parlamento

Galego, polo voto da maioría absoluta dos seus membros, outorga a súa confianza ó Candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, D. Xerardo Fernández Albor.

O Señor Vicepresidente Primeiro Provisional (Moure Mariño) antes de levanta-la Sesión pronuncia unhas palabras expresivas do sentir da Mesa pola ausencia do Señor Presidente Provisional, Sr. Rosón, e de ledicia pola proclamación do Candidato.

Levántase a Sesión.

Eran as sete e trinta minutos da tarde.

Abrese a Sesión ás once e quince minutos da mañá.

LECTURA DA DOCUMENTACION DE CONSTITUCION DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Señores e Señoras Deputados. Reanúdase a Sesión.

A Mesa do Parlamento antes de proseguir-lo debate, dá conta de ter recibida a documentación requerida de constitución dos Grupos Parlamentarios seguintes: Grupo Socialistas de Galicia, Grupo Centrista de Galicia - UCD, Grupo de Alianza Popular de Galicia.

Rogo ó Sr. Secretario dea lectura á documentación referida.

O Sr. SECRETARIO (González Mariñas): Partido Socialista de Galicia-PSOE.

En cumprimento co disposto nas Normas Provisionais regulamentarias da Cámara sobre a formación dos Grupos Parlamentarios, teño o honor de comunicar á V.E., ós efectos pertinentes, que o Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia estará constituído polos Señores Parlamentarios que se relacionan a continuación:

- D. Francisco González Amadiós.
- D. Francisco Vázquez Vázquez.
- D. Manuel Ceferino Díaz Díaz.
- D. Benito García Dorgambide.
- D. Antonio Carro Fernández-Valmayor.
- D. Miguel Barros Puente.
- D. Juan Manuel Iglesias Rivera.
- D. Manuel Couce Pereiro.
- D. Fernando Martínez González.
- D. Antonio Gato Soengas.
- D. Xerardo Estévez Fernández.
- D. Ramón Félix Blanco Gómez.

Todos eles militantes do Partido dos Socialistas de Galicia.

E por:

- D. Ramón Piñeiro López.
- D. Carlos Casares Mouriño.
- D. Alfredo Conde Cid.
- D. Benjamín Casal Vila.

Todos eles en calidade de galeguistas independentes.

Todo o que traslado á V.E. ós efectos oportunos.

Santiago, a 5 de Xaneiro de 1982.

En cumprimento co disposto nas Normas Provisionais regulamentarias da Cámara, teño o honor de comunicar á V.E., ós efectos pertinentes, que a permanente do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia queda constituída polos Señores Parlamentarios que se relacionan a continuación.

- D. Manuel Ceferino Díaz Díaz, Portavoz.
- D. Benito García Dorgambide, Secretario Xeral.
- D. Antonio Carro Fernández-Valmayor, Secretario Xeral Adxunto.

Unión de Centro Democrático de Galicia.

Pongo en conocimiento de V.E., a los efectos previstos en las Normas Provisionales aprobadas por el Parlamento de Galicia, que se ha constituido el Grupo Centrista de Galicia-UCD formado por los venticuatro Diputados que se reseñan, habiendo sido elegidos Presidente Ejecutivo, D. José Quiroga Suárez, y Portavoces, D. Francisco Javier Suárez-Vence y D. José María Pardo Montero.

Integran el Grupo Centrista de Galicia-UCD los siguientes Diputados:

- D. Manuel Iglesias Corral.
- D. Pablo González Mariñas.
- D. José Castro Suárez.
- D. Fernando García Agudín.
- D. Antonio Olives Quintás.
- D. Antonio Rosón Pérez.
- D. José María Pardo Montero.
- Dña. Flora Veiga Aldariz.
- D. Víctor Manuel Vázquez Portomeñe.
- D. Angel Rodríguez Vázquez.
- D. Maximino Pérez Hortas.
- D. José Quiroga Suárez.
- D. Senén Bernárdez Alvarez.
- D. José Lage Lage.
- D. Santos Oujo Bello.
- D. José Pedro Moreno González.

- D. Aurelio Miras Portugal.
- D. José Romero Becerra.
- D. Francisco Javier Suárez-Vence Santiso.
- D. Gerardo González Martín.
- Dña. Emma González Bermello.
- D. José Carlos Mella Villar.
- D. Miguel Piñeiro Sánchez.
- D. Ramón Lareo López.

Alianza Popular de Galicia.

En cumprimento da Norma Segunda das aprobadas polo Parlamento de Galicia en Sesión Plenaria de 4 de xaneiro de 1982, comunico á V.E. a constitución do Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia, o Portavoz do cal será D. José Luis Barreiro Rivas —que suscribe— e quedando nomeado como Portavoz Sustituto, D. José Carlos Rodríguez González. Adxúntase relación nominal firmada polos 26 Sres. Deputados integrantes deste Grupo Parlamentario, ós efectos legais oportunos.

Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia.

De acordo co establecido nas Normas de desenrolo das Provisionais de 19 de decembro de 1981, aprobadas polo Parlamento de Galicia en Sesión de 4 de xaneiro de 1982, os Deputados de Alianza Popular de Galicia constitúense en Grupo Parlamentario. Este Grupo Parlamentario, que se denominará de Alianza Popular de Galicia, estará integrado por vinteseis membros que se relacionan seguidamente. (Firman os Sres. Deputados de acordo co establecido nas devanditas Normas).

- D. Gerardo Fernández Albor.
- D. José González Dopeso.
- D. Ramón de Vicente Vázquez.
- D. Ramón Castromil Ventureira.
- D. Juan Carreira Gómez.
- D. Ricardo Pérez Queiruga.
- D. Juan Luis Pía Martínez.
- D. Manuel Eiris Cabezas.
- D. Manuel Morán Morán.
- D. Adolfo Abel Vilela.
- D. Pablo Moure Mariño.
- D. Jesús Gayoso Rey.
- D. José Ramón Cociña García.
- D. Antonio Varela Alvarez.
- D. Manuel Angel Villanueva Cendón.
- Dña. María del Carmen Lovelle Alén.
- D. José Carlos Rodríguez González.
- D. José Luis García Casanovas.
- D. Tomás Pérez Vidal.
- D. José Luis Barreiro Rivas.

D. Julián Martínez Larrán.
 D. Marcelino Rajoy Brey.
 D. Ramón Taboada Soto.
 D. Benito Iglesias Cacicedo.
 D. José Luis Alonso Riego.
 D. Antonio Sangiao Pumar.

O Sr. Presidente Provisional:

Moitas gracias. Quedan sin adscribir cinco Deputados, que de acordo co que di o artigo 20.5 do Regulamento do Congreso, quedan adscritos automaticamente ó Grupo Mixto. E, deste xeito, se lle parece ó Pleno, decláranse constituídos os Grupos Parlamentarios do noso Parlamento.

CUMPRIMENTO DAS NORMAS APROBADAS POLA CAMARA EN RELACION COA SESION DE INVESTIDURA.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Proseguindo agora o debate da Sesión de Investidura, a Presidencia, dando cumprimento á Norma Terceira das aprobadas polo Pleno, invita ós Grupos Parlamentarios a solicitar —os que o desexen— ter intervención no debate, que se desenvolverá de acordo coa Orde e no tempo previstos.

Polo Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia, D. José Luís Barreiro; polo Grupo Parlamentario Centrista de Galicia —UCD, D. Manuel Iglesias Corral; polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia—PSOE, D. Ramón Piñeiro e D. Francisco Vázquez; polo Grupo Parlamentario Mixto, D. Anxel Guerreiro, D. Camilo Nogueira e D. Claudio López Garrido.

Entón, seguindo a Orde establecida, empezando polo Grupo Mixto, pode facer uso da palabra D. Anxel Guerreiro.

Tamén lle recordo ó Sr. Deputado que, segundo está previsto, o tempo é de dez minutos.

O Sr. GUERREIRO CARREIRAS: Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, espero que comprendan que a maioría dos meus xuícios terán que ser esquemáticos necesariamente pola imposición imperativa do tempo do que dispoño.

O Partido Comunista de Galicia, non vai outorga-la confianza solicitada polo Sr. Candidato á Presidencia da Xunta de Galicia. Quero aclarar aquí que xa o noso Partido, na consulta parlamentaria regulamentaria feita polo Presidente do Parlamento, non deu o seu visto

bo a que fose proclamado o Sr. Fernández Albor como candidato á Presidencia da Xunta neste debate Parlamentario.

Esta negativa a outorga-la nosa confianza ó Sr. Candidato baséase en tres razóns fundamentais: a primeira delas é o Programa que onte nos presentou o Sr. Candidato á Presidencia; a segunda delas, de carácter político moi importante, é a traxectoria que ata hoxe ten sulcado Alianza Popular; e en terceiro lugar, o feito —moi importante esta última— de que nós estimamos que non é inevitable que Alianza Popular forme Goberno, porque hai outras posibilidades nesta Cámara. Por estas tres razóns, empezarei por estas últimas e terminarei referíndome ó programa, o noso Partido —insisto— vai nega-la súa confianza ó Sr. Fernández Albor sin que iso implique, naturalmente, nada persoal co Sr. Candidato.

Creo que somos todos conscientes de que estamos nunha situación política moi delicada, que a democracia española está atravesando momentos de agresión e de cerco moi importantes, que temos un reto moi serio, o da crise económica moi profunda que temos ante nós, e este Parlamento e o futuro Goberno Galego teñen ante si a tarefa fundamental constituínte da Autonomía de Galicia. Tarefa fundamental constituínte que entre outras cousas implicará o poñer en pé unha Administración Pública eficaz, que implicará o pleno desenrolo lexislativo do Estatuto, e que implicará unha difícil e complexa loita polas competencias pra dotar á Comunidade Autónoma de auténtico poder político, de auténtica capacidade de autogoberno.

E finalmente, estamos marcados por outros retos ineludibles como é a entrada de España no Mercado Común e o que iso representará pra Galicia. Situación política, período constituínte da Autonomía, crise económica e Mercado Común son retos moi serios, os cales nós pensamos que Alianza Popular é incapaz de abordar seriamente. E é incapaz porque Alianza Popular, independentemente dos bos desexos do Señor Candidato e de certas afirmacións que se fan no seu discurso de onte, a súa traxectoria autonomista, necesaria pra poñer en pé un poder autónomo, ó meu xuício, non existe. E non existe, non só no discurso do Señor Candidato, porque o Partido de Alianza Popular, o seu máximo lider, D. Manuel Fraga, non perde ocasión pra decir que hai que

reforma-lo Título Oitavo da Constitución, e di que hai que reformalo, hai que ser claros, nun senso restritivo, non autonomista. E non perde ocasión pra decir que hai que reforma-lo Artigo 2 da Constitución, onde se sinala que Galicia é unha Nacionalidade Histórica, e eu non entendo por qué o señor Candidato, se ten esa vocación autonomista e galega, ó amparo da Constitución, sin viola-la Constitución, non utiliza nin unha soa vez a palabra Nacionalidade ou Nación no seu discurso de Investidura. Porque esa denominación é un logro histórico dos pobos de España, recoñecidos e amparados pola nosa Constitución no artigo 2 que, insisto, sempre quere reforma-lo Sr. Fraga Iribarne.

E, noutros temas sobre a situación política, sobre o compromiso democrático do Sr. Fraga —que eu celebro— non obstante, hai que decir que o Sr. Fraga e Alianza Popular non é o Partido que mais se distingue, precisamente, pola súa combatividade, pola súa posición fronte ós intentos golpistas, ós intentos involucionistas que se dan neste país. Non digo que os avale, naturalmente, enténdanme vostedes ben, digo que non se caracteriza polo seu rigor, pola súa combatividade fronte a eses intentos golpistas que ameazan á democracia española. Polo tanto, a formación dun goberno de Alianza Popular non é unha garantía autonomista, é todo o contrario, pro ademais será un debilitamento da fráxil democracia española fronte ós que intentan acorralala, liquidala, por un proceso involucionista. Por iso, o goberno de Alianza Popular é o peor goberno que pode saír desta Cámara, e nesta Cámara pódense formar outros gobernos. Xa sei que algún Deputado, algunha das Súas Señorías poderá decir se o Partido Comunista de Galicia está propoñendo algo antidemocrático, e non é certo.

Por exemplo, en Alemania Federal, en Italia e noutros Parlamentos, gobernan coalicións e partidos que non son a minoría mais cualificada. Polo tanto, con lexitimidade democrática, coa experiencia de funcionamento doutros Parlamentos democráticos, desta Cámara poidera e debera de xurdir outro Goberno que deixara fóra del a Alianza Popular pra aborda-los retos políticos, económicos e sociais que a Autonomía e a situación política española demandan de nós, demandan do Parlamento Galego e das forzas consecuentemente autonomistas.

Eu non entendo cómo as forzas que, podendo facer este goberno, deixan que governe

Alianza Popular, e mañá cando a xestión de Alianza Popular nos leve ó desastre, nós, os comunistas galegos, aseguraremos ante a opinión pública e aseguramos ante esta Cámara, que tamén lles pediremos responsabilidades a quen podendo evitar que governe contra a Autonomía sin compromiso pleno democrático o deixe gobernar poidendo gobernar eles.

Finalmente, quero decir neste punto que sería moi importante que o Sr. Candidato, no turno de respostas, se o ten a ben, nos dixera con quen pensa gobernar nesta Cámara. Porque evidentemente non é a maioría absoluta, e é de transparencia democrática que a esta Cámara e á opinión pública, nos diga, saiba, a través da súa voz, con quen pensa gobernar Alianza Popular. Con quen, porque lles faltan dez votos pra te-la maioría absoluta. Insisto, é unha cousa que non se pode deixar a marxe, que non se pode facer sobre ela unha cortina de fume, esta Cámara e, sobre todo, a opinión pública, ten que saber con quen vai gobernar Alianza Popular. Porque senón, ademais de ser un goberno, ó meu xuício, non autonomista, sería un goberno inestable, razón de mais pra lle negar esta investidura a nosa confianza.

Pasando ó tema do programa, coa limitación de tempo que vostedes excusarán, eu tiven a impresión onte, ó escoitar ó Sr. Candidato, de que non estabamos na Sesión de Investidura senón no último acto electoral da campaña de Alianza Popular do 20 de outubro. Pro eu quero decir que esa campaña xa acabou, Sr. Candidato. Non facía falta repetir un discurso electoral do 20 de outubro. O discurso que fai Alianza Popular pra solicita-la confianza é pura e simplemente un discurso electoral. E nas escasas ocasións en que o Sr. Candidato, no seu discurso, marca algunha liña de actuación, quero decir que estou en profundo desacordo con esas liñas que se marcan, nos casos, escasísimos, en que iso se fai. Esta declaración, este discurso do Señor Candidato, ó meu xuício, é unha mera declaración de intencións, no mellor dos casos, e, polo tanto non hai ningún compromiso político que poida seguir, controlar esta Cámara nin a opinión pública.

Nalgúns aspectos dese Programa, as nosas diferencias son fundamentais, e ademais queremos plantexar algunhas lagoas moi importantes que nin siquera se nomean nese Programa.

En primeiro lugar, estamos profundamente

extrañados, eu diría case indignados, se me permiten, que nun país como é Galicia, xa con 140.000 parados neste momento, non haxa unha mínima estratexia de combate do paro. E iso é particularmente mais grave cando neste momento existen instrumentos xa postos en pé, que, sin ser todo o que nós quixeramos, son unha parte moi importante da loita contra o desemprego. Por exemplo o Acuerdo Nacional de Empleo. Se a Xunta de Galicia e este Parlamento non tomamos medidas, sobre ese Acuerdo Nacional de Empleo e as previsións de creación de mais de 300.000 postos de traballo, estou convencido que nin un só se creará en Galicia. Porque, Señorías, o paro afecta a todo o Estado Español, e alí onde haxa maior presión, maior capacidade e unidade pra reclamar esas inversións e a creación deses postos de traballo, alí se irán esas inversións e eses postos de traballo. Polo tanto, ante esa lagoa, ante esa deficiencia, ante esa carencia incomprendible, o Partido Comunista de Galicia anuncia que traerá a esta Cámara unha moción sobre o problema da rexionalización económica do ANE, pra que as forzas políticas deste Parlamento, e pra que a Xunta de Galicia, trala votación desa Moción, tomen as medidas necesarias, xa que carece de estratexia de emprego, no seu Programa, o Señor Candidato a Presidente do Goberno.

En segundo lugar, está o tema de que a crise económica en Galicia que, ademais de ser unha crise sectorial, ten fortes impactos comarcais. E o artigo 30 do Estatuto dota, precisamente, de competencia exclusiva na elaboración de Plans Comarcais de resposta á crise económica, comarcas que se están deprimindo radicalmente, que son a base fundamental pró despegue económico que promete, en palabras literarias o Sr. Candidato, e así a comarca de Vigo, a comarca do Ferrol, de Ourense ou da Coruña están nunha situación moi difícil. E é incomprendible que nunha política, que nun discurso de Investidura, non se toque e non se faga un compromiso claro, de resposta comarcal á crise e ás liñas de actuación de resposta a esa crise. Polo tanto, no tema do ANE, no tema do emprego, na liña que propón Comisións Obreiras, o sindicato de Comisións Obreiras, e na resposta comarcal á crise, o Partido Comunista de Galicia, presentarán a esta Cámara dúas Mocions, pra que a carencia que ten ese programa a subsane posteriormente a Cámara, obrigando ó Goberno a tomar iniciativas nun importante sector, nunha importante dimensión política como é esta.

Sobre a política económica, naturalmente hai unha filosofía de fondo que, naturalmente, nós non compartimos, e é que todo se basea na iniciativa privada. Enténdanme vostedes que eu non me opoño á inversión privada nin á iniciativa privada. Non digo, insisto, que me opoña nin á inversión nin á iniciativa privada. O que está claro, e o Sr. Candidato deberea de saber, é que mesmo nos anos das vacas gordas, nos anos 60, a iniciativa privada non creou postos de traballo en Galicia, nesa década perdéronse mais postos de traballo dos que se crearon, e só o sector público, nun país subdesenrolado como é Galicia, pode ser tamén o motor prá iniciativa privada, pra que haxa inversión privada. Polo tanto, esa filosofía nós non a compartimos, e o que pensamos é que o que se propón como filosofía non vai se-la creación e inversión privada; pódese crear unha situación de negocios especulativos mais ca un arranque económico que a iniciativa privada, por si soa, enténdanme vostedes, e menos no caso de Galicia, ten demostrado que non arrancará.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Recórdolle ó Sr. Deputado que está pasando o seu tempo.

O Sr. GUERREIRO CARREIRAS: Permítame Vde. un par de minutos mais coa súa acostumada xenerosidade, e termino.

Sobre o problema da enerxía, asústanos realmente que se fale da promoción de todo tipo de empresas e de proxectos enerxéticos sin especificar cales.

Non sei se o Sr. Presidente se refire á enerxía nuclear e á central de Xove, e nós non queremos traer aquí un debate abstracto sobre a enerxía nuclear, se si ou non á enerxía nuclear, que sería outra cuestión. O que si lle pedimos ó Sr. Candidato, se ten a ben, é que se defina se está ou non pola enerxía nuclear en Galicia cos recursos enerxéticos que ten a nosa nación, e en concreto a central nuclear de Xove. Porque iso sería importante aclaralo pra que non nos pase o que está pasando coa central nuclear de Lemóniz no País Vasco no seu día, que logo é irremediable, con tódolos custos políticos, sociais e económicos que iso conleva.

Sobre as competencias, naturalmente, eu creo que o Sr. Presidente debe de traer, se sae elexido, a esta Cámara, o compromiso de que houbera un debate sobre o actual nivel de competencias que ten a Xunta, e cal vai se-la

estratexia negociadora da Xunta de Galicia das futuras competencias. Eu creo que pra iso non chega cunha declaración e unha afirmación formal, fai falla un debate en profundidade do Parlamento sobre a estratexia negociadora que, polos exemplos que temos de Cataluña e do País Vasco, é complexa, é complicada e é dura. E se o Sr. Presidente, ou Sr. Candidato, non recolle esta proposta, o Partido Comunista de Galicia traerá á Cámara unha interpelación pra que o Goberno elixido fixera un debate sobre a estratexia das competencias. E neste punto das competencias, extráñame que o Sr. Candidato non fale das competencias das Deputacións, e cal vai se-la estratexia da Xunta sobre as competencias das Deputacións Provinciais, que ademais que a anterior Xunta de Galicia, unha anterior Xunta da preautonomía tiña negociado e suscrito coas Deputacións, aínda que iso non se cumpriu, un traspaso de competencias claro e neto, aínda que as Deputacións se negaron a cumprir ese compromiso. Sería moi importante, ó falar, da Administración Pública Galega, que o Sr. Candidato nos dixera cal é a súa política respecto ás Deputacións.

Finalmente, se me permite o Sr. Presidente, dúas cousas telegraficamente.

O primeiro é que dentro seguramente dunhas semanas, meses, se non semanas, vaíse discutir no Parlamento Español, a LOAPA. Como Vds. saben, pode condicionar gravemente o nivel de autogoberno e, mesmo as declaracións de intención que fai o Sr. Presidente no seu discurso. Polo tanto, se o Sr. Presidente non recolle o compromiso de discutir-lo tema da LOAPA neste Parlamento e o compromiso de que comparecermos (a Comunidade Autónoma Galega) no proceso de enmendadas, e no proceso legislativo no Parlamento español conforme á plena salvagarda do noso Estatuto de Autonomía, que ó meu xuício se ve naturalmente ameazado pola LOAPA, tamán o Partido Comunista de Galicia neste tema traerá unha moción pra que esa carencia do programa sexa recollida por este Parlamento.

E, finalmente, un tema que é o tema da OTAN. Non se alarmen, non traio eu aquí a discusión se España debe de entrar ou non na OTAN. O que si traio eu aquí é discusión, e que non son especulacións comunistas, é o documento oficial do comité militar da OTAN

reunido en Ankara no cal se reserva a Galicia a sede dunha importante base, dunha importante cabeza de ponte trasatlántico pró desembarco das tropas norteamericanas pra un posible teatro de operacións en Europa Central. Nesas condicións, insisto, non se trata de discutir aquí se España entra na OTAN ou non, senón que este Parlamento se comprometa a que no territorio galego, non vai haber ningunha base militar extranxeira. Tamén o Sr. Presidente ou o Sr. Candidato non o recolle, evidentemente, o Partido Comunista de Galicia traerá a esta Cámara unha moción pra que a Cámara se defina a ese respecto.

Teño outras cousas que decir, obviamente; sinto non ter mais tempo. Acabo decindo que, naturalmente, esas carencias fundamentais como as da lingua, as do ensino, a falla de estratexia agraria e gandeira, etc., a falla de provisión sobre a lingua e sobre a cultura galega en serio, sobre a normalización da lingua, son outros tantos problemas nos que naturalmente non coincidimos, pro sobre todo as carencias ditas obrígnanos naturalmente, ante a falta de previsión do tan cacarexado, do tan promocionado, pro inexistente programa de Goberno de Alianza Popular, a non da-lo noso apoio, a nosa confianza, ó Sr. Candidato a Presidente Moitas gracias.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: O Sr. Nogueira, D. Camilo, pode facer uso da palabra.

O Sr. NOGUEIRA ROMAN: Sr. Presidente, Señores e Señoras Deputados, non é preciso que me extenda moito tempo en explicar como nós non outorgaremos a nosa confianza ó Candidato a Presidente de Galicia de Alianza Popular como nunca o outorgaremos a ningún candidato da dereita e moito menos da dereita centralista. Despois, e antes de comenza-lo meu Parlamento, quixera recordar que estamos no ano xubilar en Galicia, que comenza o autogoberno, e en busca da pacificación nacional en Galicia, o noso partido solicita, e así presentará unha resolución, do Parlamento Galego, que á súa vez pida ó Goberno Central unha amnistía prós nacionalistas galegos presos por delito de intencionalidade ou suposta intencionalidade política; repito: en busca da pacificación de Galicia e da concordia entre tódolos galegos.

Se os hábitos parlamentarios o permitiran, eu preferiría iniciar un diálogo co Candidato de

Alianza Popular á Presidencia de Galicia. Iniciaría este diálogo preguntándolle: Sr. Candidato a Presidente de Galicia, ¿acepta a Galicia como nacionalidade, tal como o recoñece o noso Estatuto de Autonomía?, Sr. Candidato á Presidencia de Galicia. ¿está ou non de acordo coa Lei Orgánica de Armonización do Proceso Autonómico?, isto é, ¿está de acordo co Partido que está en frente, ou co Partido que está á súa dereita en admitir esta Lei desvirtuadora da autonomía política de Galicia?. Sr. Candidato a Presidente de Galicia, ¿cre, como Castelao, en frase afortunada que onte pronunciou, que “son os galegos os únicos capaces de darlle luz á súa noite, pan ás súas demandas e dignidade á súa vida”?, ¿cre efectivamente nesta frase?. Sr. Candidato á Presidencia de Galicia, ¿qué intereses reais están detrás da súa insistencia inaxeitada nas virtudes pra Galicia da iniciativa privada?. Se fose posible este diálogo, ficarían de manifesto, iso creo, as causas últimas das graves contradicións e carencias do seu programa de goberno e, mesmo, explicariámonos evidentes deficiencias técnicas do mesmo; mais non podemos dialogar socraticamente, qué lle imos facer, e polo tanto limitareime, lamentándoo moito, limitareime a facer unha crítica do seu programa.

Empezarei en todo caso decindo os aspectos relativamente positivos do programa. E positivo pra nós que sexa un intento de programa rexionalista, un intento de abranxelo conxunto da realidade galega. Agradecemos, evidentemente, que sexa dito en galego. E o Sr. Candidato á Presidencia de Galicia recorda, supoño, problemas habidos nos anos 60 (habendo, en Madrid, certos Ministros) con empresas editorais e co uso do galego na nosa terra. E positivo que prefigure algo mellor có inefable e escandaloso abandono e desinterés que sufrimos recentemente.

O programa é un intento de programa rexionalista, en todo caso. Ignora ou agocha os mecanismos de poder político, económico e cultural que explican a pobreza, o desacougo, o alleamento do noso pobo, da nosa nación. mesmo un programa que ignora o que ten Galicia de mais moderno e progresivo. O programa non é un programa de reconstrución nacional, non asome a realidade do Estatuto, nin se enfrenta cos graves problemas da súa aplicación efectiva fronte ó poder central, ignora a crise e as mutacións económicas que vivimos, está ó servicio de intereses e ideoloxías conservadoras, sin base na situación real e nas

necesidades de Galicia, dá un pobrísimo tratamento ós servicios, non contempla sectores decisivos do noso pobo no horizonte da transformación social (como é realmente a muller, a mocidade), non expón —nin en conxunto, nin pormenorizadamente— o contido e o nivel do presuposto ou cálculo de gastos pró próximo exercicio de 1982. O Programa non é un Programa de reconstrución nacional.

Sr. Candidato a Presidente de Galicia: a cuestión nacional non é unha cuestión accesorria. Unicamente concebindo a Galicia como un todo, como unha Nación, é posible facer un verdadeiro Programa de Goberno. Sería preciso contemplar como un todo interrelacionado a creación dunha economía autocentrada, a normalización lingüística e cultural de Galicia, a institucionalización política ó servicio deses dous conceptos anteriores, e mesmo, é preciso contemplar a Galicia como unha entidade nacional, e non como un ente local.

E preciso crear unha economía autocentrada, propondo obxectivos colectivos, absolutamente ausente do seu Programa, propondo ou decindo onde están os centros de acumulación e de control dos recursos financeiros e outros cos que temos que contar en Galicia. E preciso dicir cales son os órganos de planificación e decisión económica que necesitamos. E preciso dicir que é necesario incrementa-la capacidade cultural e tecnolóxica da nosa xente. E preciso dicir que hai que crear unha estrutura económica contando cun núcleo baseado nos recursos propios, coa integración da nosa economía e mesmo coa creación dun mercado interno. Nada disto está presente no seu Programa.

O seu Programa non contempla, realmente, a normalización lingüística e cultural de Galicia, non contempla o galego, aínda que hai unha mención que eu quixera entender neste sentido, —cando di que o galego ten enfrente unha largancia—, non contempla o galego como lingua universal, que igual co castelán, pertence a unha lingua de carácter universal falada en tódalas partes do mundo a través da súa pertenza á familia lingüística, como norma diferenciada, galego-portuguesa-brasileiro-africana. E recordo, ante as súas Señorías, que o Estado Español conta non cunha lingua universal no seu seo, conta con dúas linguas universais. Se o galego fose simplemente unha lingua nacional galega, sin que fose falada en ningunha outra parte do mundo, defenderíámola coa mesma enerxía; pro é que ademais, no Estado Español, a través de Gali-

cia, fálase non unha soa lingua universal, como o castelán, senón dúas linguas universais, como tal é o galego, porque é esa lingua universal que citei unha lingua que naceu entre Ortegal e Douro. En cambio, fronte a isto, o Candidato fainos unha certa ameaza respecto do castelán, e mesmo esixe no seu Programa o deber de coñece-lo castelán, pro non esixe nunca no seu Programa o deber, como corresponde na nosa Nación, de coñece-lo galego.

O Programa, polo tanto, ó non contemplar a Galicia como unha Nación, non contempla tampouco a institucionalización política. Non di qué órganos de goberno vai instituír, non di qué institucións económicas, culturais e sociais, son precisas pra esta nova etapa que se abre pra Galicia; non di, tampouco, que tódalas institucións políticas que se creen en Galicia serán institucións políticas arrincadas ó poder central, ó poder político, económico e cultural central. Non se van arrincar docemente. Neste sentido, Esquerda Galega presentará nos próximos días, no intento de abrir un debate sobre estas cuestións, un plan de traballo legislativo pró Parlamento Galego, pró ano 82.

Por fin, no Programa non se contempla a Galicia como unha entidade nacional. E dicir, como unha entidade que ten que estar presente en todo o mundo, preocupada de tódolos problemas de tipo político, e como unha entidade que ten que exercer unha autoridade política e moral, con independencia das competencias de autogoberno que neste momento teñamos co Estatuto de Autonomía, sobre toda a vida da Nación Galega, co respecto, —evidentemente— absoluto, á democracia. Non é, polo tanto, indiferente contemplar ou non a Galicia como unha Nación, e non se resolve a cuestión propondo un morno rexionalismo, supostamente herdeiro de Brañas, que non o é, porque Brañas, xa no seu tempo chegaba moito mais alá. E sin contemplar a Galicia como unha Nación non se poden resolve-los nosos problemas.

O Programa non asome a realidade do Estatuto nin se enfrenta ós graves problemas da súa aplicación efectiva fronte ó poder central.

O señor Presidente Provisional:

Permítome recordarlle ó Sr. Deputado que se lle agotou o tempo...

O Sr. NOGUEIRA ROMAN: Sr. Presidente, abusando da súa benevolencia, farei uso do precedente do Partido Comunista de

Galicia e, polo tanto, creo que me restan cinco minutos.

E, en primeiro lugar, non asome a realidade do Estatuto polo seguinte: Non se define o Sr. Candidato respecto a LOAPA, e nós quixeramos que se definira, fronte ós Partidos que a firmaron (UCD e PSOE). Porque a LOAPA nega, pura e simplemente, a autonomía política de Galicia, sin paliativos. A LOAPA pretende armoniza-lo que non se pode armonizar, porque na Constitución Española non se di pr nada que haxa que armoniza-los Estatutos, e non sepode facer ningunha Lei Orgánica que non este presente na Constitución. A LOAPA dá preeminencia ó dereito estatal mesmo nas competencias exclusivas pra Galicia, e iso é negar absolutamente a autonomía política de Galicia. A LOAPA pretende crear un poder paralelo nas Deputacións, mesmo pretende que as transferencias de competencias a Galicia se fagan, algunhas delas, directamente ás Deputacións, ignorando o poder autonómico de Galicia. A LOAPA mesmo pretende entrar na soberanía galega, na formulación do tempo das súas eleccións.

Quixera que o Sr. Candidato se definira tamén sobre o Fondo de Compensación Interterritorial. Porque o Fondo de Compensación Interterritorial, que está omnipresente no seu discurso, onde e mesmo definido como a figura mais importante a medio e longo prazo prá financiación dos proxectos rexionais de desenrolo, o Fondo de Compensación Interterritorial, tal como está establecido nos pactos autonómicos é un instrumento de redistribución da riqueza convertido en instrumento do centralismo, valeira absolutamente de contido o Estatuto de Autonomía, porque di cómo cuestións como a infraestrutura, as obras públicas, os regadíos, a vivenda, o equipamento social, teñen que contar co acordo do Estado, mesmo temos que facer programas que estean aprobados polo Estado Central. E isto é pura e simplemente nega-lo Estatuto de Autonomía.

Teño que pasar evidentemente, Señor Candidato, por alto moitas das cuestións que puidera dicir. Voume centrar finalmente en dicir que o seu Programa ignora a realidade da crise, das mutacións económicas que vivimos, é pobrísimo no estudio das necesidades da nosa industria, da nosa agricultura e da nosa pesca, —practicamente non hai ningunha mención que teña interés—, non contempla necesidades de revaloriza-los nosos recursos naturais, non

contempla a presenza nos sectores de futuro, non contempla a defensa e a adecuación da industria existente..., non crea, polo tanto, o marco institucional a través dun sector público pra promover unha adecuación da nosa economía ás mutacións que vivimos.

O Programa está ó servizo de intereses conservadores, ideoloxía sin base na situación real de Galicia, ó defender continuamente a iniciativa privada; ten, como dixen antes, un pobrísimo tratamento dos servizos, precisamente nun momento en que os servizos deberán pasar ó primeiro plano tanto polo feito da Autonomía como polo feito das mutacións económicas que antes mencionamos.

Por fin, o Programa non contempla un presuposto, e sin presuposto non hai Autonomía. No presuposto está condensado e cifrado o programa e as verdadeiras intencións de Goberno, e Esquerda Galega cre que o presuposto do próximo ano non pode baixar, se realmente queremos comenzar con bo pé a Autonomía, de cincuenta mil millóns de pesetas, e o Señor Presidente de Galicia, o Señor Candidato, sabe o cambio que supón respecto das cativas realizacións da anterior Xunta de Galicia.

Termino, Sr. Presidente do Parlamento Galego, decindo que vivimos un momento crítico de cambio económico, cultural e político. Depende en grande medida de nós que a modernización económica signifique liberdade, progreso e auténtico desenvolvemento tecnolóxico e cultural e non monoplicación oligárquica da vida económica, dependencia e explotación. Depende de nós que o cambio cultural non sexa sinónimo de castelanización, senón de normalización da nosa lingua e da nosa cultura. Depende de nós que a Autonomía e a democracia recién conquistadas non sexan de novo frustradas, senón valoradas, profundizadas e defendidas como parte e instrumento dun futuro de xusticia, liberdade e benestar pra todo o pobo galego.

Os momentos de crise, Señoritas e Señores Deputados, non son só causa de dificultades, senón tamén ocasión de anovamento histórico, momento de esperanza. Pra nós, as mulleres e homes de Esquerda Galega, a solución de futuro está na democracia; democracia fronte a opresión como forma de convivencia, como obxectivo socialista, como práctica da soberanía nacional de Galicia. Un futuro e unha convivencia democrática...

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Sr. Nogueira, leva mais de dez minutos.

O Sr. NOGUEIRA ROMAN: Perdón, Sr. Presidente. E preciso, Sras. e Sres. Deputados, crear polo tanto condicións humanas en Galicia pra facer posible o ser humano. Moitas grazas.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: O Sr. López Garrido pode facer uso da palabra.

O Sr. LOPEZ GARRIDO: Sr Presidente, Señoritas e Señores Deputados, desde a constitución deste Parlamento, as referencias ós mártires do nacionalismo galego tñen sido constantes. Escólmanse, tendenciosamente; frases irrelevantes que, extraídas do seu contexto, desvirtúan o seu carácter patriótico e antiimperialista. Aínda ninguén non citou frases como a que decía Castelao: "estamos fartos de ser unha colonia", e, por moitas vantaxes que nos ofrece unha nova colonización, queremos ditar leis pra nos gobernarnos por elas sin inxerencias alleas.

A controversia nacionalismo versus rexionalismo non é unha cuestión semántica, Sr. Candidato. Galicia é unha nación no seo dun Estado plurinacional, unha nación negada e colonizada que os nacionalistas galegos reivindicamos. Ese é o noso único e pretendido delito. Non somos separatistas como se pretende facer crer. Reivindicamos simplemente un Estado Galego federalmente artellado co resto dos pobos do Estado Español e mais da Península, nun plano de igualdade e non de dependencia, e sentímonos solidarios cos traballadores dos outros pobos do Estado Español, porque sabemos que, ó fin e ó cabo, estamos todos nas gadoupas dos mesmos amos.

Esta cuestión nacional, que se quere ignorar, non é soluble no marco da actual Constitución española nin de ningún réxime autonómico. Ahí radican as nosas diferencias cos seus plantexamentos e mailos das restantes forzas políticas presentes neste Parlamento. Ahí radican tamén as eivas do seu programa. Porque as raíces do noso atraso non se atopan na década dos 70, senón moitos séculos atrás, e vostede, ó longo dos cincuenta folios do seu Programa, ten que recoñecer reiteradamente as limitacións impostas pola legalidade vixente, ás que subordinan sumisamente a súa política, aceptando unha normativa fiscal e facendística que consideran insuficiente, pro ante a que adoptan unha actitude esmoleira. E acéptana

conscientes de que a drenaxe dos nosos recursos non se efectúa pola vía impositiva, senón pola apropiación privada das nosas riquezas. Ese é o tema que non se quere tocar, esa é a cuestión que define os intereses a quen serve a súa política; de ahí que a aparente ambigüidade do seu Programa, froito dunha primeira lectura apresurada, non é tal cando se estudie con certo detemento. E de ahí tamén a imposibilidade de concilia-los contraditorios e, por veces, antagónicos obxectivos do mesmo impide implimentar unha política coherente.

O seu Programa está ó servicio dos monopolios e ameaza gravemente os intereses dos traballadores, dos pequenos comerciantes e da pequena e mediana empresa. O énfase que vostedes poñen na iniciativa privada está sempre referida ó gran capital. Ningunha soa referencia á pequena e mediana empresa, vítima dunha desorbitada presión fiscal e da usura bancaria, nin unha soa liña á crítica situación da industria naval, nin unha palabra sobre o necesario plan de vivendas que resolva as necesidades sociais mais apremiantes e incentive a construción, nin unha alusión á electrificación rural, ó saneamento, á mellora do servicio telefónico, á modernización dos portos pesqueiros, do ferrocarril... Non propugnan, loxicamente, a creación dun sector público galego, e eluden conscientemente a unificación das Caixas de Aforro baixo criterios de rentabilidade social e o control e a planificación da súa inversión en Galicia.

A cuestión industrial e maila enerxética líquidana con quince liñas sendo cuestións cruciais pró noso desenvolvemento económico, e o noso sector mineiro, esquilado polas multinacionais, nin siquera é mencionado.

Faise unha declaración xeral de principios sobre o medio ambiente pro silénciase o que está na mente de tódolos galegos: a destrución da ría de Pontevedra por celulosas e Elnosa, o verquido de residuos nucleares fronte ás nosas costas, os riscos da central nuclear de Xove, a contaminación por flúor da costa lucense, como a indefensión do noso litoral fronte ás mareas negras; e, loxicamente, sendo vostedes favorables ó ingreso na OTAN, tampouco irán opoñerse á instalación de bases militares extranxeiras no noso territorio.

En cuestión de carreteras e de pesca teñen forzosamente que se referir ás limitacións impostas pola actual Constitución. Saben perfec-

tamente que moitos dos problemas do noso sector pesqueiro non son solubles desde Galicia porque carecemos de competencias en materia internacional e de comercio exterior e, xa que logo, somos incapaces de impedi-las importacións cando existen excedentes dos nosos produtos. ¿E por qué non defenden o mantemento en Galicia do sistema de comunicacións marítimo-terrestres, que garante a seguridade dos nosos homes do mar?

Decía non hai moito en París, o Sr. Fraga Iribarne, que Galicia se vería moi afectada polo ingreso no Mercado Común. Niso coincidimos con D. Manuel, así como que serán a agricultura e maila pequena e mediana empresa as mais afectadas. Non obstante, o seu Programa, especialmente en materia agraria, está concebido pra facilitar este ingreso polas vías mais drásticas: redución da poboación activa agraria, desaparición da pequena explotación —cen mil en cinco anos, segundo o programa electoral de A.P.—, utilizando medios xurídicos e mesmo fiscais pra loitar contra do minifundio. ¿E cales son eses medios: a expropiación, mais impostos...? ¿E, como pensan darlle traballo a toda esa xente nunha situación de paro "in crescendo" como a actual?. Pronto aprenderán os nosos paisanos que non é a esquerda quen lle vai quita-las tres vacas, senón vostedes, pra llelas entregar ós que xa teñen cincuenta.

¿Por que non inclúen no seu Programa a elaboración dunha Lei Galega de Montes de Veciños?. ¿Por que non cuestionan o actual sistema de créditos agrarios?. ¿E que acaso lles parecen axeitados ás condicións do noso campo?. Cando vostedes falan do apoio á iniciativa privada no campo, non se están referindo ós labregos, senón favorecendo a penetración das grandes empresas monopolistas. De ahí que vostedes primen as inversións a longo prazo, ás que non dificultan as transformacións de fondo —como se di no documento—. Pro —como decía Lord Keynes— a longo prazo, todos mortos.

E neste espírito, temos que supor que o seu silencio en materia da sanidade verbo da medicina privada significa que esta se vai privar sobre a sanidade pública, do mesmo xeito que apoian o ensino privado fronte ó estatal de forma explícita. E nós estamos en contra de que o erario público sirva pra financiar un negocio privado mentres se deixe deteriora-lo ensino estatal. E o seu proxecto de segunda Universi-

dade pra Galicia, ¿trátase tal vez da creación dunha nova Universidade privada, mentres a actual está en condicións lamentables?. ¿Van solicitar, tal como demanda a Asamblea de Mestres, que se suspendan as convocatorias de oposicións mentres Galicia non teña competencias, tal como fixeron Euskadi e Cataluña?.

¿E como pensan resolve-lo problema da emigración? Parécenos ben que se lles agradeza, como fan vostedes, ós emigrantes as súas remesas, pro deberon engadir que esas remesas, esas divisas, son retraídas polo capital financeiro pra seren invertidas fóra de Galicia. E iso tampouco se di.

E dentro xa deste proxecto de descentralización administrativa que Vdes chaman Autonomía, ¿como van evitar que non sexa mais gravosa, nin que se cree unha administración paralela se non cuestionan as Deputacións Provinciais, as Delegacións Ministeriais, os Governos Cívís, e esa nova figura do Delegado Xeral do Goberno?; ¿por que non din unha soa palabra sobre a Administración de Xusticia, o necesario replantexamento dos Xuzgados e a redución das costas coa creación duns servicios de peritación gratuitos?. Gustaríanos por outra parte que puxeran o mesmo énfase na corrección dos desequilibrios existentes no seo do Estado Español có que mostran polos existentes no seo de Galicia, que nós non negamos.

E cando falan vostedes de non impo-lo galego, preguntariámoslles: ¿cal é a lingua oprimida en Galicia: o galego, ou o español?; ¿cantos mestres foron expedientados por ensinar en español?; ningún. ¿Cantos por ensinar en galego?; moitos. Nós non nos opomos ó ensino do español e ata defendemo-lo ensino doutros idiomas como o francés, o alemán, que por outra parte sin dúbida ningunha os nosos emigrantes agradecerían. O único que esiximos é o dereito a utiliza-la nosa lingua en tódolos ámbitos e instancias, a non ser perseguidos nin sancionados por isto, a que sexa recoñecida realmente como lingua oficial, a que sexa normalizada, a que se derogue o Decreto de Bilingüismo, a que non se eduque no autodesprecio e autonegación da nosa identidade nacional e que esa lingua que nos une a cento cincuenta millóns de seres humanos, esa lingua coa que morreron nos beizos moitos patriotas galegos sexa por fin dignificada. E ¿por que non propugnan a creación duns medios de comunicación galegos, como unha televisión galega?.

Moitas son, pois, as razóns que nos impiden prestarlle-lo noso apoio, pro aínda que asumiran o noso programa, aínda que deran unha resposta satisfactoria ás nosas preguntas, tampouco llelo dariamos, porque unha etapa de institucionalización como a actual, o primeiro punto dun programa de goberno debería se-lo funcionamento democrático dos Organos. E, na anterior Sesión, en complicidade represiva coa UCD e mais co PSOE, violando os acordos aprobados na Sesión inaugural, esmagaron o noso dereito a constituírmos un Grupo Parlamentario, pra limitar así as nosas posibilidades de expresión nesta Cámara. O voto pode ser ponderado, a voz non. E, tendo a maioría dos votos, ¿por que tamen que nos fagamos ouvir?. Libertade significa tamén poder decir aquilo que non se quere ouvir e Vdes. non parecen admitir isto.

Finalmente, quixera agradecer de tódolos xeitos a positiva valoración que fan da nosa capacidade de síntese, como proba esta limitación de tempo que impuxeron á nosa exposición, pra responder a un programa que non tivo ningunha limitación prá súa. De tódolos xeitos parece que o tempo non sobra.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: D. Ramón Piñeiro, pode facer uso da palabra.

O Sr. PIÑEIRO LOPEZ: Señor Presidente, Señoras e Señores Deputados, na minoría á que lle corresponde falar agora coexisten dous grupos políticos, que cando o consideren necesario, como neste caso, repartirán o seu tempo pra que cada un poida falar por si; noutras ocasións que non o consideren necesario, unha mesma voz poderá falar polos dous.

A min correspóndeme hoxe falar en nome dos Galeguistas Independentes. Pola nosa condición de independentes é evidente pra todos que non representamos unha aspiración programática de cara ó poder, que estamos fóra do marco das alternativas reais ou posibles, que tan lexitimamente representan e defenden os distintos partidos presentes nesta Cámara. Nós representamos unha liña política, non un programa nin un partido, e a nosa liña política, e que será lei fundamental da nosa actuación parlamentaria, é a fidelidade á defensa da realización autonómica, entendendo a Autonomía como efectividade positiva dos intereses de Galicia. Desde esta posición de independencia que, por ser recoñecida dun modo absoluto, nos permitiu compartí-las candidaturas do

Partido Socialista de Galicia-PSOE nas eleccións e nos permite coexistir confortablemente na mesma minoría parlamentaria, pois, ó enfrenarmonos nesta Sesión co problema da Investidura, desde esa independencia total vemos dúas cousas, queremos diferenciar dous factores.

Un deles, a personalidade do Señor Candidato, que nós coñecemos desde hai moitos anos. Podemos asegurar que desde hai trinta anos o Deputado Sr. Fernández Albor mantivo unha fidelidade activa a Galicia, en tempos en que esta fidelidade non tiña mais compensación ca da satisfacción da propia conciencia, e que esa biografía galega do Candidato nos merece a máxima consideración, e consideramos xusto recoñecela aquí diante de todos. Agora, unha cousa é a personalidade do Señor Candidato, outra, naturalmente, o programa de goberno que el nos presentou e a forza política que vai sostelo desenvolvemento dese programa.

Nós non contraponemos a ese programa outro programa, porque non o representamos. Nós, o que si aseguramos é que estaremos expectantes coa maior atención cara ó desenvolvemento práctico desde programa e que, ante cada feito, cada proposta, cada decisión que se propoña, adoptaremos unha actitude de rigurosa consideración respecto ó seu contido autonómico, respecto ó sentido positivo ou negativo cara a esa realización dunha Galicia autónoma que nós pretendemos defender aquí e, segundo os casos, será a nosa actitude. Cando presenten propostas que signifiquen un avance, un afianzamento desa realización autonómica, nós apoiáremolas. Cando presenten proposta que desvirtúen o senso desa realización autonómica, nós estaremos enfrente, opoñerémonos, con tódolos medios que estean ó noso alcance. Non entramos a analiza-lo Programa, simplemente, sinalámo-la nosa postura ante a política derivada dese Programa e, en cada caso concreto, nós examinaremos con rigor, nós enxuciaremos desde o noso punto de vista de fidelidade á Autonomía auténtica de Galicia e adoptarámo-la actitude que corresponda desde esta mesma actitude. E mais nada, deixo paso ó meu compañeiro de minoría.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: D. Francisco Vázquez, pode facer uso da palabra.

O Sr. VAZQUEZ VAZQUEZ: Coa venia do Sr. Presidente, Señor Deputadas,

Señores Deputados, Señor Candidato, eu quixera previamente dalgunha maneira situar a miña exposición no senso de que estes debates de investidura, estes debates de confianza nos que se expoñen proxectos de goberno, e por parte despois das demais forzas parlamentarias da oposición e daquelas forzas que poden compartilo ou avalado, cométese ás veces a tentación, o erro de converti-los debates dunha banda nunha trinca de oposicións na que parece que se vai examinar minuciosamente cada un dos apartados do Programa ou da exposición, intentando ve-los erros "ahí que te collín, ahí denúciote" e doutra banda situalo tamén nunhas exposicións etéreas, uns chamamentos de carácter xeral, sin aborda-lo que pensámo-los socialistas que debe se-lo fundamental de calquea debate político coma este, un Debate de Investidura, no que ademais é a primeira vez que se fai unha oferta de Goberno ó pobo galego.

Creo desa maneira que é preciso concretizar e abordar cunha gran claridade cales son os obxectivos, cales son os medios e dalgunha maneira que o pobo galego, os homes e mulleres do noso país saiban o que lles vai representa-la Autonomía, o que Autonomía quere solucionarlles dentro desta tensión cotiá que teñen que sufrir nunha situación dunha profunda crise económica.

O situar dalgún xeito a miña exposición, eu tamén quixera, Sr. Candidato, Señor Deputados, permitiranme escomenzar a miña intervención dentro da fonda emoción persoal que penso eu que temos todos, non soamente os que, dalgún xeito, podemos intervenir aquí, senón tódalas Señorías por participar no primeiro debate político do primeiro Parlamento histórico de Galicia. Aproveitar esta fonda emoción persoal pra enviar, desde esta tribuna parlamentaria, un saúdo de solidariedade a tódolos pobos que compoñen a nosa amada España, a tódalas rexións e nacionalidades que conxuntamente connosco, cos galegos, viven día a día, cóbado con cóbado, este reto, esta aventura de ir soterrando o pasado e de facer conxuntamente unha nova España pluralista, unha nova España democrática, unha nova España mais xusta. O que pra outros constitúe un grave problema, a pluralidade de nacionalidade e rexións de España, pra nós, prós socialistas, constitúe evidentemente a maior

riqueza que pode ofertar un país. E esa pluralidade vese hoxe recoñecida nunha Constitución democrática. Constitución e democracia, pluralidade do país, que son os que lle dan sentido a esta xuntanza, no senso de que gracias á democracia, gracias á Constitución, hai en Galicia Autonomías.

Esta Sesión do Parlamento Galego, esta posibilidade que por primeira vez témo-los galegos de nos dotar do noso autogoberno, de eleixir e escoller ós nosos representantes, de rexirnos de acordo coas nosas propias leis, dentro dun contexto xeral, esta posibilidade que hoxe temos é debida fundamentalmente a unha connotación, a unha ligazón conxunta de algo que pra nós, prós socialistas, é claro, que é o concepto de solidariedade. Solidariedade en tódolos aspectos: solidariedade política e solidariedade social e solidariedade económica. Por iso que as miñas primeiras palabras como representante do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE sexan unhas palabras de saúdo ás demais nacionalidades e rexións da nosa España, sexan unhas palabras de afirmación na nosa crenza democrática, que soamente a través da Constitución e a través da Autonomía, Galicia pode conseguilo cambio que lle faga fronte ós graves problemas que endemicamente, historicamente, e hoxe por desgracia no presente, azoutan ó noso país, sobre todo ás súas clases mais populares.

Os socialistas presentámonos hoxe aquí como a principal forza da oposición. Desde 1977, unha e outra vez, o pobo galego vai confiándonos nas urnas, a través da expresión mais xenuína da democracia como son os votos, ainos ofertando a súa confianza dentro do proceso democrático, no senso de convertírnos en forza de oposición. Oposición institucional, como é o nivel de Estado; oposición institucional, como será dentro deste Parlamento. Esta confianza que, fundamentalmente fronte ós sectores que nós intentamos representar, dentro dese concepto universal da solidariedade, que como decía antes, pode constituilo noso motor, é o que fai hoxe mesmo que no Grupo Parlamentario Socialista estean representados xuntamente connosco ilustres e dignos amigos, como son os compañeiros galeguistas independentes. A súa presenza no noso grupo representa o esforzo político da conxunción entre os sectores populares do país e as forzas da intelectualidade, as forzas que repre-

votos, vains ofertando a súa confianza dentro do proceso democrático, no senso de convertírnos en forza de oposición. Oposición institucional, como é a nivel de Estado; oposición institucional, como será dentro deste Parlamento. Esta confianza que, fundamentalmente fronte ós sectores que nós intentamos representar, dentro dese concepto universal da solidariedade, que como decía antes, pode constituilo noso motor, é o que fai hoxe mesmo que no Grupo Parlamentario Socialista estean representados xuntamente connosco ilustres e dignos amigos, como son os compañeiros galeguistas independentes. A súa presenza no noso grupo representa o esforzo político da conxunción entre os sectores populares do país e as forzas da intelectualidade, as forzas que representaron dalgún xeito o mantemento histórico daquilo que se chamou "Galicia como célula de universalidade".

E politicamente, como responsable político do meu Partido, como responsable político dun Partido que foi o único que tivo a capacidade, a xenerosidade, e a visión política de, nun momento trascendental pra Galicia, abri-las súas portas, por enriba de criterios partidarios, e de busca-la participación de todos aqueles que teñen unha representación histórica-moral e unha aportación técnica imprescindible pra este Parlamento, quero sinalar que constitúe tamén o que eu chamaría, Sr. Candidato, o noso ofrecemento, o noso compromiso institucional, de antepoñer moitas veces ó longo dos debates ou das Sesións, ó longo das liortas políticas imprescindibles dentro dunha democracia, se todos somos coherentes, pro de antepoñer tamén, certamente, os intereses superiores de Galicia e da democracia, e de buscar entre todos, dentro do que sexa posible, ese clima de diálogo imprescindible pra lle inspirar confianza a un país e a un pobo que, moitas veces, sabemos que se mostra desorientado, ou que busca dalgunha maneira a forma de se encardinar en procesos políticos, nos que moitas veces, somos nós, as clases políticas, os responsables principais dese desencanto e desa apatía.

Porque a min preocúpanme, e asumo a parte de autocrítica que poida corresponderme, preocúpanme moitas veces eses chamamentos históricos, eses discursos etéreos, esas confeccións abstractas, que os políticos, a clase política facemos, sin ter en conta que a nosa primeira responsabilidade é aborda-los

problemas do presente, pra desa maneira asegurármolles ó país un futuro con mais xenerosidade, un futuro con mais esperanza.

E preciso debater, é preciso examina-los problemas do país. E preciso entre todos ir dando solucións ó problema que ten o labrego, o mariñeiro, o traballador, a mocidade ou a muller, e non perdernos en condicións historicistas ou abstractas. E preciso abordar sempre un debate político dentro dos seus propios términos e dándolle resposta ó que a sociedade nos demande.

E desde logo, nun debate de investidura, é necesario discuti-lo Programa que presenta o Sr. Candidato, e é necesario dialogar entre as forzas políticas acerca de cales son as intencións que pode representar ou as prioridades que pode calibrar ese Programa, non soamente pola persoa do Candidato, senón mesmo pola tendencia política do Partido que pode avalar ou da maioría que pode votar ese Programa e mais ese Candidato.

Eu non quixera que se convertira isto, como dixen ó principio, nun monólogo. Gustaríame mai que fora un diálogo, porque certamente este Parlamento o primeiro labor que ten nun país cun subdesenrolo político, como é Galicia, é facer da tribuna parlamentaria, é facer do escano parlamentario, dalgún xeito, unha tribuna pedagóxica, que sirva pra lle influír, á vez información ó país e, doutra banda, darlles prestixio ás Institucións pra que comence esa conexión íntima e imprescindible sin a que non haberá autonomía ou esta autonomía estará larvada.

E eu escoitei con toda atención, con todo o respecto que me merece o Sr. Candidato, ou calquera das súas Señorías, o discurso programático. E eu quero que me entenda que non é unha frase feita. Eu escoitei con atención e pareceume que Vde. expoñía un rosario de intencións, facía non soamente unha declaración abstracta de intencións senón que mesmo observei que cando Vde. concretizaba —porque Vde. concretizou, Sr. Candidato, nalgúns partes do seu discurso—, entón a miña preocupación ía en aumento, como home de esquerdas, como representante dos socialistas, dalgún xeito, como portavoz do que poden ser sectores importantes do pobo galego, sectores encardinados na clase traballadora galega, cando Vde. concretizaba, a miña preocupación ía en aumento, porque Vde. pasaba dunha exposición etérea, totalmente etérea en cues-

tións nas que non fixaba nin prioridades nin calendarios, a concretizar en aspectos importantes nos que incorporaba a esta tribuna intereses económicos e sociais moi determinados, moi minoritarios, incorporaba aquí unhas prioridades que representan uns intereses, fundamentalmente, hai que ser claros, de sectores da CEOE galega, de sectores do gran empresariado galego, ou mesmo de sectores económicos alleos e externos a Galicia.

Doutro xeito, Vde. non concretizou o aspecto institucional, político, do que representa a Autonomía, non porque diga Vde. que vai aplicar ou non vai aplica-lo Estatuto, senón porque Vde. partiu de algo que é decetivo: ¿como se conforma a maioría parlamentaria?, ¿cales son os intereses políticos que se van manexar nesta Cámara?, pro o que é mais, ¿cál é a mensaxe política de Alianza Popular, do Partido que sustenta a súa candidatura ou da dereita galega que vai vota-la súa investidura?. Porque introduciu algunhas contradicións evidentes.

Por exemplo, Vde. non asumiu nin se referiu á etapa preautonómica. ¿Quere decir isto que Vde. asome toda a xestión preautonómica con todo o longo e difícil camiño que isto representou, con tódolos problemas políticos de improvisación, con toda a falla de planificación política de aproveitar un período de dous, tres anos tan ricos, como fixeron vascos e cataláns, que cando chegou o momento de poñer en marcha a súa autonomía tiveron un camiño avanzado que aquí non temos, polo contrario, temos unha herdanza de gravísimos problemas. ¿Vostede asumiu esa preautonomía, esa xestión preautonómica, ou non?. Ou vostede, cando se refire á necesidade de clarifica-lo Título Oitavo da Constitución —e isto é grave, Señor Candidato—, cando vostede di que hai que clarifica-lo Título Oitavo, está incorporando aquí o que constitúe o “leit motiv” da parte mais importante da política que conleva Alianza Popular a nivel do Estado, de darlle un carácter restritivo, a algo que xa é unha conquista xurdida do consenso do diálogo de tódolos españois e, por tanto, de tódolos galegos. Vostede fala de clarificar no senso de que está falando no seu Programa e nas súas ofertas electorais non o señor Fraga, porque non se trata aquí de falar de ausentes ou de persoas que non teñen outra representación, mais cá representación solidaria dos seus corre-

lixionarios, senón no senso que fala Alianza Popular, por tanto, de dar un paso atrás no concepto de nacionalidade, no concepto de recoñecemento dentro da nosa Autonomía do dereito político dos pobos. Porque, ademais, vostede despois introduce motivos de distorsión na análise da distribución que eu creo, que, polo menos, debeu ser motivo de gravísima —pro moi gravísima— preocupación pra outra das forzas políticas aquí sentada que vai conforma-lo voto fundamentalmente prá súa investidura como Presidente de Galicia, e ademais faino dunha maneira que desvirtúa a realidade.

E entrariamos mesmo non en analizar aspectos concretos, porque non se trata de analizar aspectos concretos, entrariamos xa, dunha forma directa, no que foi a súa oferta de goberno. Entrariamos da única maneira que se pode entrar. Vostede non fixou nin prioridades nin calendario, vostede non determinou que unha acción de goberno non se trata aquí de desmiuzar ou de mentar, sin fixa-lo como, que é moi importante, ou o pra que, aspectos tan heteroxéneos como a muller, como pode se-la pesca, a agricultura, o gando..., sin relacionar unha cousa con outra. A única referencia concreta que tivo foi dicir que o motor do seu Programa vai ser apoiar a fomenta-la iniciativa privada... E a partir de ahí, unhas grandes e gravísimas ausencias.

Porque nós coidamos —os socialistas— que na xestión dun Goberno autonómico o motor fundamental nunha situación de crise, como é a actual, é única e exclusiva: xerar emprego, loitar contra a grave crise económica, darlle solución ó gravísimo problema dos milleiros de persoas que non poden atopar traballo pódendo e querendo traballar; xerar tódalas actividades dentro dunha planificación total e absoluta pra adquiri-los recursos necesarios, non pra facer diferencias de iniciativa privada, iniciativa pública, etc. etc., senón pra dirixir todo á loita pra xerar emprego. E pra nós, punto final, señor Presidente. Nese intre sería punto final, non porque o demais sexa subsidiario (o demais é tan importante), pro se a Autonomía non é capaz de xerar unha resposta económica, unha resposta industrial, unha resposta que lle dea solución a un problema que está angustiando ós sectores maioritarios do noso país, eu voulle dicir, Señor candidato, desde unha posición nitidamente autonomista e nitidamente constitucionalista, voulle dicir

que nos vai ser moi difícil decirlle ó pobo galego que, aparte doutra serie de connotacións, a Autonomía é unha ferramenta ou un instrumento que lle pode servir pra aborda-las solucións que el está demandando.

E ademais, vostede mostrou no seu discurso algo que os seus asesores deben ter en conta a partir deste intre: é preciso ler e estudia-las leis, porque non é —diría eu— lícito que un candidato á Presidencia fale aquí dunha serie de cuestións nas que se demostra con claridade que nin siquera foron lidas, porque aquí falou-se cunha alegría tremenda de temas tan importantes como son os temas da **solidariedade entre pobos** que compoñen España, como é clarisimamente a LOFCA; por exemplo, falou-se de que a LOFCA non contiña unha serie de principios; eu invitaría ós asesores do Señor candidato a que leran o artigo 13 mailo artigo 15 da LOFCA, que non reflexaran aquí tensións políticas alleas a Galicia, porque iso preocupame, que Alianza Popular aproveite a súa única ferramenta institucional, que vai se-lo Goberno de Galicia, o utilice como unha arma, unha carta de cambio, dentro das loitas políticas que se celebran —por decilo dunha maneira gráfica—, na vila e corte, e que Galicia se utilice como unha arma arroxadiza pra conseguir ou adquirir posicións políticas fronte ás outras forzas da dereita, e que se ignore dunha maneira clara cales son as nosas vantaxas ou as nosas necesidades, porque Galicia, que é un país subdesenrolado, é un dos beneficiarios mais inmediatos da aplicación solidaria, por exemplo da LOFCA, ou dunha distribución solidaria de fondos como constitúe o Fondo de Compensación Interterritorial. E non me gustaría que, polo menos no Sr. Candidato, non tanto no Partido no seu Goberno, polo menos no Sr. Candidato, aquí se trouxeran tensións aplicadas mimeticamente, xa non soamente desde Madrid, senón tensións que reflexan posicións políticas do nacionalismo mais reaccionario que existe en España, como pode se-lo nacionalismo gobernante en Euskadi e Cataluña, nacionalismo claramente antisolidario que non mira mais alá dos seus intereses, xa non de país, senón mesmo de clase, e non se preocupa polos problemas das demais comunidades nacionais ou das demais rexións, como é o caso de Galicia, que se atopan en situacións, en graves situacións económicas. E, polo tanto, iso é preciso telo en conta. E cando se fala da LOFCA, cando se fala de cuestións que teñen como finalidade

esencial eleva-lo nivel de vida, é preciso falalo con gran claridade.

E preciso falalo con gran claridade porque vostede non explicou no seu discurso como se vai financia-la Autonomía. E isto é importante, nós temos que saber de qué maneira vai sacar vostede os cartos pra pagar ou subvenciona-la montaxe, a instalación, ou utiliza-los servicios desta Autonomía. E eu saquei unha ameaza. Vostede dixo, veladamente, de que ó mellor habería que utilizar impostos, ó cal os socialistas nos opoñemos. Xa dixemos con gran claridade que a Autonomía pode nacer sin necesidade de crear novas recargas tributarias sobre o sufrido pobo galego, sobre o sufrido contribuínte galego. Pro é que, aínda que non o dixera, se deduce con gran claridade, porque vostede non determinou de qué maneira vai face-los presupostos, nesta Cámara, os presupostos do Goberno Galego. Pro si, xa no programa de Alianza Popular e das súas palabras, dedúcese con claridade que vostedes non van atacar un presuposto deficitario, vostedes van atacar un presuposto equilibrado, un presuposto no que non haxa déficit comercial. Xa me dirá vostede, despois, esa industria media ou esa industria galega da que vostede falou, como vai saír, donde vai saír esa nova industrialización que desde a Autonomía se vai facer, cun presuposto equilibrado, cun presuposto equilibrado ademais restrinxido pola escasa aportación que temos, de acordo co Estatuto, dos impostos, da delegación de impostos directos que nos fai o Estado. E moi escasa esa aportación. Polo tanto, vostede terá, en todo caso —vostede o dixo—, terá que ir a novos impostos ou novas cargas fiscais, o cal non é solución pra Galicia.

Os socialistas coidamos que podemos manter unha Autonomía digna, simplemente aproveitando cifras que hai que decir, Sr. Candidato, aproveitando a nova distribución territorial de fondos solidarios, os dezasete mil seiscentos millóns de pesetas que xa están atribuídos este ano, que presumiblemente o ano que vén, co aumento presumible dos datos que se conteñen na LOFCA e mais no Fondo de Compensación Interterritorial, poden ser vintecinco mil millóns, vostede tiña que decirnos, mais ou menos, como prevé esa inversión, porque ademais, Sr. Candidato, vostede cometeu un erro moi grave: ese non é un diñeiro que nos veña imposto, ese é un diñeiro a negociar que vai negocia-la Comunidade Autónoma co Gober-

no Central, e vano negociar, ademais, sobre unhas consideracións claras. ¿Como di vostede que vai crea-los servicios sociais mínimos iguais ó resto de España, se xa está previsto e votado? Eu votei esa Lei, eu votei no Parlamento do Estado, solidariamente, conxuntamente, esa Lei cos demais Partidos e cos demais representantes da democracia popular do resto do Estado; xa está previsto, é mais, é unha Lei que nos favorece ós galegos, Sr. Candidato, porque a Lei fala da existencia duns servicios sociais mínimos cunha media variable. Quere decir iso que, cando os servicios sexan servicios ínfimos, ou inferiores, como é o caso de Galicia, que carecemos dos servicios mais elementais, entón vainos pagar mesmo a solidariedade interxional, vainos da-las diferencias pra chegar a cubrir esa posible media.

E vostede non fala diso ou, cando fala, fálo equivocadamente e trabuca e confunde cousas totalmente diferentes técnica, xurídica e política-mente como é a LOFCA, como é a LOAPA, como é o Fondo de Compensación Interterritorial e, mesmo, como son Leis que van ser debatidas no próximo Parlamento. O mellor o asesor, ou ó mellor o cerebro que desde Madrid determina, mais ou menos as orientacións políticas, cometeu un exceso de celo e presenta como unha demanda do Grupo de Alianza Popular de Galicia algo que xa é un Proxecto de Lei presentado no Parlamento do Estado.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Sr. Vázquez, teño que recordarlle que pasou xa o seu horario.

O Sr. VAZQUEZ VAZQUEZ: Si, Sr. Presidente. Ben, levo vinte minutos e cinco minutos do meu compañeiro de Grupo, vintecinco minutos, penso que aínda me restan cinco minutos dentro do tempo regulamentario, ademais da liberalidade de que fai gala o Sr. Presidente.

Vostede fala, ademais, de que na creación de impostos é preciso ter paridade con outras Comunidades. Eu, neste intre, nada mais coñezo dúas Comunidades con facultade pra se dotaren de impostos, que son Euskadi y Cataluña. Non pretenderá Alianza Popular implantar unha paridade fiscal coas dúas Comunidades mais ricas e mais avanzadas do País, porque entón a preocupación iría en aumento, Sr. Candidato, iría en aumento.

Ademais, vostede non explica, non determina, nesa parte tan extensa, como é a económica, e que é o motor decisivo do seu discurso,

non determina, mais ou menos, de qué maneira podemos financiarnos, e de qué maneira intelixente, —como decímo-los Socialistas—, se pode financiar esta Autonomía. Porque témo-la arma, a ferramenta na man. Estannos dando o exemplo mesmo Concellos, entidades locais do País Galego, Sr. Candidato, podemos emitir Débeda Pública, e podemos emitir Débeda Pública que financie e supla a diferenza entre os recursos económicos escasos que nos veñen da transmisión de impostos, podemos cubrir esa diferenza pra financiar ese desenrolo imprescindible pra industrialización, pra xerar emprego, que é do que se trata, que é a mensaxe central. Débeda Pública, ademais, con avantaxas e condicións como a Débeda Pública do Estado, que pode favorece-lo aforro galego, pode favorece-lo aforro galego con tipos de interés e de desgravación altos, e que non constitúe ningún gravame adicional pra nosa nacente Comunidade política, e que é o que fixo Euskadi e Cataluña, e por exemplo o fixo, sin ir mais lonxe, o Concello de Vigo.

Ademais, ¿que se trata de financiar aquí? Trátase de financia-la comunidade autónoma, certamente. Trátase de financiar, pro ¿de qué maneira?: cun presuposto. Vostede non falou pra nada de cal vai se-la súa mentalidade de presupostos, cal vai se-la mentalidade presupostaria do seu Partido ou da maioría que a quixo. E é preciso iso deixalo moi clarificado, e non se refire ás institucións financeiras.

Certamente eu creo que no noso discurso todo o mundo notou que hai unha lousa que pesa enriba del, que é a lousa de facerlles sempre complacencia a aqueles que, dunha maneira decisiva, conformaron alleamente esta maioría parlamentaria, aqueles que cos seus cartos, coas súas campañas, coas súas difamacións, coas súas calumnias vergoñentas durante os vinte días da campaña contra os socialistas, intentaron, opuxeron os medios económicos pra mante-los seus privilexios.

E falo con claridade. Estou falando de sectores do empresariado, de banca galega, que son aqueles que vostede non menta no seu discurso. E non os menta porque vostede non fala pra nada do control que dá o Estatuto das institucións financeiras, do control das Caixas de Aforros, que nós, os socialistas, coidamos que é o instrumento fundamental pra evita-la drenaxe do aforro galego, pra evitar esa drenaxe da emigración, xa non das persoas senón da emigración das reservas económicas. E iso ten que

ser un motivo de preocupación, porque do seu discurso eu o que deduzo é que mañá ou hoxe, cando lean os traballadores de Ferrol, os traballadores de Vigo, van preguntar cómo abordamos a crise económica, cómo se vai inicia-la industrialización, donde van saír estes recursos pra financiar xa non unha industrialización nova, senón polo menos a maneira de poder mante-los nosos postos de traballo. E vano face-los grandes ausentes do seu discurso. Vostede non se referiu pra nada ós suxeitos sociais, ás forzas sindicais; non sen referiu pra nada a unha clase traballadora que está facendo esforzo continuo de diálogo, que está facendo un esforzo continuo de buscar solucións, e temos ahí o que é o ANE, e temos ahí o diálogo continuo xa desde hai tres anos por parte da clase traballadora galega e española. Temos ahí o diálogo das centrais sindicais, e vostede non fala pra nada delas e cando fai unha referencia —e o cito así de refilón, porque non quero, xa decía ó principio, esmizuza-la súa intervención— cando fai unha referencia é gravísima, porque vostede falou no sector da pesca que o principal cometido da Consellería de Pesca sería fixa-las vacacións, determina-los horarios, condicións de seguridade e hixiene, etc., etc.

Sr. Candidato, o asesor que lle fixo esa parte do discurso está dando un salto atrás no túnel do tempo, está volvendo á intervención estatal do Sr. Girón, está volvendo, ó mellor, por certas reminiscencias mentais, ó que era a intervención da lexislación laboral do Estado; desde hai catro anos, constitucionalmente, hai sectores sociais, centrais sindicais, centrais empresariais, que son os únicos lexitimados pra determina-las súas propias condicións de traballo.

Hai, certamente, outras ausencias importantes, pro hai unha ausencia política clave, que é a que determina o fondo político do seu discurso. Vostede non emana do Estatuto, non fai unha análise dos distintos sectores de Goberno, partindo da nosa ferramenta institucional que é o Estatuto. Eu non dubido que vostede crea na Autonomía —quede claro diante da Cámara—. Pro o que eu digo é que non vai depender soamente da figura do Presidente; vai depender das forzas políticas, dos criterios políticos dos Partidos representados; e non emana do Estatuto, o cal determina xa cal é a visión política que teñen da Autonomía e, polo tanto, cal é a visión política de Galicia

como entidade nacional diferenciada, cos seus dereitos históricos, culturais, lingüísticos, con toda a súa carga de problemática socioeconómica.

Porque cando vostede fala do ensino, vostede non fala de que o ensino ven do Artigo 31 do Estatuto; cando vostede fala da industrialización, vostede non fala das competencias plenas que temos no Estatuto; cando vostede fala do campo, é igual. Quere decir iso que vostedes plantexan simplemente unha visión de mera descentralización administrativa, unha visión de mera xestión de goberno, dun Goberno atípico, ou dun Goberno abstracto, que o que non analiza son as fórmulas de solución que non presenta, non determina as prioridades do calendario temporais ou lexislativas que tampouco presenta, pro o que é mais grave, non se sitúa dentro da realidade social e política onde debe exercer esa acción de Goberno. E isto lévalle a vostede a, polo tanto, determinar independentemente do seu apoio á iniciativa privada en materia de ensino, e deixar a un lado, botado a un lado, toda a gravísima problemática do ensino público, o dereito á igualdade que teñen tódolos cidadáns, pro déixao de lado ó non sinalar que toda política educativa non é función dunha Consellería, senon que é algo que vén determinado polas responsabilidades políticas dun Goberno que ten competencia plena na regulación e administración do ensino.

E ademais, e iso extrañoume, Sr. Candidato, vostede fala do problema da lingua no campo da cultura, no eido da cultura, e non o fala na materia do ensino. E o tema da lingua galega, que non pode ser unha arma arroxadiza, que ademais vostede o plantexa dunha maneira negativa, á defensiva, desde unha visión castelá, non desde unha visión de defensa do que constitúe a lingua oprimida, que é o galego, vostede non o plantexa dentro do ensino, que era onde había que situar verdadeiramente o problema en canto unha herdanza que nós recibimos dos nosos antergos, e que debemos polo menos manter nunhas condicións de dignidade pra que poida superar, e poidamos entregala noutras condicións moi distintas a aqueles que nos sucedan. E ahí era onde vostede debía ter situado o problema da lingua.

Certamente, xorden moitas cuestións ó fío do seu discurso, pro todas elas van metidas dentro dunha visión moi clara do que é a

Autonomía e, sobre todo, de cales son as relacións económicas, sociais, que vostedes presentan pra Galicia. E iso ten vertentes graves e preocupantes, sobre todo porque collen algunhas veces unha pendente populista —o cal, o populismo, e creo que no seu propio grupo hai persoas que pola súa especialización política mesmo estudaron o que poden representar as consecuencias derradeiras de algo tan perigoso como é o populismo—, vostede colle vertentes populistas, que enchen os oídos da xente, pro non lle dan ningunha solución. Porque un exemplo claro, iso é a análise da agricultura.

A agricultura non pode situarse nos problemas dos labregos, minifundismo, etc., etc., iso é algo que xa todos coñecemos. Vostede o que fai é unha filosofía claramente privatista, unha filosofía atentatoria contra os dereitos dos nosos labregos, porque vostede sitúa a agricultura subsidiaria en todo momento da gran industria elemental, dun sector industrial. Ou sexa, que dentro da división dos sectores primario, secundario e terciario, vostede colle o sector capitalista dos mais fortes, influenciado polos grandes capitais monopolísticos a nivel mundial, como é o sector alimentario, e sitúao a nivel subsidiario —un sector deprimido, sudesenrolado e explotado como é o do campo galego—. ¡Aviados imos!. E non lle dá ningunha solución, mesmo á aplicación administrativa ou traballo administrativo da agricultura galega, con toda esa proliferación de distintos organismos existentes (Icona, Iryda, etc., etc.), que é o principal traballo que ten un novo Goberno que xorde en Galicia, darlle un cometido, e darlle unha finalidade concreta.

Autonomía non é un simple exercicio de goberno, ou non é unha utilización da facultade de administración. E unha solución política ós problemas endémicos do país, e ahí estaremos os socialistas —sempre, na vangarda— esixindo que se lle dea solucións claras e concretas ó noso pobo; estarémo-los socialistas non anunciando unha serie de medidas que despois non van ter aplicación pola simple correlación de forzas, senón dialogando e mesmo esixindo que se determine aquí a prioridade lexislativa por parte daqueles que teñan a responsabilidade política de exercer-la maioría nesta Cámara.

Cecais dalgún xeito, os socialistas o que intentaremos é leva-lo espírito das súas Señorías á necesidade de crear algo que é práctico,

usual en tódolos Parlamentos, como son as Comisión de Inquérito, ou as Comisións Especiais, unha dela fundamental, que aínda que vostede falou dese tema, eu desde aquí solicítolle a maioría: que é formar unha Comisión parlamentaria con respecto ó problema da integración na Comunidade Económica Europea, que servirá pra aborda-la preparación, entre todos solidaria, de algo que a todos nos vai afectar.

Certamente, eu intentei dalgunha maneira resumir neste breve tempo cales son os criterios políticos nosos con respecto ó que debe ser Autonomía, e cales son as nosas prioridades económicas e sociais, que fundamentalmente é unha: loitar contra o paro, xerar emprego, lograr iniciativa e actividade industrial, e determina-lo como, que é o mais difícil en política. Pódome equivocar. As miñas palabras quedarán no Diario de Sesiós, pro, polo menos, os socialistas aquí e sempre o que damos son solucións, despois poden saír ou non poden saír, pro nós o que queremos é exercer sempre unha política nese senso seria, non declarativa, senón determinando con precisión, defendendo dalgún xeito os intereses que intentamos representar.

E institucionalmente, Sr. Candidato —isto serían xa preguntas moi concretas—, eu diríalle que vostede ten un valeiro institucional tremendo, porque non abonda con que me diga vostede que en catro anos, que é a duración presumible desta lexislatura, que vostede vai sacar adiante as Leis previstas no Estatuto. Primeiro vostede ten que determinar cal é a prioridade desas Leis porque hai Leis prioritarias unhas sobre outras; e, en segundo lugar, con qué maioría, porque certamente aquí imos asistir ó ensaio na probeta daquilo que os socialistas fómo-los únicos en denunciar: que era o ensaio da maioría natural, desa maioría natural de dereitas, cara ás próximas eleccións xerais, que se facía en Galicia, unha vez mais, é o coello de indias na que se vai intentar experimentar algo cara ó futuro, e mesmo co aspecto de utilizalo como arma arroxadiza, non contra nós. O longo do camiño deste Parlamento assistiremos moitas veces a debates contraditorios entre a maioría parlamentaria —polo tanto, maioría lexislativa— que vai xurdir nesta Sesión.

E mais nada. Eu quixera —teremos despois turnos de réplica, contrarréplicas—, que me permitira o Sr. Candidato, nun discurso no que el é o protagonista principal, polo feito de se-lo

representante ou a persoa que goza confianza dos Grupos maioritarios, non comete-la ousadía de darlle un consello, porque creo que, primeiro, eu non son ninguén pra dar consello a ninguén, e ademais penso que a personalidade do Sr. Fernández Albor non precisa de consellos. Pro, polo menos, permitame facer unha reflexión en voz alta.

Eu estou convencido a nivel persoal, de que a política é convición ideolóxica e coherencia ideolóxica, e despois a política é realización e feitos. E eu despois de escoita-lo discurso do Sr. Candidato, de coñece-lo programa electoral, o programa político do seu Grupo, eu creo que se ten realización, se hai realización, —que as vexo difíciles pro coñecendo sobre todo os intereses sociais, económicos que sustentan ese Programa, eu moito me temo que imos iniciar unha andadura moi difícil pros sectores populares do País Galego, que imos iniciar unha andadura na que as clases traballadoras, en que os sectores mais amplos da nosa poboación van ter un futuro difícil.

Pro, con todo, con todo, Sr. Fernández Albor, de todo corazón, de todo corazón eu deséxolle que vostede teña éxito, teña éxito na súa xestión. Primeiro, porque vostede recibe un capital político, de ilusións e de esperanzas, o destino do cal a todos nos implica. E en segundo lugar, ademais de recibir ese capital, vostede ten o alto honor de que a Historia lle reservou a honra de se-lo primeiro Candidato e, posiblemente, o primeiro Presidente do País Galego. E desde ese momento, por estas razóns, aparte de por razóns persoais, eu asegúrolle que vostede merece todo o meu respecto e toda a miña consideración.

Mais nada, e moitas gracias pola súa atención.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Moitas gracias. Manuel Iglesias, polo Grupo de UCD.

O Sr. IGLESIAS CORRAL: Señoras e Señores Deputados, Sr. Fernández Albor. ¡Animo, valor, adiante! Os camiños son longos, encostados, pedrugentos, mais a romaxe ten un secreto feito que a fai saudosa. Dixéronse aquí cousas moi boas, moi importantes, das que se poden recoller ideas positivas pra nutrir, e boa falta lle fai, o Programa con que empeza a súa andadura o Partido que vai asumilo goberno de Galicia. Pro vaia por diante un esclarecemento.

O primeiro compañeiro que ocupaba esta tribuna, acusábanos de non entrar nunha coalición co voso Grupo. Por contra, o elocuente e brillantísimo, moi brillante, Deputado do Partido Socialista, pensaba no perigo desa maioría natural, e eu podo dicir —e teño que dicir— que non hai nada de nada, que desde o noso sentimento Galicia non vai se-la Baviera española. Nós estamos nunha posición reflexivamente adoptada, construtiva, lóxica, e que me parece que tributará a Galicia a aportación concordante cos nosos ideais e os seus intereses. Non esperabamos, nin pretendiamos que o Candidato á Xunta de Galicia, Sr. Fernández Albor, doutor Fernández Albor, chégase hoxe aquí coa lámpara maravillosa, capaz de resolver, maxicamente, os problemas e as situacións. Temos que crer, e mais cremos, que trae a clave necesaria prá circunstancia. E a hora das realizacións. A ilusión que se cultivou hai que lle dar canle real, advertindo que os fungos da ilusión nacen, pro morren axiña; xeralmente nacen durante a noite, durante a oscuridade, pro están moi lonxe de te-la resistencia do carballo.

Comprendemos perfectamente a exposición que foi feita dos sectores problemáticos, porque os problemas son comúns, notorios e apalpámoslos todos.

Non sería sincero se dixera que, ó lado das situacións enunciadas, nos foi enunciada calquera forma ou calquera fórmula de solucionar, só o propósito de facelo.

Pro si enunciáusenos que o doutor Fernández Albor traía aquela clave, unha vontade decidida e seria ós propósitos que anuncia. Ese Programa non contén un atlas completo, nin suficiente, das nosas necesidades colectivas apremiantes. Pro ninguén pense que eu intente sometelo á lupa que agranda os obxectos, e que por iso revela con mais volume os erros dese discurso programático. A crítica acostuma a facerse de dous xeitos: ou decindo todo o bo e calando todo o malo, ou decindo todo o malo e calando todo o bo. Eu non cairei nese artificio, anque outros o practicaron sin escrúpulos.

A vontade precisa, pra que non soñemos coa quimera e despertemos no fracaso —non dubido en declarar— coido que a ten o doutor Fernández Albor. A súa executoria persoal, profesional e científica, reviste toda a credibilidade esixible, e tomámola en prenda e garantía de que se siga esta xornada sin errar. Pra iso non lle faltará, agora, o noso voto, e

atoparanos sempre mergullados no firme empeño de logra-la nova Galicia.

A aspiración do noso pobo, que encara con plena conciencia o momento histórico que vive, a responsabilidade que lle cabe pra consolidar-la vida colectiva e entregar ás xeracións que nos sucedan os organismos aptos prós tempos que lles tocará protagonizar, é unha aspiración definitiva, que nos ten nas súas reas, na súa ringleira, cóbado con cóbado co que se someta a ese ideal.

A Autonomía galega responde ás esixencias sociais e xurídicas dunha sociedade en cambio, dun proceso en cambio nunha área do pensamento que no pasado se caracterizou pola súa adscrición a estruturas normativas definitivamente superadas, o que aviva a conciencia histórica dos pobos de España, necesitados de novas estruturas sociais, económicas e na filosofía política.

Galicia ten que vira-lo vello molde sobre o que se botou a dormir o mundo anterior; ten que rompe-la preguiza rectilínea, triturando os atrancos ou os intereses que obstaculizan, atravesados na conciencia colectiva.

Debo expoñe-la actitude, como Grupo Parlamentario, do noso. E fareino do modo mais sinxelo, porque a palabra espida, casta como a verdade antiga, rebaixada de toda a follasca artificiosa, poida aparecer sobre o espírito, sinxela, pra deci-la nosa verdade lisa e llana.

Por moito que se repita, xamais será un lugar común, dicir que os partidos políticos non poden saír coma as feras ó circo prá loitar. A paixón política xustifícase esforzándose en unir ós homes, non en espallalos. Teñen que se-los Partidos como esas columnas das catedrais góticas, que opoñen as súas forzas non pra destruírse dun modo mutuo e recíproco, senón pra axudar á grandeza do conxunto.

O que corresponde hoxe á miña intervención é, simplemente, definir unha situación de conxunto do noso Partido, deste Grupo Político que representa a fracción mais numerosa tocante ó Programa co que solicita a investidura de Presidente da Xunta de Galicia o Candidato de Alianza Popular.

Ninguén poderá dubidar de que a nosa actitude foi, é e será integradora. A nosa política, loitando por encuadra-la opinión no fortalecemento da Autonomía Galega, ninguén pode descoñecela. Puxémo-lo pulo pra que a Autonomía Galega, no rango constitucional e

histórico, ocupara o lugar que lle corresponde, sin desfalecemento. Puxémo-lo empeño en sacá-lo Estatuto daquel atasco que o achegaba ó abismo. Puxemos tal entrega, verdadeira, a esta causa de Galicia, que sería inútil descoñecelo. Mais refíroo porque niso está a revelación do noso empeño esperanzado de que non teña tropezos, senón que a Autonomía sexa a gran xerminatriz, pra que a Galicia lle saia pel nova, pra que Galicia sexa como o noso ensoño, que sexa unha certeza obxectiva. Todo pareceranos pouco en orde a encamiña-los pasos cara a unha concertación xeral.

A vosa mensaxe, como tódalas declaracións de intencións, ten aspectos positivos e moitos aspectos negativos. Paréceme que das intervencións anteriores, nas que, naturalmente, non estamos inmersos, poden recollese moitas afirmacións importantes, trascendentes e rectificadoras desa mensaxe.

E unha exposición de intencións, pro isto é perigoso. Aquí as palabras de Castelao, cando decía: "Renego da Historia de Galicia porque o pasado só nos deixou desilusións da vida, desilusión das intencións; fuxir das miserias arrastradas, das trampas e das redes con que nos enguedellaron os pés, dos espellismos, as ilusións, con que alabararon os nosos ollos; impedir que nos sigan pescando con brincas de ar, con anzós de ar.

Non vos vou facer, señores de Alianza Popular, o fraco servizo de decir que en ningún momento teñade-lo noso aplauso, a nosa aprobación e a nosa axuda. Bastantes dificultades teredes, por fáciles compromisos ós que vos lanzastes, a través da propaganda e a través deste Programa, pra que eu vos fora facer ese fraco servizo de amosar unha coincidencia inexistente, que ademais sería interpretada dun xeito pouco favorable prós vosos propósitos e prós nosos propósitos.

Nós podemos e debemos te-la posición clara de vir aquí a non pedir mais, nin ofrecer mais que o que signifique un interés rexional ou nacional. Non a ofrecer nada que, decorosamente, poida permiti-la sospeita dunha dobre maniobra, dunha maniobra que, no fondo, consistira en prestar conformidade a unha política coa que estamos fundamentalmente diferenciados. En relación con aqueles problemas que non son problemas de Partido, dunha situación política, senón que afectan á vida do País, é segura a nosa actitude comprensiva e patriótica: desde o noso sector, que á marxe do

signo do voso goberno, débese ós altos intereses nacionais, galegos, nunha posición leal.

A vosa mensaxe, o voso Programa, realmente redúcese a un índice de intencións, despido de fórmulas ou ideas pra realizalas. ¿E que imos decir?. Ese Programa anúnciase como unha aspiración a resolver algúns problemas, a enfortece-la vida económica, e penso que conteña un sentido de xusticia prá defensa e o desenrolo de Galicia. Conformes. Astra que vexamos como se concreta en proposicións netas e terminantes ese Programa, non podemos facer outra cousa que manter unha actitude construtiva expectante, seriamente construtiva, pro expectante, gardando a integridade da nosa posición doutrinal, como Partido da liberdade e da moderación, e vir, o día de mañá, a combater-lo que doutrinal e pragmaticamente debamos combater, a apoiar ou coincidir no que se presente como un punto de coincidencia, sempre, e mais en todo momento, cunha disciplina completa no noso Partido, e unha independencia absoluta no tocante á nosa política, non había porque aludilo, pro a fosca, a implacable hostilidade, mesmo a persecución, os malos tratos, non merecen recordo nin o recordalos constrúe. Se nós cairamos nesa conduta, teríamonos por fracasados. E de elemental bon gusto non encetar polémica sobre situacións e actitudes políticas anteriores; importa apaixonadamente a realidade galega. Prós que con que mais énfase e agresividade se sentiran adversarios nosos, os que, e non sin motivo, poden estar esperando a súa merecida réplica, recordo as palabras se-reas que o glorioso Manco escribira ó comenza-lo segundo libro de D. Quixote: "Válame Dios y con cuantas ganas debes de estar ahora esperando, lector ilustre o quier plebeyo, este Prólogo creyendo hallar en el venganzas, riñas y vituperios. Pues en verdad no te he de dar este contento, puesto que los agravios despiertan la cólera en los más humildes pechos y en el mío ha de padecer excepción esta regla".

Se cando nos propuxestes unha coalición, entendemos que o noso deber era non aceptala. o enunciado do voso programa é inevitable que camiñe unhas veces dunha parte pra outra na expresividade, o enunciado do voso programa ven a dar unha xustificación total e absoluta a esa actitude que nosoutros adoptamos, porque ese é un programa que ten demasiadas cóxegas: falades da Autonomía, as páxinas adicadas a xustifica-la Autonomía, aínda que

serodias (veñen un pouco tardías) pro benvidas, están na verdade nalgúns puntos como proscrición de nominalismos inoportunos.

E verdade que o tema rexionalismo-nacionalismo xa pasou, chámase nacionalismo ó que antes se chamaba rexionalismo e se está mellor ou peor chamado non imos entrar niso. ¡Ah!, pro unha afirmación si que importa deixala clara desde a nosa posición: que pra nós España non e unha entelexía xurídica, España é unha realidade obxectiva, non só unha realidade xeográfica. España é unha palabra que gastou séculos, que gastou as pedras, que tomou unhas arestas fabulosas, e nós somos enteiramente españois. Galicia é unha presenza constante na crónica do mundo. Na anatomía española é unha especie de nervo factor, capaz de produci-las mutuacións mais transcendentales. Galicia, á que España lle debe parte do seu tamaño e moito da súa significación. Aquí fixéronse expresións neste senso sin dúbida con mellor fortuna na expresividade, e eu suscriboas enteiramente.

Pro a xustificación da Autonomía —non estará de mais recordalo— ten unhas raíces non só históricas, nin se trata de remover legaxos, de tararear aires antigos, senón que é unha realidade actual que está no movemento dos pobos modernos. Ahí está o caso de Alemaña, que os que a venceron pensaron que troceándoa podían reducila a unha potencia de condición inferior e, con todo, ese foi o resorte pró seu rexurdimento, a rexionalización de Alemaña. Bélxica, que ten motivos diferenciais tan graves coma os que tocan ó idioma, encontrou nesta fórmula a composición do seu problema. Francia, que é o centro orixinario do centralismo, emprendeu o camiño de regreso, e Inglaterra intentou ou proxectou ou practica unha lei de rexionalización. De sorte que isto está nas imposicións políticas, económicas e sociais do noso tempo: a xustificación da Autonomía. Con isto e Autonomía sobre todo pra nós, isto resume mellor, quizais co que antes expresaba-o xeito con que quería decilo-a Autonomía supón a reconstrución de España; non se trata de descompoñer España, senón de recompoñela poñendo cada peza no seu sitio. Como decía Xaquín Costa, non se trata de deixa-las cousas como se deixaron antes, senón como debían de terse deixado. Por conseguinte, estamos totalmente conformes.

Pro dise no discurso programático, e recollo episodicamente algúns retazos —non vou facer

unha análise, que sería demasiado longo—, “fuxir do perigo da burocratización excesiva do aparato público autonómico, temos de ser non só severos con nós mesmos”; pro non se di que quere decir isto. Isto ten que ver co recato, co número e dependencias das Consellerías, pro xa se aclarou aquí que dar algunha noticia, aínda que fora impersoal, naturalmente, sobre a composición de Goberno parece que é unha cousa indispensable. ¿Como se pode formar idea do perigo da burocratización se non sabémo-las liñas elementais que se queren seguir neste senso?. Non se fai a mais leve referencia á futura composición do Goberno autónomo, ¿van aumenta-los gastos?, ¿van diminuír?, ¿como van se-los Departamentos, mais o menos?. A nós interésanos contribuír e contribuiremos, en todo caso con racionalidade, á gobernabilidade da Autonomía, e mais cás palabras serán os feitos os que sirvan de xustificación ó que estou decindo.

Lagoas no programa de carácter económico aquí expuxéronse con gran competencia, non con admisibilidade absoluta, pro con observacións tan atinadas que estou seguro que tomaredes nota pra millora-lo simple enunciado duns propósitos económicos e traducilo en fórmulas que conteñan algunhas solucións.

Decir que se tenta correxir desequilibrios non é programar fórmulas resolutorias dos equilibrios.

Dise “asumo de cheo a economía de mercado”, pro isto é unha afirmación abstracta, mesmo na orde á propiedade privada algunha manifestación é precisa, no senso de cal se entende que é o xusto tratamento desta institución acomodándoa a principios de utilidade social.

Do problema pesqueiro faise unha referencia desalentadora. Digo desalentadora porque sobre o problema pesqueiro, grave, dunha gravidade que parece que están tódolos horizonstes cerrados e tódolos abismos abertos, é moi pouco tratamento decir “a Consellería de Pesca fará o posible”. Sobre o índice de posibilidades nin se apunta nada, é decir “intentará ser oída en tódalas decisións”, parece que é extende-la man pedinteira cando Galicia ten que saír ó paso dalgunha maneira da posible desaparición deste sector industrial.

Pro vou chegar rapidamente á terminación destas palabras, que me parece que o senso que

as inspira xa debe de estar recollido polos Señores e Señorras Deputados.

Aquí hai un gran ausente no Programa, o gran ausente do Programa case inconcebiblemente ausente. Dise: "a primeira conquista que ten que facer un pobo é a conquista do Dereito, a conquista do seu Dereito". Isto non ten tratamento, isto non é unha manifestación abstracta, senón que hai algunhas liñas xerais, algúns principios, algo que no momento de construír xuridicamente a Galicia precisaba coñecer cal é o pensamento, ou polo menos algúns principios neste senso. O dereito galego de tódalas competencias que se atribúen á comunidade rexional, hai unha que non sei se se toma como de letra pequena, pro unha que di "o Dereito especial de Galicia", e o Dereito especial de Galicia iso xa é por si un programa completo, ou bastante completo. Porque o Dereito especial de Galicia exténdese á socioloxía, á economía, ó ámbito familiar, a ese mundo rural ó que aquí se aludiu e que se pasa sobre el dunha maneira ingravida no programa, porque non é un problema capital na economía galega o tema dos arrendamentos rústicos e os outros, os dos montes, e todo iso. Pro ese problema non se trata só de relacións entre... paréceme que pode estar ahí unha das bases elementais do amaño que precisa o país. Acaba de saltar unha Lei de Arrendamentos Rústicos que, se algo ten ou pode ter, é o campeonato das imperfeccións. Pero iso non ofrece motivo pra avanzar algunha idea, aquí díxose, por un lado, falades da guerra ó minifundio, por outro lado houbo alguén que, dalgunha maneira recoñeceu que non abonda con pasar por estas cousas sin ningún detemento.

Porque a industrialización, a todo gas, do campo, eu penso que iso é un disparate. E non sei se empreguei un adxectivo de demasiado volume. Si me acordo, que Murguía empeza decindo: "A división salvadora da terra"... "A división salvadora da terra", isto non quere dicir que eu estea predicando nin pregoando por unha atomización da terra, pro perdoade porque a improvisación pode levarme a erros. Pro eu quero recordar que, nas reformas agrarias, tres, unha que fixo McArthur no Xapón, outra, a que fixo Fidel, outra a que fixo Mao, falábase de evitar, se non recordo mal, de entrada, a industrialización masiva do campo. Porque non se trata de aumenta-lo proletariado campesino, senón de enraiza-la xente, aumenta-lo número de propietarios no campo.

Mediante unha regulación ou unha transformación xenerosa das, non sei se chamarlles, relacións existentes ou relacións inexistentes.

O tratamento do problema do campo en Galicia, ten unha importancia na que non vou afondar agora; bástame anuncialo. Pro si debo denunciar, da maneira mais cordial, que no voso programa non asoma, e iso ten un entronque directo o problema da emigración. Porque unha cousa é un programa de intencións e outra cousa é un programa de tópicos. Porque falar da muller casada, falar da emigración, falar do problema pesqueiro, falar de todo o que a forza de estar rodado pode constituírse nun lugar común, non. Hai que anclar e parar un pouco. E neste problema agrario galego, está a parte fundamental, pra min, da revolución económica, unha revolución construtiva, chamémoslle a evolución económica que está precisando Galicia e que non tivo solución, que non ten solución.

Non contemplastes que o Dereito Galego, que é o gran ausente, ofrece algún tema como é o da revisión da compilación. A compilación é pequena, é curta, pro contén as Normas do Dereito Galego. ¿Iso é intocable?, ¿non hai propósito de entrar niso?. O Dereito Agrario, o tema dos montes... Aprobouse unha Lei sobre os montes, recentemente, no Parlamento Español, pro quedou reservada a facultade do Parlamento Galego, que lle concede o Estatuto, de volver a ese exame. Como lle está reservada na Lei de Arrendamentos Rústicos que se aprobou no Parlamento, e foi unha reserva coidadosamente custodiada e conseguida, na que puxemos man precisamente, pra que chegado este momento en que Galicia poida entender e administra-los seus intereses, vaia a estes problemas. O problema dos montes ten unha importancia extensísima. Pasastes cunha soa cita. A revisión dos trabucos, dos impostos, e que a ilusión do abaratamento da vida, sobre todo da vida campesina, non ten espacio pra unhas preocupacións. Pro, ademais, Señorras e Señores Deputados, amigos meus, estou falando do ausente, que é o ausente: o Dereito. Aquí tedes un texto que ven ser, un pouco, a biblia do noso Dereito Rexional ata agora, que son os traballos e conclusións do Primeiro Congreso de Dereito Galego, que dan un índice de plantexamentos, pro de solucións. Non se trata, entón, dun índice de intencións, senón que se propugnan solucións concretas pra problemas que están ahí.

Pro o Dereito ten unha finalidade que é realiza-la xusticia. E isto ponme de cara ó problema mais grave que ten Galicia. Nos outros, colectiva e individualmente, estamos rendidos, e renderémonos a nos en todo momento, a proclama-la necesidade das solucións que conveñan a Galicia, só de lado dos que queiran acompañarnos na solución real dos problemas. E o problema tráxico de Galicia está nestas latitudes. Porque se a un lle preguntan en que se distingue un pobo libre do que non o é, un pobo avanzado do que non o é, é na Constitución, nas Cámaras, un pobo sen Xusticia non é un pobo libre. Un pobo sen Xusticia non ten outro problema. E Galicia é un pobo sen Xusticia. Porque os Tribunais de Xusticia non funcionan, as sentencias non se ditan, esta é a realidade. E aparte de ser teorizantes hai que ir, e decíao Cervantes, "sobre la tierra firme de la vida". De modo que, buscando os medios que se poidan, forzando as solucións que teñan que forzarse, o necesario é o que ten demanda. Hai uns párrafos de Castelao que insertades no noso Programa: pan, xusticia... ¿Pro de que val que ninguén pida xusticia, se vai a un Xuzgado e os Xuzgados galegos non funcionan, se os Xuzgados galegos están estancados?. De sorte que me parece a min que, nunha obra de goberno, indispensablemente hai que afrontar este problema. Polo menos non se pode pasar cerca dese problema *sin* decir que se sente, que se dá conta. Porque afecta ós ricos e ós pobres. E a verdade, a triste verdade e non se trata dun índice de culpas, senón dunha situación remediabile, e que non me pesa nada poñela nas preocupacións do futuro goberno de Galicia, ou de saír ó paso da necesidade de que se poida presentar unha demanda e que se atenda, se tramite e se resolva.

E vou concluír. A personalidade, o prestixio persoal do doutor Fernández Albor, un deber das circunstancias é o que me obriga a construír. Pro hai outras razóns: un político ten que ser tributario da vontade do pobo. As veces parece escura a vontade do pobo. Outras veces póñenlle tacha de ignorancia. A masa, dise, é ignorante. Pro a masa é de seguro consello pra quen saiba interrogala e comprende-los seus balbuceos. Unha honesta e elemental obrigación obrígame a declarar que estades ahí pola vontade lexitimamente emitida da maioría do pobo de Galicia. Por conseguinte, cando facémo-la afirmación dunha presenza construtiva, e cando decimos que tendes asumido o goberno de

Galicia, e o que os signos diferenciais que non nos permiten a coalición convosco non son obstáculo pra esta afirmación, e afirmamos que desde a nosa independencia teremos aquí unha posición construtiva, non temos outro empeño que mostrarnos, non como adversarios, e menos sistemáticos, senón como uns homes respetuosos coa vontade do pobo de Galicia que saíu das urnas, e as urnas teñen sempre razón. As urnas poden rectificar, pro as urnas dispuxérono, e nos outros somos respetuosos coa vontade dos homes de Galicia.

Mais nada.

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Moi ben. O Señor Barreiro ten a palabra.

O Sr. BARREIRO RIVAS: Señor Presidente, Señoras e Señores Deputados, Señor Candidato á Presidencia da Xunta. Di un vello refrán, un refrán que non é galego, que creo que é do mundo enteiro, que un camiño, por longo que sexa, sempre empeza da mesma maneira, empeza co primeiro paso. Isto é fundamental, desde o meu punto de vista, o telo presente, sempre que se está empezando algunha obra capital, tal como é esta en que hoxe se están poñendo as primeiras pedras pra forma-lo que nos anos próximos ha de rexi-la vida, a convivencia de tódolos galegos dun xeito democrático, de acordø coa Constitución, de acordo co Estatuto, de acordo coas Leis de España e as Leis que ha de ter que xerar este propio Parlamento.

O Candidato á Presidencia da Xunta, coa presentación do seu programa diante desta Cámara, acaba de escomenzar este camiño. E é importante, cando se escomenza este camiño, non só facer unha análise de como vai ser puntualmente, de como se vai desenrolar, se vai a ser sombras ou ramaxes, cal é o destino, senón tamén a disposición inicial con que se empeza, pra saber ata que punto é posible confiar nesta persoa que inicia a súa andadura, a súa difícil andadura.

Desde logo, en principio, por unhas consideracións xerais sobre o que foi a exposición do candidato, cómpre decir que hai algunhas cousas que permiten, desde o noso punto de vista, confianza.

En primeiro lugar, parece que hai un bo xeito de empeza-lo camiño cando non hai vistas a atrás. E digo que non hai vistas a atrás, non no senso histórico que repetidas veces se

criticou nas intervencións anteriores, senón noutro xeito que sería o xeito da crítica destrutiva. E unha mirada de cheo adiante, unha mirada na esperanza, un plantexamento sobre o camiño e sobre a obra que queda por facer e nunca unha busca de disculpas en situacións antergas, en situacións inmediatas no tempo anteriores; en todo caso, o Candidato asome con tódalas responsabilidades sobor de sí a inmensa tarefa que ten por diante.

E quero dicir que estas referencias á historia, que desde o meu punto de vista foron breves no discurso do Parlamento, deben de ser interpretadas mais coma unha apelación ó mestre que sempre ten que se-lo tempo pasado, que coma unha volta atrás, pensando que hai algo que se desexa que quede atrás ou pensando que hai algo que se busca como unha posible mitigación do que vai se-la tarefa do Goberno Galego; unha posible mitigación do que vai se-lo posible fracaso ou o posible triunfo do Goberno Galego.

Penso que hai unha segunda cualidade na maneira de empezar este camiño, que é o ser conscientes plenamente de cales son as dificultades coas que se vai encontrar. Por tanto, pode que a exposición sexa efectivamente xenérica en moitos dos seus apartados, pode que teña enormes lagoas pro, en todo caso, o que si ten é un recoñecemento perfecto de cales son as dificultades por diante, e non hai promesas vás, hai sobre todo—iso si— afirmacións, ó millor amplas, pro que en todo caso son sempre materializables nunha realidade e nunca hai o que podería ser unha enorme declaración, non xa só de intencións senón tamén de obras, de realizacións a facer que se quedarán no papel que se poñía aquí, que se quedarán nas verbas que se dixeran aquí, porque todos estamos fartos de ouvir grandes declaracións parlamentarias en tódolos Parlamentos do mundo, ou de lelas, a través dos Diarios de Sesións que, lidas a 6 meses vistas, dan realmente a medida do que pode ser unha declaración inicial, cando só se ten presente a idea de contentar, ben sexa a unha Cámara, ben sexa a unhas persoas que tentan, que van facer unha análise inmediato das verbas vertidas desde esta tribuna.

Ten en terceiro lugar outra boa cualidade, que é non pretender face-lo camiño na primeira xornada. E hai lagoas no discurso que ten que haber. Hai lagoas que hai que recoñecer que era imposible agora mesmo encher dun xeito que non fora o demagórico ou que non fora,

dalgunha maneira, aventurado. Hai cuestións que, evidentemente, cando se está plantexando como aquí se dixo repetidas veces ó forma-lo primeiro Goberno de Galicia, saído dunha Cámara que acaba de inicia-las súas sesións, cando se vai poñer en marcha un mecanismo autonómico apenas escomenzado, o que hai que facer é ser cautos, e antes de nada entrar nun proceso de información evidente que o Candidato terá que ter, e que non tivo ata agora ocasión de ter porque, evidentemente, non está sobor das mesas toda a información, nin estadística, nin económica, precisa como pra nestes momentos poder facer avances sobre temas tan importantes como poden se-la cuestión presupostaria que se poderían facer desde o punto de vista teórico, pero que correrían o gravísimo risco de quedar nunha mera lección que se poidera dar sobor desta Tribuna.

Desde logo, non sería lóxico que na miña intervención me centrase, coma os restantes Grupos Parlamentarios, en ir, dalgún xeito, esmiuzando o discurso ou en ir criticando as súas lagoas, en ir criticando ou en ir, polo contrario, que tamén nalgúns casos se fixo, ir tamén loubando os seus acertos fundamentais. Pro tampouco é a miña intención, desde logo, facer aquí, pois, unha apoloxía do que foi o discurso, nin do que é o Candidato, porque penso que estou en uso da miña palabra representando ó Grupo Parlamentario de Alianza Popular, que é consciente plenamente de que non é o mesmo o seu Programa, co cal se presentou ás eleccións, ca un Programa de Goberno presentado nunhas condicións especiais, xa despois das eleccións, xa de acordo cos resultados da Cámara galega que se está presentando aquí, neste Parlamento.

Evidentemente, un Programa de Goberno, ten que ser moito mais concreto, ten que ter mesmo cuantificacións dos problemas, ten que ter mesmo este calendario de prioridades. E case poderíamos dicir, aínda que tampouco sería exacto nin xusto de todo, que se o Goberno Galego se estivera tratando de formar, ou se estivera formando, porque neste caso estaría garantizado a través dunha maioría absoluta da Cámara, é evidente que podería facerse o traer aquí unha lectura do propio programa simplemente cun breve traballo que consistira en pasalo á linguaxe que require a Tribuna Parlamentaria. Pasariamos aquí, evidentemente, varias horas, escoitaríamos unha larga ringleira de declaracións, tamén escoita-

riamos unha larga serie de propostas de acción; en todo caso, estaríamos en moitos casos tocando a utopía, porque, evidentemente, os programas de partidos, se tales son, han de ser unha intención final á que se quere chegar e que moitas veces requiren enormes prazos. E unha idea permanente de transformación dunha sociedade, de acordo cun modelo que así se escolleu. E ademais, mesmo non faría falla este tipo de presentacións porque, evidentemente, xa todos temos ou debemos coñecer, temos esa obriga moral, de coñecer cal é o programa fundamental de tódalas forzas políticas que se sentan neste Parlamento.

O que si é evidente é que agora non se trata só de aplica-lo Programa de Alianza Popular; trátase de ver ata qué punto é aplicable o Programa de Alianza Popular, tendo en conta que nesta Cámara somos unha maioría, pro minoritaria, que temos que estar constantemente acadando asentimentos doutras forzas ós nosos plantexamentos, que temos que ter unha postura flexible, porque esa vai se-la única maneira de que poidamos gobernar. E o Grupo Parlamentario de Alianza Popular é consciente de que existe esta flexibilidade, este cambio entre o seu propio Programa e a presentación do Programa do Candidato á Presidencia da Xunta, e asúmea precisamente con esa xenerosidade á que aludía o propio Candidato, con esa xenerosidade que fai desde agora renunciar a algunhas das cousas que con moito gusto afirmaríamais taxativamente do que aquí se teñen que afirmar, precisamente porque estamos gobernando de acordo cunha vontade expresada polo pobo galego que nos deu aquí 26 escaños de 71 pro que, evidentemente, teremos que ir contando con sucesivas minorías que evidentemente manteñen a súa independencia e débena manter e iso é o xeito de levar adiante a Democracia.

Decía o Candidato que sobardaba os principios de Alianza Popular. E sobordalos quere decir dalgunha maneira, rebordalos por fóra, non quere decir contrapoiñerse a eles, non quere decir esquelos, quere decir xustamente ir un pouquiño mais alá sin contradecilos, pra que poida acadar, —non agora, senón ó longo de todas unhas tarefas parlamentarias da primeira Lexislatura, que como alguén dixo aquí é case constituínte porque ten toda a tarefa por diante por facer— esta colaboración de tódolos Grupos Parlamentarios da Cámara.

O Programa que presentou o Candidato sinala, en primeiro lugar, unha postura posiblista diante do Goberno Galego. Sinala, en segundo lugar, unha postura flexible. Sinala, en terceiro lugar, unha postura realista e sinala, en cuarto lugar, unha conciencia clara de cales son as súas posibilidades e de cal é finalmente o seu destino na acción de goberno.

Evidentemente, cando isto se está facendo, cando isto se está expresando dunha maneira en que sempre se fai nos discursos das Cámaras, dun xeito que é un pouco xenérico, un pouco inconcreto, é evidente que quedan lagoas. E quérome referir a este término porque estou seguro de que, mesmo, o propio Candidato, se fixera unha revisión do seu propio discurso, encontraría el mesmo esas lagoas, e con toda seguridade do debate que aquí se está producindo el mesmo irá adquirindo unha experiencia fundamental, e isto é o que sempre ten a maior importancia nos debates parlamentarios. Adquirirá unha experiencia fundamental e, mesmo, terá que recibir algunhas das suxerencias que aquí se fixeron porque, evidentemente, non era a súa intención nin decilo todo, e decilo todo ben si, pro a seguridade, desde logo, de decilo todo ben tampouco non era a del. O que é evidente —e paréceme que todos coincidiron— é que algúns puntos quedaron claros e, mesmo, demasiado claros, e isto quere decir que é evidente que o Programa que o Candidato nos dá, está sustentando un serio debate no que as posicións das forzas contrapostas é evidentemente que se pode manter no que é certo que se sustenta un serio debate, e no que en todo caso estamos agora mesmo pra empezar a avanzar.

Eu vería no estudio do discurso parlamentario tres partes fundamentais. En primeiro lugar, considero que existe unha expresión do que é un modelo político no que se fala do alcance, no que se fala da función, no que se fala do marco, da realidade do autogoberno que dalgún xeito xa con Cámara Parlamentaria imos estrenar na súa plenitude. Habería unha segunda parte do discurso onde se fala dunha instrumentación humana e dunha instrumentación económica da tarefa de goberno que evidentemente terá que sustenta-la intencionalidade do Candidato e do Grupo Político que o apoia. En terceiro lugar, quedaría esa, dalgunha maneira, concretización, anque tan criticada foi a palabra, das actuacións sectoriais que se van levar a cabo, baseándose

precisamente neste equipo humano e nestes medios económicos e tendo o marco político no que aquí se acaba de decir.

Dentro do marco político, Alianza Popular observa, en primeiro lugar, reflexado un concepto de Autonomía claro, preciso e perfectamente constitucional; e digo concepto de Autonomía consciente de que evidentemente ó longo de todo o proceso de institucionalización do Estado autonómico, vense xogando neste término, neste terreo vense xogando, cunha pretendida imprecisión pra que así poida, en certa medida, quedar plantexada sempre a posibilidade dun avance sobre a realidade autonómica e levarnos a algo perfectamente diferenciado, distinto ó establecido na Constitución, como poideran ser plantexamentos federais, ou plantexamentos mais alá dos federais, nos que o dereito de autodeterminación estaría recoñecido e, evidentemente, non é a miña intención facer aquí unha crítica das posicións federais, nin moito menos, senón dicir que as consideracións políticas, teñen que ser, ante todo, realistas. E se a teoría federal é perfectamente compatible pra correr un camiño cara adiante, pra xunguir pobos que están dalgunha maneira disterados, o que si é evidente é que é un absurdo volve-los camiños atrás pra poder sustenta-lo que ten que ser, o que pode ser esa teoría federalista. E Alianza Popular é perfectamente autonomista neste senso. Recoñece que España é unha realidade plural, que falamos linguas distintas, que temos xeitos culturais diverxentes, que temos realidades físicas e económicas totalmente distantes. Non obstante, o que é evidente pra Alianza Popular é que a unidade acadada xa, mesmo de xeito político, porque doutros xeitos acadouse antes, pro mesmo no sentido político, hai agora cincocentos anos, isto é unha cuestión que non se pode estar revisando constantemente, e que por tanto, o pretender ir mais alá do modelo autonómico é, desde agora, é agora mesmo algo que significa estar facendo unha política fóra da realidade na que nos encontramos.

Pro non só quere facer esta declaración de unidade de España, senón que o Candidato apuntaba a algo mais importante, que é o intento de profundizar teorica e realmente no que ven ser este modelo autonómico. Evidentemente, non só a Autonomía é, en primeiro lugar, algo que se fundamenta en cuestións históricas ou en cuestións culturais. O mesmo Candidato decía que era moito mais ca iso. Que

era unha realidade actual e que aínda ten que ser unha realidade, ademais, futura. E dicir, que as lexitimacións da Autonomía non concluíron, senón que empezan na medida en que a Autonomía empece a dar resposta a cada un dos problemas ós que se pretende que a dea, na medida en que a Autonomía poida ir, ós poucos, demostrando que é algo mellor, algo moito mais positivo do que anteriormente tiñamos.

Por tanto, esta idea de profundizar no senso teórico e no senso real do que é a Autonomía é unha segunda intencionalidade do Candidato que, evidentemente, non pode el facer aquí, porque é unha tarefa non só desta Cámara senón de todo o pobo galego que terá que ir asumindo día a día a súa identidade e dándolle unha formulación política porque tamén decía, e temos que recoñecelo así, e Alianza Popular así o dixo na súa campaña, que, evidentemente, os intentos de darlle unha formulación política ó senso de identidade real que ten o galego de si mesmo, ata agora veñen fracasando case sistematicamente, e non se pode dicir que, ata agora, o pobo galego estivera ilusionado. Participou, si, no proceso de formación da Autonomía. Participou, mesmo, activamente, nas eleccións a este Parlamento, mais do que moitos agoiraban e mais do que moitos esperaban. Pro, en todo caso, o pobo galego aínda segue vivindo cunha certa distancia ó que ven se-lo proceso de institucionalización levado adiante por unhas persoas cheas de boa fe, cheas de boa vontade; por suposto, perfectamente coñecedoras do que é a realidade, tanto no dereito como na súa concepción histórica da Autonomía. En todo caso, digo, é evidente que a tarefa de ir profundizando na Autonomía, é algo que o Candidato non seu discurso avanza, pro que chama a ela, dalgún xeito, a todo o pobo galego e a esta Cámara en especial pra levala adiante a partir de agora.

E, por suposto, é unha Autonomía levada adiante dentro do principio constitucional. E aquí hai que dicir, claramente, que a reforma que o Candidato propón do Título VIII da Constitución, nunca se debe de interpretar, e calquera que relea as súas páxinas con atención penso que non o poderá facer así, sinxelamente, nunca se poderá intentar entender como unha reforma no senso do recorte, no senso de tirar dereitos adquiridos, no senso de facer unha interpretación restritiva do Título VIII da Constitución, senón de facer unha

interpretación clarificadora que é necesaria. E que é necesaria recoñéceno, dalgún xeito, ben sexa directamente ben sexa indirectamente, a práctica totalidade das forzas políticas que teñen a maioría nas Cámaras, tanto a nacional como, neste caso, na Cámara Galega, dalgún xeito recoñéceno, posto que están, agora mesmo, imbuídas nos traballos que van levar a un proceso, en certa medida, de armonización, interpretada como se queira decir, pro de armonización ó fin e ó cabo. E, posto que, efectivamente, leis como a de Financiación da Comunidade Autónoma veñen, dalgún xeito, paliar graves defectos que quedaran plantexados por non haber unha seria clarificación do tema no Título VIII da Constitución.

Pro, sobre todo, e isto quéroo decir, a introdución dos termos nacionalidades, rexións e comunidades autónomas na Constitución, que non se fixo facendo unha clarificación perfecta dos mesmos, senón utilíndoos despois, cada un baixo a súa instrumentación concreta, require agora mesmo que nos poñamos de acordo, seriamente, no que isto ven ser, unha vez mais. Porque non é Alianza Popular a que ten medo ó utilamento dos termos constitucionais, é decir, ó que di o primeiro artigo do Estatuto de Galicia, que Galicia é unha Nacionalidade Histórica. O que ten Alianza Popular medo, é a que isto xere, como dalgunha intervención das precedentes aquí se pode derivar, xere unha competencia entre os pobos galegos por empezar unha carreira, por incluírse nun ou nos outros termos, como se isto supuxera diferencias legais, ou sociais, ou formas distintas de entende-los pobos de España, porque Alianza Popular, neste momento en que houbera desigualdades, en que houbera simplemente a posibilidade de que así se plantexasen, evidentemente, propugnaría a supresión de calquera dos termos con tal que todos eles se xeneralizase. Porque, o principio do Estado Autonómico é o recoñece-las diversidades, non o fomentalas. E, dalgún xeito, se analizámo-las declaracións dos políticos en tempos inmediatamente pasados, teremos que ver que esta dobre ambigüedade dos termos nacionalidade e rexión, levou a unhas interpretacións tan peregrinas que puideron chegar á conclusión de que case case, case o feito de ser nacionalidade ou rexión, pra nós, é unha mera casualidade, posto que, evidentemente, o Estatuto chegou, por pouco tempo, a refrendarse-o Estatuto do 36.

Por tanto, eu penso que o concepto que hai que ter da identidade de Galicia e da plasmación política da súa identidade, é algo mais fondo ca todo iso, e que efectivamente pode sobarda-las propias palabras, pode dalgún xeito utilar ou unha ou a outra, pro, en todo caso, no que ten que centrarse cada vez mais, é na realidade do feito cultural, na realidade do feito económico, na realidade do feito político, nas competencias que se lle transfíren, no exercicio eficaz da acción de autogoberno, e iso será unha cousa ou será a outra, pro independentemente de que empezamos a facer torres coas palabras, que sempre quedan moi bonitas, pro que ó final véñense facilmente abaixo.

Facer torres coas palabras —e lembro aquí unha frase dun canteiro que había na miña vila— é sempre moi fácil, porque as torres, a medida que se van elevando permiten, como decía el, que picadas coma vacas parezan molduras, e non é así; realmente, seguen sendo esas inmensas picadas que desfán as pedras, pro que cando non hai a posibilidade de ensinala pedra a certa distancia, o que se fai é tratar de formar grandes “rollos” de palabras que dalgunha maneira pretenden desvirtualo que é un plantexamento fóra da realidade, inconcreto, e que en resumidas contas, o que nunca se di aquí, e esa é a maior inconcreción, é cómo se poderían plasmar agora mesmo, dada a situación económica, cultural e política, real de España, como se podían plasmar eses plantexamentos nacionalistas, eses plantexamentos, que en todo caso, requiren ou bases constitucionais, ou xeitos semellantes, e que, en todo caso, tamén se veñen contradecendo con outras intencións que hai de limitar á forza das palabras, o feito das leis.

Evidentemente, eu penso, que un dos maiores servicios que lle podemos render a Galicia, é chamarlles, desde agora, ás cousas polo seu nome.

Tamén hai, finalmente, unha referencia á Constitución, que é importantísima ter en conta, porque é a primeira vez que un Candidato ó Goberno nunha rexión autónoma, é a primeira vez que se fai expresa referencia ó nome de España, á vixencia da Constitución, ó marco estatutario e á persoa de El-Rei, á institución da Coroa, como algo que ten que garantir dalgún xeito a democracia. Porque teñamos en conta que evidentemente a Autonomía, e así hai que interpretala, é un instrumento fundamental de exercicio da democracia por-

que achega o poder ó pobo, porque fai que todos teñamos meirande responsabilidade cada vez; porque fai que esa meirande responsabilidade haxa que exercela evidentemente con maior participación; e iso é a democracia, pro non a podemos acadar fóra dese marco constitucional, fóra desa garantía institucional da Coroa é imposible acadala. Tamén neste senso a referencia á Coroa parece evidentemente axeitada, acertada, imprescindible cando se presenta un programa de goberno nunha rexión autónoma.

Despois hai a segunda parte onde se fala da instrumentación humana e da instrumentación económica da Autonomía. En primeiro lugar, hai algo concreto, evidentemente concreto, sobre o que se pensa facer do aparato administrativo da Comunidade Autónoma: pénsase crear un propio aparato administrativo, axeitado ás necesidades deste funcionamento da Autonomía, e pénsase promocionar ademais a formación e, mesmo a promoción, digamos, en escala dos propios funcionarios, a través dun proceso de adecuación a estas necesidades da Autonomía, creando mesmo esa escola de estudio de administración política, que é agora mesmo tan imprescindible, non só pra Galicia, senón pra que no conxunto das administracións de España, que cada vez terán que ser mais coordinadas e menos contraditorias, se vaia adquirindo o nivel alto que requiren as novas necesidades plantexadas polo goberno.

Pro o mais importante que aparece nesta segunda parte é evidentemente o tema da financiación da Comunidade Autónoma e aquí, evidentemente, eu non pretendo ir dando respostas ós temas plantexados polos oradores que me precederon nesta tribuna, non pretendo ir dar unhas respostas que competen evidentemente ó Candidato aínda que hai determinadas coincidencias na medida que pertencemos ó mesmo Grupo Parlamentario, o que si é evidente e, probablemente, o que non houbo, é unha lectura atenta do discurso que deixara claro cal é a crítica fundamental que se fai á Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas, polo discurso do Candidato. E a crítica non está na filosofía de fondo desa Lei, senón en que esa filosofía non está instrumentalizada dun xeito claro e dun xeito concreto, e o feito de que haxa que acadar cada unha das vantaxes que desa Lei se poden derivar, mediante un proceso constante de negociación, nos pode poñer nunha situación de desvantaxe fronte a outras Comunidades mais prepotentes.

E utilízanse algunhas variables pra fixación dos criterios, segundo os cales han de asignarse os recursos económicos a Galicia que, evidentemente, consagran dalgún xeito, non dunha maneira tan inxusta como agora ven sucedendo, pro si consagran dalgún xeito a distribución actual que hai entre as rexións ricas e as rexións pobres de España.

E non se trata aquí de poñer un plantexamento reivindicativo no senso obstrucionista ó Goberno Nacional, pro si, de que, por exemplo, o Fondo de Compensación Interterritorial, sexa o que ten que ser, o que ten que ser na súa base, que é xustamente un sistema pra palia-los desequilibrios territoriais, en primeiro lugar desde o punto de vista do conxunto da Nación española e, en segundo lugar, desde o propio punto de vista da rexión galega. Porque do contrario, se esa —digamos— proporción inversa na atribución dos fondos do Fondo de Compensación Interterritorial, non é o suficientemente inversa, imos facer este xogo de palabras, dalgún xeito seguirase mantendo o feito de que as rexións ricas seguirán sendo cada vez mais ricas e as pobres seguirán sendo cada vez mais pobres. Ademais, había unha seguinte chamada, que é unha chamada, e que non pode ser outra cousa, a que as inversións do Goberno do Estado Español se fagan seguindo os mesmos criterios porque, do contrario —e isto é importante— podería suceder que o que ó Fondo de Compensación Interterritorial viñera dalgunha maneira a solucionar, acabara sendo despois anulado por unha política de inversións do Estado que se asentase sobre criterios evidentemente diferentes.

O discurso do Candidato prevé, en primeiro lugar, que tódolos tipos de financiación que o Estatuto permita á Comunidade Autónoma, poderán ser utilizados, pro fixa unha escala no utillamento destes mesmos medios de financiación e, desde logo, é un dos principios de Alianza Popular, que, se é posible, non se faga ningún incremento da carga impositiva sobor dos galegos.

Pro pra isto hai que te-la suficiente forza, a suficiente valentía tamén, no momento no que se está presentando un Programa de Goberno, pra decir que, se fose necesario pra saír dun momento de crise estrutural, mesmo nese momento, se fose preciso, tamén se recorrería a iso, porque a comunidade galega —non o olvidemos— é tódolos galegos.

O que si habería que facer é que ese incremento da presión fiscal, se fose nun momento preciso, tería que ir a aquelas zonas económicas en que menos mal fixera. Dalgún xeito que primase evidentemente, neste trato fiscal, ás zonas e ás clases sociais que noutro momento foron mais discriminadas polo tratamento da Facenda Pública.

Nun terceiro apartado, o Candidato tratou de facer unha exposición de cales van se-las súas actuacións concretas divididas sectorialmente. Evidentemente aquí hai lagoas, e Alianza Popular recoñece ela mesma que hai lagoas. O que si penso que queda claro na exposición que fixo o Candidato é cal vai se-la filosofía de cada unha das actuacións que se van levar adiante en materia de industria, en materia de comercio, de agricultura, de vivenda ou noutras materias, cal vai se-lo fondo inspirador destas actuacións.

O demáis poderíase facer simplemente cun incremento notable das páxinas, porque non cabe a menor dúbida de que hai unha posible non coincidencia no tratamento final dos problemas, pro si na recopilación dos mesmos, que é fácil de facer, e penso que non se trata diso. Penso que o que ten que asumir o Candidato neste momento é a imprecisión que supón facer un discurso dunha hora no que ten que expoñer un programa onde se empece por face-los plantexamentos políticos, despois os económicos e despois as actuacións. E teñamos en conta que cada un dos apartados pequenos que compoñen o discurso na súa última parte sería obxecto dunha intervención; é mais, será obxecto de múltiples intervencións nesta Cámara e penso que, como decía ó principio da intervención, non é este o momento de dar todo por feito, senón de da-lo marco no cal se quere facer.

Evidentemente, no marco económico, no estudio da crise, coincide Alianza Popular e o Candidato, e pensamos que é nun dos puntos en que mais asome, sin sobardamentos, o noso propio Programa: que é defensora da iniciativa privada, que é defensora da economía libre. Pro isto non é unha soa declaración que ahí se quede, que se poida decir tan claramente que iso ven beneficiar a unhas clases industriais prepotentes e indentificando dalgún xeito a iniciativa privada única e exclusivamente coas grandes industriais ou coas grandes patronais. Non é iso, senón que o que é é un recoñecemen-

to de que, precisamente, nos xeitos de actuar mais democráticos e mais libres, precisamente unha das liberdades mais grandes é a de a iniciativa privada en temas económicos. E que isto non é ademais unha declaración que en principio quede así moi bonita, porque respeta as liberdades dos propios individuos, porque dalgunha maneira nos dá a todos participación na tarefa de erguer economicamente a nosa propia terra, senón que é unha constatación de que en tódalas nacións, onde os modelos de economía libre veñen agora mesmo poñéndose en práctica, non só acadan rapidamente enormes cotas de benestar, senón que, algo mais importante, as acadan xustamente facéndoas compatibles cos mais altos niveis de liberdade, de participación e de democracia, e isto é o que quere deci-lo respecto ó modelo de economía libre.

Isto sobre todo non quere decir, porque o Candidato non eludiu falar do tema, que se é necesario crear un sector público que subsidiariamente axude á economía privada —que nós, desde o punto de vista de Alianza Popular pensamos que si será preciso— que o fará, pro que, evidentemente, terá esa función de ser subsidiario, de facer funciona-la economía, de darlle o empuje inicial se é necesario, dalgunha maneira despois de ir tapando todas aquelas lagoas que a propia iniciativa privada vaia deixando. Pro, desde logo, o que Alianza Popular di taxativamente, e non admitiría outro tipo de interpretación, o que di taxativamente é que será a traveso da iniciativa libre polo que se vaia conseguindo unha meirande adaptación da tarefa de Goberno e, sobre todo, da intervención na economía; que se vaia conseguindo a traveso dunha participación democrática. Desta maneira tamén se irá logrando un maior axeitamento ás necesidades, á vontade do pobo galego, que votou, dalgún xeito mais ca ninguén, ós que tiñan este Programa, moito mais explicitamente presentado có que aquí se fixo nesta Cámara. Porque o Programa de Alianza Popular neste senso é moitísimo mais claro do que aquí se fixo e non é necesario que se volva a repetir aquí, cando todos vós o coñecedes ata tal punto que, repetidas veces, se fixo alusións a este propio Programa.

Eu podería agora mesmo, tamén aquí, decir cales son algunhas das grandes lagoas que se notaron no discurso. Moitas delas son por unha falta dunha interpretación necesaria que

haberá que facer da propia declaración do Goberno, ós poucos, porque o feito de tratar en poucas páxinas estes temas tan importantes fai que, moitas veces, queden insinuados como é este do sector público, como é o da chamada ós sectores empresariais pra que participen, con esta iniciativa súa, na tarefa de erguer economicamente a Galicia, como é mesmo a chamada á cooperación e ás asociacións pra levar adiante o desenrolo e a reestruturación do campo.

Todo isto vai quedando, dalgunha maneira, solapado e pódense facer lecturas nun ou noutro sentido do discurso. Non se trata agora mesmo aquí de que eu mesmo, sobre todo eu, vaia poñendo en claro cada unha das lagoas que, efectivamente, existen e cada unha das outras que se dixo que existiron e que, na realidade, penso que bastantes, quedaron claramente expostas no discurso.

O que si é evidente é que no remate do discurso, o Candidato asome a mais grande concreción que pode asumir, xa que di que, despois dun discurso de presentación do seu Programa, ante a Cámara queda unha proba concluínte, e esa proba concluínte é a da gobernabilidade. Isto quere decir que se o Candidato expuso, en primeiro lugar, os seus plantexamentos políticos, económicos e sectoriais, que se, en segundo lugar, expuso cal é o camiño ó que quere leva-la instrumentalización que quere facer desta gran ferramenta que é o autogoberno galego, o que pide agora é, a esta Cámara, en certa medida, así o entende o Grupo de Alianza Popular, é un beneficio, que é o da dúbida, o da posibilidade, o de decir ata que punto a vontade política de levalo adiante queda reflexada no discurso. Esa proba concluínte é o mais concreto, evidentemente, que hai no discurso: a proba concluínte da gobernabilidade que empezaría no mesmo momento en que esta Cámara refrendase ó Candidato á Presidencia da Xunta.

Alianza Popular sabe perfectamente que ten detrás súa a tarefa de apoiar dun xeito especial, da maneira mais completa, ó Candidato que presentou á Presidencia da Xunta, pro sabe que terá que contar democraticamente, porque así o quixo o pobo galego, cos demais Grupos desta Cámara. Por iso quixo facer flexible a intervención do Candidato á Presidencia; por iso quixo que o que aquí se manifestou, polo menos nunha gran parte das intervencións precedentes, cunha vontade de

cooperar, non cunha crítica acerba, senón cunha crítica construtiva ó que ven se-lo discurso inaugural da Autonomía. Quere facer un chamamento pra que esta responsabilidade, ó mesmo tempo crítica, e ó mesmo tempo flexible, se manteña en tódolos grupos da Cámara.

Porque, mentres nós todos —e lembro aquí un pensamento vertido hai agora case un século— mentres esta Cámara se manteña en pé, o pobo galego poderase manter en pé, pro cando os seus representantes empezasen en liortas, cando os seus representantes empezasen dalgún xeito a empece-lo labor de goberno, a empece-lo propio labor dos Grupos Parlamentarios, dalgún xeito o pobo galego con esta Cámara estaría-se vindo abaixo. A responsabilidade fundamental, a responsabilidade directa, é do Presidente da Cámara. O apoio correspóndelle evidentemente a Alianza Popular, a colaboración correspóndelle a todos.

E isto eu penso que é o feito final a destacar dun Discurso de Investidura. Se é posible, dalgunha maneira que esta intencionalidade sexa asumida por todos, asumímola, na medida en que nos sexa posible, evidentemente. A crítica desa Cámara, a súa misión fundamental de legislar e de controla-la tarefa do Goberno empeza hoxe tamén, empeza no momento en que se haxa tamén, empeza no momento en que haxa Goberno, e Alianza Popular estará tamén na crítica do seu propio Goberno porque os seus Parlamentarios, diante de todo, serán igualmente Parlamentarios.

Desde logo, como decía o poeta galego, nunca nos ha vir de fóra nin remedio nin esperanza. Os remedios buscarémolos nos, e as esperanzas están dentro dos nosos corazóns. Isto é evidente, e por iso dede esta tribuna cabe facer desde a responsabilidade, que non desde un recoñecemento de Autonomía, desde a responsabilidade, digo, lembra-las palabras do poeta galego, cando dixo que a nosa terra, e nunca mais que agora, "a nosa terra é nosa".

O Sr. PRESIDENTE PROVISIONAL: Suspendese a Sesión pra continuála hoxe ás seis da tarde. Pro antes eu teño que facer un rogo ós Señores Portavoces dos Grupos Parlamentarios, de que teñan a bondade de acudir ó Pazo de Raxoi, á Sala de Xuntas ás cinco da tarde, con obxecto de termos unha reunión coa Mesa.

Levántase a Sesión. *Eran as dúas e cinco minutos da tarde.*

Reanúdase a Sesión ás seis da tarde.

(En ausencia do Sr. Presidente Provisional, ocupa a Presidencia o Sr. Vicepresidente, Sr. Moure Mariño).

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL (Sr. Moure Mariño): Abrímo-la Sesión. Por enfermidade transitoria, puramente transitoria, o Presidente non pode estar connosco neste momento, entón correspóndeme a min dirixir este debate que, realmente, non é debate, senón que xa é a terminación da Sesión desta mañá. Como consecuencia, o Candidato ten a palabra sin limitación de tempo.

O Sr. FERNANDEZ ALBOR: Sr. Presidente, Señoras e Señores Deputados, estou triste neste intre, non polo feito de que se vaia terminando esta xornada histórica e que vaíamos saíndo deste sitio que é tan bonito pro que en ocasión como nesta mañá vai un poquiño de frío, pro estou triste porque hoxe vin a realidade da vida, como un home, como Rosón, tan contento, tan feliz pola súa obriga, polo seu sentimento de galeguidade, e polo seu estilo que demostrou nestes días, podía encontrarse preto da morte, así é a vida, e que sirva de ensino pra todos, de que, por enriba de tódolos problemas políticos, por enriba de tódalas diferencias ideolóxicas, está un home sufrindo, e estaba un home que nese momento o único que pensaba, o único que decía era que quería vir aquí, a vivir esta xornada histórica pra Galicia, e estar preto de nós. Eu quero renderlle aquí o tributo de admiración de todos nós, pra que se poña ben e para que axiña estea connosco outra vez (*Aplausos*).

Quero agradecer hoxe ós Señores Parlamentarios moi profundamente a cortesía de onte e de hoxe, o respecto e a consideración e, en algunha ocasión, o afecto e o cariño. Aínda persoas alonxadas un pouco de min no senso político aínda que en ocasións xa non sei cal é o meu senso político, e que empezan a ter un sentido de amizade, refirome ó representante do Partido Socialista, decía frases tan cariñosas deste momento histórico que eu ía vivir, eu podo decirlle unha cousa: que eu non o busquei. Sabe Deus que eu non quixen saír á loita política, e sabe el tamén que foi polas presións, que foi por unha conciencia de apuxarme e de decir cal era a miña responsabilidade por estar hoxe aquí. Penso que non sei cal é o mérito, nin cal é a razón de que eu estea aquí neste intre;

non o sei, pro eu supoño que algo haberá; quizais o senso de que sempre quero integrar, quizais o senso de que amo á miña terra, quizais o senso (e dígolle a ese representante tan querido) que eu estou disposto a traballar polos homes humildes, e se estou aquí é polos neníños, polos homes o polas mulleres da miña terra.

A Ramón Piñeiro, qué lle vou decir, el foi o que me meteu no galeguismo, porque eu teño que decir, que eu, en contra de toda a xente, son un castelán-falante, eu son un señor que estaba alonxado do galeguismo, e foron homes como Piñeiro, homes como García Sabell, homes como D. Ramón Otero Pedrayo, os que me meteron ese mundo, que me fixeron coñece-la historia, que me fixeron coñecer cales eran os meus antergos, que me fixeron coñecer cal era a miña terra e cal era a miña obriga. Por iso hoxe, cando decía aquelas verbas, eu pensaba que non tiña ningún mérito, porque todo o que faga pola miña terra, paréceme que por moito que sexa, nunca será tan importante como o que ela se merece. O único que me entristeceu foi cando dixó que había trinta anos... entón dinme conta que xa eu ía sendo vello, eu creía que había dez que estabamos no Derby cando el chegou pra desperta-la conciencia de Galicia; non sabía que xa había trinta anos. Hoxe, vendo a Rosón, que tamén estaba naquelas conversas de hai tantos anos, e vendo a Piñeiro, parecíame xa un mozo ó meu lado, eu quero decirlle que lle agradezo moito esas palabras, agradézolle moito pro non teñen ningún mérito. Agora terei que traballar moito mais, pro eu fago o compromiso de traballar arreo por estes homes e estas mulleres da miña terra.

E a D. Manuel, qué vou decirlle; cando me dixó esas palabras de "ánimo, valor, adiante", deume unha gran alegría, porque eu sei que, con tódolos matices diferenciados, todos, moitos de aquí, témo-la mesma conciencia de traballar polo mesmo. Teño que decirlle que o programa que eu presentei poida que sexa moi malo, e pode que no Dereito non estivera moi completo, pro eu diríalle, que se el tivese traballado neste programa, que se algúns deles tivesen traballado tamén, tería outras melloras que as ausencias que el notaba. De todos xeitos, contando con algún asesor, tiven tempo neste intre de facer algo pra contestarlle. Quero decir tamén, xa que non había demasiadas loubanzas pra nós, así como había pra min e agradézoas, que en contra fixemos unha cousa

que non se dixo aquí, que nós respetamos todo, e nós fixemo-lo que a Cámara quixo. E decir, cando eu lía cómo foron por exemplo en Euskadi, que lle deron á oposición soamente unha hora e media pra que preparase as contestacións, e cando me preguntou o Presidente da Cámara: ¿necesitan mais tempo? o que queiran. E se tamén teño agora pouco tempo, tamén o que queiran, non ten importancia, porque eu sei ben que por enriba de todo isto, por enriba das cousas xustas ou non xustas, que decían esta mañá, por enriba de todo isto hai un desexo de que isto marche, de que isto empece a andar, e eu estou convencido que iso é o sentimento de toda a Cámara.

Cómpre significar, en primeiro término, que son consciente da condición de minoría que ten o Grupo Parlamentario no que estou integrado, e que en consecuencia deberei exercita-la función de Goberno cunhas limitacións evidentes que me imporán a obriga de acadar con moita frecuencia unha solución concorrente entre varios Grupos Parlamentarios, que esixe unha flexibilidade grande.

Quero sulñar aquí que acepto estas limitacións e estes condicionamentos pro que, en todo caso, esa colaboración entre os Grupos Parlamentarios é asumida por min dun xeito voluntario, por propia iniciativa, xa que coido que, mesmo no suposto de existir maioría clara de goberno, a colaboración parlamentaria coas minorías é sempre necesaria, clarificadora e enriquecedora.

Eu sustento a necesidade de institucionalizar maiorías estables que gobernen, chegando a acordos cando esta maioría non se deriva das urnas, pro, evidentemente, tería que ser unha maioría asumida por tódalas forzas integradas nela, que farían de conxunto un programa, e que sosteían xuntas os debates desta Cámara. A liberdade e independencia dos grupos hai que aceptala de bo grado. E o que queda agora por facer é recibir con entusiasmo a declaración de axuda á gobernabilidade que se atopa na maioría desta Cámara e coa que nos permite comenazar confiados as tarefas do Goberno.

O longo da miña intervención noutros temas suscitouse o da posible revisión do título VIII da Constitución, que suscitou algunhas interrogantes entre as súas Señorías que agora quero clarificar algo. E evidente que o Título VIII da Constitución á ambiguo, que sobor del concorren tal cantidade de interpretacións e, aínda mais instrumentalización, que hoxe é

admitida pola maioría do país a necesidade de recondución do modelo autonómico. A isto e só a isto, refirome cando falo da reforma do Título VIII da Constitución, porque coido que non é boa técnica xurídica nin política a vía da armonización por leis de rango inferior, naméntres se mantén a imprecisión na norma fundamental.

Non se trata de cuestiona-lo principio autonómico e moito menos quero plantexar a posibilidade de abordar axiña unha reforma constitucional. Trátase soamente de que o obxectivo do clareamento quede establecido e de que, no intre en que se aborde unha reforma perfeccionadora da Constitución, nos atope-mos cun tema cal é o Artigo VIII, suficientemente debatido entre as forzas políticas constitucionais.

Quede claro que non quero reformas restritivas. Quede mais claro aínda que defendo plenamente os dereitos adquiridos por Galicia, e que non poño en cuestión a filosofía de fondo da LOAPA e da LOFCA. O que si defendo, e quero que a nitidez xurídica sexa un elemento mais da vida democrática, e por tanto entendo que a propia norma fundamental pode ser mellorada ó paso do tempo e coa bagaxe da experiencia.

Non me asusta a verba nacionalidade. O contrario, asúmoa, e emprégoa sin complexos, na medida en que está admitida pola Constitución e o Estatuto, pro solidario cos restantes pobos de España. Quero que quede clara a igualdade de todos eles diante do proceso autonómico e, sobor de todo, que quede claro que nacionalidade non é un arma de desintegración, nin punto de arranque pra polémicas xa superadas. Galicia é, sobre todo, o que sexan as súas competencias, o que saibamos facer con elas, e a conciencia de que os galegos teñamos de se-los donos e os responsables do noso destino.

Quedou dito repetidas veces nesta Cámara por tódolos Grupos Parlamentarios, incluído o de Alianza Popular, que o Programa presentado por min diante da Cámara ten lagoas. Iso é certo, e son consciente delas, e sei que soamente se pode evitar esa crítica a traveso da redacción dun discurso de moitas horas de duración, e que en todo caso endexamais acadaría a aceptación plena dunha Cámara plural, a non ser baixo un eclecticismo inoperante, que estou moi lonxe de sustentar.

Quero recoñecer que esas lagoas conscientes foron analizadas neste debate con perspec-

tivas diferentes, que van poñendo de manifesto nalgúns casos a necesidade de ir asumindo algunhas das observacións.

En defensa lexítima da miña intervención hei de significar que a meirande parte das pretendidas concrecións que aquí se tencionaron de facer, caíron tamén e non podía ser doutro xeito, na mesma xeneralización nuns casos, no tratamento incompleto noutros, e sempre na lóxica diferenza de perspectiva, que sempre é criticable polas restantes forzas políticas.

Eu quero recoñecer, pois, estas lagoas, non sin matizalas, no senso de afirmar taxativamente que non foron tantas como aquí se dixo, xa que a meirande parte delas viñan reflexadas no texto do discurso, aínda que cun tratamento sinxelo e moitas veces breve, que pode facer que pasen desapercibidas nunha primeira lectura.

Así, por exemplo, a loita contra o paro é frecuentemente mencionada ó longo do Programa, tanto desde a vertente da política de emprego, como desde a loita contra do paro propiamente dito, e mesmo dede a de emigración mesmo importantes accións sectoriais, tales como a política industrial e de ordenación territorial, se poñen en función das necesidades da política do emprego. O que si é importante suliñar é o feito de que a política de emprego non é algo absolutamente independente da política económica e que, mesmo, se pode decir que o loitar contra o paro, en vez de loitar contra a crise, é confundi-lo efecto coa causa.

Sei perfectamente que estamos atravesando unha crise estrutural profunda, na que as medidas sectoriais aplicables a males concretos, poden xerar desaxustes noutros campos, facendo moi difícil unha solución global sin custos adicionais.

Sei tamén que é preciso que ó problema humano do paro se lle adiquen solucións desde tódolos puntos de vista. Pro non creo nas solucións de milagres, e sei que moitas das medidas sectoriais aplicadas contra do paro só darán por resultado unha maior prolongación da propia crise. Hai que loitar contra o paro e polo benestar económico e social, pro iso só se pode facer con garantías, creando riqueza. E o emprego será despois unha realidade automática, gozosa e, sobor de todo, segura, sin estar inmersos de cotío na incertidume das solucións circunstanciais.

Coido, por outra banda, que queda clara a miña chamada ás forzas económicas, sociais e políticas, prá solución dos problemas de Galicia, ós empresarios, grandes, medianos e pequenos, en quen se centra a iniciativa económica, ás Asociacións laborais, ós Sindicatos, ás Cooperativas e a cantas Corporacións poidan axudar a integra-los esforzos de todos nunha dirección común.

E quero facer, sobor de todo, unha referencia a cantos obreiros das zonas industriais de Vigo, Ferrol, Coruña e outras cidades galegas nos deron o voto, pra que saiban que a ausencia de mención á depresión pola que atravesan as súas cidades, non significa esquencemento deles, senón igualdade de trato a toda Galicia, da que estas cidades nas que vive unha importante parte da poboación se verán, certamente, beneficiadas.

O Dereito non está ausente do Programa, é un protagonista esencial, xa que todo el se subordina a principios de legalidade xurídico-políticas, dentro dos que terá que desenrolarse. D'Ors dixo que toda a vida xurídica xira arredor do progreso, o que nos move a decir que pró Goberno Galego esta realidade hase centrar na afirmación do Dereito como norma suprema do comportamento.

O ideal do Dereito é a realización da Xusticia, e pra que este fin se cumpra, imos face-lo meirande esforzo pra que a organización xudicial teña os mellores medios pró desenrolo normal das súas actividades.

Porque cremos que o Dereito e a Xusticia teñen que ocupar un lugar sobranceiro na tarefa de construír Galicia, é polo que nos solidarizamos coas iniciativas e conclusións adoptadas no Primeiro Congreso Xurídico de Dereito Galego, nas Xornadas Xurídicas Galegas organizadas na Coruña, pola Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, e polos ilustres Colexios de Abogados de Galicia.

E mais nada, meus queridos Parlamentarios, Deputados de Galicia. Eu recordei esta tarde, apenas saín de ver ó Presidente do Parlamento, unhas palabras de Tagore e outras de Unamuno. As de Tagore decían: "Se pécha-la porta a tódolos erros, deixarás fóra a verdade". E a de Unamuno decía: "se un home nunca se contradi e que nunca di nada".

Eu dígovos que eu estou feliz neste intre. Feliz por asumi-la responsabilidade que vos dixen. E feliz tamén porque aquela antiga frase

que escoitei hai tantos anos e que tanta dor me producía, iso de "somos galegos e non nos entendemos", eu estou convencido que xa nos estamos entendendo, que xa nos entendemos. Somos galegos e imonos entender. Somos galegos e imos poñer por riba de todo, como dixeran antes, o compromiso, o amor ós homes, ás mulleres e ós meniños da nosa terra. Moitas gracias. (*Aplausos*).

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL (Sr. Moure Mariño): En cumprimento do Artigo 2º da Norma de 13 de febreiro de 1971, poden agora facer uso da palabra os distintos Grupos Políticos, pro, exclusivamente, por dez minutos cada un. Eu prégoles ós Portavoces dos Grupos Políticos que sexan conscientes de que o tempo non ten un reloxo automático pra controlalo, anque todos temos un reloxo, en que nos damos conta perfectamente dos excesos que se cometan. Eu non quixera, sobre todo presidindo dunha maneira tan transitoria como esta, ter que facer uso desa facultade de cortar a un señor que está falando. Prégoles, pois, que se atean estritamente ó reloxo, que é a terse, neste caso, ó Regulamento.

En consecuencia, correspóndelle ó Grupo Mixto facer uso da palabra. Teñan en conta os Señores do Grupo Mixto que son dez minutos. En consecuencia, distribúan o tempo, como eles crean conveniente, pra fala-los dez minutos que lle corresponden.

O Sr. GUERREIRO CARREIRAS: Sr. Presidente, Señores e Señoras Deputados, intentarei non abusar da xenerosidade do Señor Presidente. Eu quero empezar por facer unha aclaración que o meu amigo persoal, Don Manuel Iglesias Corral, sin dúbida con boa intención, malinterpretoume hoxe pola mañá.

Eu fixen unha proposta: fronte ó Goberno de Alianza Popular, afirmé que nesta Cámara pode haber outro Goberno coa exclusión de Alianza Popular. E dicir, non afirmé nin propuxen que se formara a maioría natural, como interpretou Don Manuel, senón todo o contrario. A creación dun Goberno posible e lexítimo con exclusión do Grupo que hoxe presenta Candidato ó Señor Presidente. E iso, ó meu xuício é a mellor forma, ademais, pra evitar que a través dos apoios parlamentarios funcione entre UCD e Alianza Popular, de feito, a gran dereita como ensaio desa operación a nivel de Estado. Ese Goberno, que eu

creo que era posible, era o mellor antídoto pra acabar, pra impedi-la gran dereita, e niso, os compañeiros socialistas deberan de ser consecuentes.

Sobre as aclaracións que fai o Señor Candidato, eu quero mostrar aquí, tamén, o mais profundo respecto persoal polo Señor Candidato, polas verbas sinceras, integradoras, e pola boa vontade que demostrou nesta Tribuna. Pro trala segunda intervención, a miña distancia respecto ó seu programa agrávase e profundízase dentro dese respecto, pro lexitimamente cada vez estou mais distanciando dese programa.

E evidente, logo mencionouno claramente, que o Señor Candidato está de acordo coa LOAPA, e a LOAPA, como se dixo nesta Cámara, e eu suscribo esas palabras, é a liquidación do noso Estatuto de Autonomía. Pro ademais, hai algo mais: ó meu xuício, se se chega a legislar sobre a LOAPA, pódese incorrer nunha auténtica inconstitucionalidade. O artigo 81 da Constitución deixa ben claro cales son, na materia autonómica, as Leis obxecto de Leis Orgánicas, e só se contemplan os Estatutos de Autonomía. Polo tanto, unha Lei Orgánica de recondución do proceso autonómico é de dubidosa constitucionalidade pro, sobre todo politicamente, é a liquidación da Autonomía porque é trasladar ó Estatuto de Autonomía a Transitoria Terceira que naquel famoso Estatuto, rexeitado e cambiado polo pofo galego, foi obxecto daquel rexeitamento.

Fala o Sr. Candidato de Lagoas. Eu creo que hai lagoas comprensibles que hai que asumir, que, evidentemente, nun discurso non se pode dicir todo. Pro cando eu afirmé, e me ratifico, de que nese discurso hai unha falta absoluta de estratexia de loita contra o paro, Sr. Candidato, iso non é unha lagoa, iso é case todo; falta case todo. E é verdade que hai que facer reformas estruturais, pra que a longo prazo se reanime a economía. Pro eu quixera que Vde. se referira, se dirixira ós cento corenta mil parados que hai neste país, e lles diga que vai tomar medidas a longo prazo contra o desemprego. Esas medidas hai ademais instrumentos pra empezar a abordalas hoxe, como é o ANE, que non é unha proposta dos comunistas, que é un instrumento que debe de rexionalizarse, e que xa funciona no país, por pleno acordo das centrais sindicais, da Administración Central e da Patronal. Eu comprendo que algún sector da patronal galega da CEOE non estea de

acordo co ANE, son consciente de que iso existe, e se se confirma o Sr. Ministro de Traballo que propón o Presidente, se se confirma, non me extraña que neste discurso o Sr. Presidente non nomeara nin na primeira, nin na segunda intervención, o Acordo Nacional de Emprego como instrumento concreto, non único, senón concreto, de abordar unha estratexia clara, concreta e precisa de loita contra o desemprego.

E evidente, aquí se dixo, e eu tamén o suscribo, que na política fiscal, na política de financiación, os temas da Débeda Pública, os temas das Caixas de Aforros, eu comprendo que o Sr. Presidente tampouco non poda tocar eses temas aquí como forma de financiación. E evidente que non pode, e nin unha e nin outra intervención, mesmo a requerimento doutros partidos, non volvei a tocar ese tema que eu suscribo plenamente.

Polo tanto, tódolos temas conflitivos de tipo programático ademais dos políticos, fundamentais, esenciais, que non son lagoas, que é a espiña dorsal dun goberno auténtico en Galicia pra aborda-los problemas estruturais seculares do noso pobo, son outra vez obviados, ou naturalmente tratados dun xeito que nos diferencia plenamente do Sr. Candidato.

Por todas esas razóns agora mesmo mais ca mañá, o noso partido ratifica a súa non confianza ó Sr. Presidente.

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL: D. Camilo Nogueira ten a palabra.

O Sr. NOGUEIRA ROMAN: Señores e Señoras Deputados, fago votos coma todos nós polo restablecemento da saúde do noso Presidente, Antonio Rosón.

Comparto as palabras do Deputado do Partido Comunista de Galicia respecto da LOAPA, é decir, temos xa un Parlamento Galego claramente antiautonómico na súa inmensa maioría. O candidato de Alianza Popular á Presidencia de Galicia di que asome a verba "nacionalidade", pro di que é solidario. Eu quixera decirlle ó Candidato á Presidencia de Galicia que insolidarios son os centralistas, os que asoballaron de sempre a nosa terra, os que nunca administraron a Galicia, porque Galicia non foi administrada, senón que sufriu a administración. As cousas galegas non foron administradas senón que foron ignoradas, cando non despreciadas ou expoliadas. Os únicos solidarios que houbo en Galicia foron sempre

os que se preocuparon da súa terra, fundamentalmente as clases populares e os nacionalistas.

En segundo lugar, quixera decir que fala da política de emprego e di que hai que ter en conta que vai facer unha política económica coherente. Pois ben, no discurso do Candidato á Presidencia de Galicia non houbo unha política económica, como foi posto de manifesto esta mañá. Se esta mañá eu me ocupei fundamentalmente, por culpa da limitación do tempo, da cultura, aínda tendo en conta que a cultura non é unha cuestión cultural, senón unha cousa moito mais importante, quixera hoxe resaltar, precisamente, estes aspectos económicos, é decir, que o Candidato á Presidencia de Galicia non nos dixo como ía se-lo seu presuposto e que, polo tanto, non pode crear ningunha riqueza sin presuposto.

O presuposto —como dixen— é a condensación de intencións e proxectos de goberno, resume a actitude ante o nivel de competencias que se quere, que non está determinado nin pola Constitución nin polo Estatuto, depende da loita política que se plantexa a partir de agora contra o poder central, queirámolo ou non o queiramos. Resume o programa que se ten de transferencia de servicios pra este ano e prós próximos anos, e a actitude que se ten ahí e hai que pelexar contra a LOAPA, porque a LOAPA é claramente limitativa do nivel de competencias que teña Galicia, resume os programas de goberno que non foron expostos.

Mesmo a través do presuposto podemos saber cal van se-los ingresos que se pensa ter en Galicia e tampouco está determinado. Hai que reclama-lo custo directo de servicios, pro tamén os custos indirectos, é decir, o poder centralista presenta hoxe en Madrid e ten que aparecer en Galicia e hai que quitar do presuposto español cartos que se están gastando neste momento en Madrid, e hai que pelexar evidentemente contra o poder central. E hai que reclama-las inversións necesarias pra facer obras novas en Galicia, e non as do Fondo de Compensación Interterritorial, outras moitas, porque ademais o Fondo, como se dixo, é simplemente unha redistribución de recursos, pro segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, somos nós os que facemo-lo que queiramos cos nosos recursos recibidos do Estado, porque pra iso somos unha nacionalidade e non necesitamos ningunha tutela, e moito menos necesitamos-la tutela de xente ignorante en si mesma, e ignorante en todo caso dos problemas galegos. Non necesi-

tamos que ningún poder madrileño veña a decirnos qué proxecto de desenrolo "rexional" temos que facer porque, evidentemente, mesmo desde o punto de vista técnico, estamos nós, como sabemos, moito mais preparados que calquera poder madrileño. Polo tanto, os insolidarios son os outros. O Candidato non nos dixo cal era o seu programa económico, e sin programa económico evidentemente non se poden crear postos de traballo.

Remato esta breve intervención, decindo e repetindo que o Candidato á Presidencia de Galicia non tivo en conta antes nin ten agora a gravidade da crise, da reconversión económica necesaria; nin siquiera ten conta o aspecto positivo da crise, é decir, o momento da esperanza que supón. Non nos dixo nada de como hai que enfoca-lo desenrolo dos sectores produtivos de Galicia, revalorizando recursos naturais tan importantes hoxendía na crise; non nos dixo nada sobre os sectores de futuro; e non dixo nada, polo tanto, da necesidade de fomenta-la educación, a capacidade de investigación, a capacidade tecnolóxica e cultural do pobo galego e do importante que é a Autonomía pra iso. Non nos dixo nada da función importantísima neste terreo do sector público, e ben o saben en Madrid, que están facendo empresas de innovación; non nos dixo nada da apertura ó mundo que Galicia necesita. Non dixo nada —claro está, porque non dixo ningún programa— da defensa e adecuación fronte a crise da industria existente: o automóvil, a construción naval, da industria conserveira algo citou malamente, da construción civil... Non dixo nada da potenciación necesaria dos servicios, e hai que ter en conta que os servicios son a ocasión da Autonomía, e a Autonomía é a ocasión pra millora-la educación, a sanidade, o equipamento social, a cultura...

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL: Sr. Nogueira.

O Sr. NOGUEIRA ROMAN: Perdón, Sr. Presidente, termino agora mesmo), mesmo a potenciación dos servicios é unha das formas precisamente de crear postos de traballo e de saír da crise.

Mais nada, moitas grazas.

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL: Ten a palabra D. Claudio López Garrido.

O Sr. LOPEZ GARRIDO: Sr. Presidente, Señores e Señoras Deputados, tralo debate

celebrado esta mañá e trala intervención do Sr. Candidato desta tarde, a Coalición Bloque-Partido Socialista Galego, reafirmase na súa decisión de non lle conceder a confianza solicitada. A súa persoa merécenos tódolos respetos, nós non votamos a persoas, como fai UCD, senón a programas e actitudes políticas.

O Sr. Barreiro recoñecía esta mañá que estabamos no certo ó afirmar que non existe ningunha ambigüedad no seu programa, programa que, ó noso entender, serve ós intereses do gran capital e no que o sector público ten un carácter subsidiario, e, como a experiencia histórica demostra, é imposible creba-los círculos da pobreza e do atraso sin unha decidida acción pública. O contrario é reafirma-los mecanismos da dependencia e nunha economía libre e de mercado significa a subordinación ós intereses do capital internacional que pretende encubrirse baixo a eufemística denominación de iniciativa privada, pro que obxectivamente lesiona os intereses dos traballadores, da pequena e da mediana empresa.

Non se pode afirmar, como se dixo aquí, que o programa electoral non ten nada que ver cun programa de goberno. O coherente é defende-lo programa que se ofreceu ós electores. O contrario sería un fraude electoral.

As omisións que xa sinalamos esta mañá, despois da intervención dos representantes da UCD e mais AP, comenzamos a sospeitar que eran conscientes pra que UCD puidera aparecer como unha alternativa diferenciada, gracias a unhas mínimas engádegas, mais cá unha certa improvisación similar á que Lope de Vega atribuíu a algúns dos seus dramas cando decía que "moitos pasaron en horas vintecatro das musas ó teatro".

E foron moi clarificadores da verdadeira natureza das forzas políticas presentes nesta Cámara (refírome ás forzas políticas maioritarias), os debates desta mañá, nos que se trasladaron aquí as disputas e as diferencias que vostedes teñen, a nivel de Estado, sobre os procesos autonómicos, a denominación correcta das Comunidades existentes no Estado, pro que supoñen, a fin de contas, a asunción común dun mesmo proxecto de Estado do que nós diferimos sustancialmente.

Nós non temos ningunha dúbida sobre a nosa condición nacional, nin de que o único término que define científica e historicamente a Galicia é o de Nación. E aceptando a terminoloxía constitucional que se empregou, como

recoñecía o mesmo Sr. Barreiro, resultaría ó cabo que a nosa identidade é froito dun azar e non dunha realidade histórica.

E decía tamén o Sr. Barreiro, que non se pode revisar continuamente o pasado. O problema está, precisamente, en todo o contrario: en que o pasado non se revisou nunca, e nel están as raíces da nosa lamentable situación actual. E esa referencia que se fai, por primeira vez, nunha comunidade autónoma a España, como se indicaba esta mañá, merece ser precisada no tempo. E unha referencia que se fai a partir da involución democrática rexistrada no Estado Español a partir do 23 de febreiro.

Quero, non obstante, recoñecerlle ó Sr. Barreiro, a clarificación conceptual que se desprende da súa intervención. Que recoñeza explicitamente que nesta Cámara hai dous pólos de referencia, dúas alternativas claras e antagónicas: a súa e a nosa. O resto, todo é ambigüedad. Que, ou se acepta o Estado-Nación descentralizado, ou se defende unha alternativa constituínte propia, como facemos nós. Por iso, nós non podemos vota-lo seu programa. Outros tampouco o farán, aínda que compartan o mesmo modelo de Estado, con lixeiras diferencias, por unha simple cuestión de oportunismo electoral, pro que na realidade negan de continuo tales diferencias cos seus pactos, como se demostrou na Sesión anterior na que se nos impediu constituír, contra todo dereito, un Grupo Parlamentario, pra limita-la nosa capacidade de expresión e de debate nesta Cámara.

E as cuestións regulamentarias son sempre cuestións políticas. En política non se pode disocia-lo fondo da forma. E non quero converter, como se ten dito por ahí, esta Tribuna nun atril mitinesco, senón de lle conferir o seu verdadeiro carácter porque, xunto a toda idea ou xunto ó caso a toda liberdade, pra preparar un mundo que se adianta a ocupar un lugar no espacio da intilixencia, terá que haber sempre unha tribuna, coma xunto a toda liberdade que se perde, como decía don Emilio Castelar, "xunto a tumba da democracia grega estivo Demóstenes, xunto a tumba da República romana estivo Cicerón, como xunto ó berce do Cristianismo estivo S. Xoán, e xunto ó berce da Revolución Francesa estivo Mirabeau". E xunto á tumba da Autonomía estarán vostedes, e xunto ó berce da soberanía nacional de Galicia estaremos nós.

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL: O Portavoz do Partido dos Socialistas de Galicia, ten a palabra. Cinco minutos cada un dos Portavoces.

O Sr. PIÑEIRO LOPEZ: Sr. Presidente e Señores Deputados, eu falo, como xa se sabe, en nome dos Galeguistas Independentes. Estamos no momento final desta Sesión de Investidura, que é un paso decisivo pra poñermos en marcha a nosa Autonomía. Diante dese feito, nós consideramos coma todos que é urxente a posta en marcha de Autonomía, pro que tamén é necesario que a Autonomía apareza dotada de autoridade política ante o noso País e ante o resto de España.

A autoridade política da Autonomía personifícase ou institucionalízase na Presidencia, na Presidencia da Xunta, que é o que hoxe se vai eleixir. Nós consideramos un deber galeguista que a Presidencia da Xunta, e aquí non me refiro á persoa concreta do candidato, senón á Presidencia da Xunta como Institución, fose cal for o candidato, debe de aparecer dotada da maior autoridade política. Por esa razón, á Presidencia da Xunta, na súa función representativa do País, darémoslle o voto. Pro este voto redúcese exclusivamente a ese significado. Non implica vinculación de ningún tipo co programa de goberno, ou coa política realizadora dese programa, fronte á cal, como xa dixen pola mañá, nós actuaremos de acordo coa nosa posición ideolóxica, que por ser nidiamente galeguista terá, indubidablemente, moitos motivos de discrepancia coa política do Goberno Galego, ou coa realización do programa que se nos expuxo. E, mesmo, anunciamos, cordialmente, á minoría que será responsable desa política e da realización dese programa, que defenderémo-los nosos puntos de vista, moitas veces, con textos de Alfredo Brañas. Mais nada.

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL: D. Francisco Vázquez, cando queira.

O Sr. VAZQUEZ VAZQUEZ: Sr. Presidente, Señoras Deputadas, Señores Deputados, primeiramente, en nome do meu Grupo Parlamentario, quero facer votos polo pronto restablecemento do Presidente da Mesa Provisional do Parlamento, e de que axiña o poidamos ter entre nós dirixindo, coa súa xenerosidade e coa súa entrega habitual, os traballos propios deste Parlamento.

Eu non quero, neste remate, xa, da Sesión de Investidura, dalgunha maneira perde-lo que debía ser unha práctica neste tipo de debates, como é o de desperdiciar un momento tan importante como é a contrarréplica fronte ás precisións, ou posibles precisións, que se nos fixera desde a Candidatura ó que foi a nosa oferta e, dalgunha maneira, o que podían se-las inqedanzas ou preguntas que tiñamos acerca do programa ofrecido polo Señor Candidato.

E non quero perdelo porque, evidentemente, cunha gran habilidade por parte do Señor Candidato, unha pirueta emotiva (pirueta con todo respecto, pirueta dialéctica, evidentemente), pro cunha pirueta emotiva, dalgún xeito pegoulle un capotazo ó debate político que debiamos ter, neste intre, acerca de cales foron as precisións dos restantes Grupos Parlamentarios. Eu acepto de moi bon grado esa habilidade dialéctica, desde logo, ademais admíroo, e sobre todo polo tono de cordialidade e, ademais pola intelixencia de poder, desa maneira, reconduci-lo que é este turno de réplica que sempre é o que serve pra precisar, dunha maneira definitiva, as posicións políticas dos distintos Grupos.

Eu non vou facer ningunha pirueta dialéctica. Eu voulle decir, e non por intento de facer unha frase feita, de que no seu discurso, e despois na intervención do Portavoz de Alianza Popular, non hai lagoas, eu creo que hai océanos, que quedan valeiros tódolos puntos que plantexamos aquí, e, mesmo se introducen novas variantes preocupantes. Novas variantes graves pra unha Autonomía que está a nacer.

Porque a min, sorprendeume e deume unha grave preocupación. a referencia que fixo o Señor Portavoz de Alianza Popular pola mañá, con respecto ó seu criterio do Título VIII da Constitución Española, e moito mais, cando agora se fala de que a interpretación na réplica do Señor Candidato, consiste nunha recondución do proceso autonómico. Creo que isto debe introducirlles a moitos dos parlamentarios desta Cámara, un motivo de grave reflexión, acerca de cal é o nacemento dunha Autonomía respecto a un partido con responsabilidades de goberno, que se plantexa, "ab initio", as dúbidas sobre a validez ou sobre o alcance do que debe de se-la Carta Magna de funcionamento deste Parlamento e da vida política galega, como é da vida política española solidariamente por todos nós.

E certamente, Señor Candidato, no seu turno de contrarréplica, omite, ademais, todo tipo de contestación ás precisións ou preguntas con respecto ó programa económico que fixémo-los socialistas. E deixa plantexado con claridade o que constitúe a filosofía económica de Alianza Popular con respecto da Autonomía Galega, que é unha filosofía política de claro liberalismo, é a filosofía política que se está aplicando en Estados Unidos ou en Inglaterra nestes intres, cuns gravísimos custos sociais, incrementando dunha maneira fonda o desemprego, e detraendo fondos daqueles servicios mínimos imprescindibles que atenden a toda a sociedade e, dun xeito indirecto, fomentando iniciativas privadas ou mesmo, decíase no seu discurso, tendo a empresa pública como subsidiaria da iniciativa privada.

E coido que tódalas traballadoras e traballadores galegos saben agora cal é o norte da política económica do novo Goberno Galego. E creo que debe ser un grave motivo de inqedanza. E dalgún xeito, ó longo do debate, omítese algo tan fundamental como é toda a política de organización territorial, mesmo coas súas consecuencias económicas.

Certamente é preciso, e eu xa o dixen pola mañá, que vostede no seu discurso de contestación, nos precisara dunha maneira concreta de que a súa alternativa de goberno emanaba do Estatuto, non era unha alternativa abstracta, sin fixación de prioridades. E emanara do Estatuto, porque no Estatuto está contido, a través do desenrolo do que podíamos chamar Leis Orgánicas, e, mesmo, a través do propio articulado do Estatuto, como debe se-la Ordenación Territorial do noso País e as súas consecuencias económicas. Porque de aquí marchamos sin saber, ou dalgún xeito sabendo perfectamente, cal é a posición do seu goberno con respecto á permanencia das Deputacións, con omisión do Réxime Xurídico das parroquias como Entidade Local cunha personalidade propia dentro da realidade, xa non administrativa, senón mesmo política de Galicia e, mesmo, con calquera tipo de referencia á política Municipal, e con tódalas connotacións económicas.

Posto que se vostede plantexa un Programa de Goberno que non emane do Estatuto, Sr. Presidente, teñamos en conta que o propio Estatuto di, con respecto a estes aspectos de Ordenación Territorial, que desde aquí, desde o Parlamento, desde o Goberno

Galego, poderíanse controlar e coordinar fondos ou Plans das mesmas Deputacións. E non esquezamos que un modo de atallar dunha maneira directa as necesidades de xerar unha actividade económica que cree emprego, pode ser, sin ir mais lonxe, os tres mil millóns de cánon de enerxía eléctrica que hoxe van ser administrados polas propias Deputacións, cunha independencia total do poder galego e, polo tanto, tirando por baixo calquera idea de planificación imprescindible. —e conste que lle digo planificación no seu estricto senso económico, e non nun senso político e ideolóxico—, senón planificación mínima, pra poder prever como se van invertir as remesas de millóns ou de miles de millóns, de fondos de inversión, etc., e qué é necesario pra saber cal vai ser a actividade política, ou como se vai xerar esa industria que eu calificaría tamén, con sumo respecto, nun proxecto case folclórico dunha industria galega, sin precisar cales van ser os seus límites e o calendario temporal, etc. etc..

Certamente agora, eu tería que sinalar que o gravísimo problema económico que eu plantei pola mañá, que dalgunha maneira foi reconducido ó longo deste turno de réplica, intentándose traer debates propios desta Cámara e non debates alleos a realidades alleas a Galicia ou á propia Cámara, quedase aínda no valeiro.

Porque cando o Señor representante de Alianza Popular falaba pola mañá da previsión de impostos, dalgunha maneira intentando contestar ás precisións que eu solicitei aquí, do Partido que ostenta a maioría e do propio Sr. Candidato, cando se me di que os impostos, no suposto de que fora necesario aplicarlos, non van grava-lo emprego nin van grava-la actividade produtiva, é evidente que non se pode face-lo xogo demagórico de dicir que o que estamos intentando é que eses impostos non ataquen ós sectores mais débiles da nosa sociedade. Porque se os impostos non van ir referidos ó emprego nin á actividade produtiva, polo tanto, ás empresas, que se me explique aquí qué tipo de impostos son eses. Porque certamente penso que haberá unha gran curiosidade por saber qué tipo de imposto novo se vai sacar da manga, qué creación de figura impositiva nova se vai sacar da manga, no caso de que fora preciso, o novo goberno autonómico galego. Porque, certamente, serán impostos que afectarán directamente ó consumo e, polo tanto, afectarán directamente ós mesmos sectores que

están soportando, dunha maneira forte, esa presión fiscal.

E que non se diga aquí, que a política industrial que se intenta construír é urxir un Plan de Inversións. ¿Qué Plan de Inversións?, ¿ou é que aquí, no Parlamento Galego, imos traer circunstancias totalmente extrañas a nós, circunstancias que non teñen ningún tipo de aplicación práctica (e a todos vénnos ó recordo o que puido ser-lo PUA andaluz), que son plantexamentos puramente demagóricos?. O que necesitamos nós, precisamente, é recorrer ós fondos públicos, da empresa pública do Estado, donde veñan, e planificar nós a inversión. Iso xa vén previsto dentro da LOFCA ou dentro do Fondo de Inversións, a pesar de que houbo algunhas rectificacións feitas neste sentido polo Portavoz de Alianza Popular.

E queda no aleiro todo o referido ó control de Caixas de Aforro, todo o referido ás relacións coas Institucións de Crédito, todo aquilo que pode determinarlle ó pobo galego, con claridade, no nacemento da súa Autonomía, de qué maneira se vai financiar e, sobre todo, cales van ser as prioridades económicas e, polo tanto, as prioridades políticas da nacente Autonomía Galega.

Porque ademais, cando aquí se plantexa esa política liberal a ultranza, que eu decía que se está aplicando noutros países extranxeiros, hai unha quebra que xa non é ideolóxica, é que hai unha quebra mesmo, que eu teño que denunciar aquí, porque se está quebrando a política de negociación, estase quebrando a política de esforzo colectivo de, por parte dos traballadores, ofrecer un clima de diálogo e confianza, como se está facendo no resto do Estado Español, onde, por exemplo, a través do ANE, ou doutros moitos acordos, se está intentando reconducir, solidariamente, entre todos, solidariamente entre todos, esta grave crise.

Os límites do tempo impídenme referirme a outros aspectos. Eu o que intentei coas miñas verbas da mañá, e dalgunha maneira reconducíndoo a esta pequena intervención da tarde, é presentar, non soamente, unha contestación ó proxecto político da minoría maioritaria, senón, sobre todo, ofrecer cales son as solucións que os socialistas consideramos, de acordo co noso criterio e, de acordo coa realidade socio-económica e política do País, cales son as alternativas que nós presentamos.

E fágoo, primeiro, e digoo con claridade, porque de acordo coa responsabilidade de representación que temos, nós somos un Partido con vocación de poder. E cremos na nosa propia convición, na democracia pluralista, que é precisamente a través do poder, a través das urnas, do poder emanado das urnas, da maneira na que se poderá cambiar e transformar esta sociedade inxusta.

E facémolo, ademais, sin ningún tipo de complexos, posto que nós témo-la firmeza e coherencia da que falaba nas miñas últimas palabras, cando me refería á súa Señoría, ó Señor Candidato. E, polo tanto, non nos é preciso situarnos con respecto a un Grupo ou a outro, ou situarnos ó cambia-las nosas posicións. A nosa posición é unha posición seria e reflexiva, que emana da realidade do País, é dalgunha maneira, tamén, firme dentro das nosas propias convicións.

E, polo tanto, eu quero sinalar dentro desta alternativa construtiva que non pode gozar da nosa confianza, Señor Candidato, non pode gozar da nosa confianza un programa político, económico e social, que moito nos tememos que vai traer tempos moi difíciles para este país, pro dalgún xeito, este "non", que é un "non" rotundo, claro e firme, tampouco non implica, como dixen pola mañá, o ofrecemento de colaboración institucional en canto socialistas como oposición; como partido único da oposición estaremos dispostos sempre ó diálogo naquilo que poidamos considerar que serve mellor os intereses do noso país. Moitas gracias.

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL: O Señor representante da UCD de Galicia ten a palabra.

O Sr. IGLESIAS CORRAL: Ratifico sin necesidad de ninguna modificación, cuanto expuse en mi intervención anterior.

Me produce satisfacción haber escuchado del Sr. Candidato que se hacía eco de algunas indicaciones que, en sentido constructivo, hacíamos, y que asumió las conclusiones del Primer Congreso de Derecho Gallego, que quiere decir la opinión acordada de todos los juristas gallegos, porque aquel certamen tuvo la virtud de recoger la unanimidad, expresión de lo que los juristas gallegos creen que conviene a nuestra tierra. Y esto tiene una significación que se llama la seguridad jurídica, la seguridad jurídica que implica una gama... estoy hablando en castellano y voy a continuar,

porque uso de mi derecho y me he rendido a mi propia identidad que es también la otra, pero ahora continuo y celebro haberlo hecho. Pero expresaba que... (no merece la pena que haga una pausa aunque el motivo sí lo justificaría) expresaba que nos satisface muchísimo que haya recogido esta observación. Y también que cuando desde aquí yo invocaba o aludía a la situación caótica de la Administración de Justicia haya brindado su colaboración y su apoyo. Pero ésto me da oportunidad para satisfacerme de la utilización de este turno, que me permite reparar una omisión que, mal entendida, sería una injusticia y yo el responsable; todo porque las palabras son como serpientes rebeldes y, a veces, no responden a la idea del orador.

Hablé de la crisis de la Administración de Justicia en nuestra tierra. No era un pegadizo en el discurso, es una angustia que nos acompaña como la sombra al cuerpo. Pero podía aparecer, si no tuviera oportunidad para hacer esta aclaración, que esa crisis obedecía a otros motivos que no aquellos en que consiste de un modo exclusivo, que es la falta de medios, y yo tengo que aclarar aquí y pido que se escuche bien y con toda la detonancia posible, que al hablar de esta crisis nos hacemos cargo de que los primeros sacrificados son aquellos que están custodiando esa Administración de Justicia, que lo hacen con abnegación, que son los Jueces, los Magistrados y los Funcionarios. Por consiguiente, conste que al hacer estas manifestaciones, estamos en la solidaridad que nos brinda la cooperación que prestan a estos fines.

E agora vou cambia-lo signo das cousas porque, en efecto, ocorre, amigos, Señores e Señoritas Deputados, que a lingua galega é a lingua nai, é a lingua da nosa terra e a "lingua castellana" é a lingua da nosa patria, é unha lingua que nos identifica cun mundo co que nos serve de comunicación. Son dous mundos; pro se adoro a unha tamén adoro á outra porque nin unha nin outra poden arrastra-lo sentimento, enche-la alma de saudades e de ledicias. Iso a min non me serviría pra renunciar hipocritamente a unha fala que tamén ameí, na que aprendín, na que estudei, e na que me entendín con galegos e cos que non son galegos. Por conseguinte, esta revolta que tiven na modalidade de expresión e que foi improvisada e espontánea, sérveme pra prestar do modo mais sinxelo un servicio ó que creo que é unha actitude de sinceridade. Por conseguinte, gale-

go e castelán sérvenme xuntamente pra expresa-los meus sentimentos.

E só me resta decirlles unha cousa: que a nosa posición consiste, sinaladas unhas liñas divisorias, diferenciadas con Alianza Popular, en expresar con toda precisión os principios ós que se pode axusta-la nosa conduta, que é a custodia das competencias que nos ten concedidas o Estatuto. Nosoutros non estaremos nunca porque se marxinen as capacidades e as facultades que no Estatuto se lle concederon a Galicia. Isto paréceme que comprende unha definición total de qué é o que entendemos que cumpre o noso deber. Seremos custodios fieis e inflexibles de que esas competencias que son nosas sexan efectivas e sirvan pra que a realización con que todos soñamos chegue a onde queremos que chegue. Mais nada. *(Aplausos)*.

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL: O Sr. Portavoz de Alianza Popular, ten a palabra.

O Sr. BARREIRO RIVAS: Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, vanse cumprindo xa as partes deste debate de Investidura, e eu coincidindo fundamentalmente có Deputado do Partido Socialista de Galicia-PSOE, en afirmar que se lle produciu un cambio nesta Sesión da tarde por unha serie de circunstancias, non só a intervención do Candidato á Presidencia, senón, penso, que a propia indisposición transitoria do Sr. Presidente do Parlamento que a todos nos meteu unha situación emocional que, en certa medida, fai que xa non sexa posible continua-lo debate político en canto tal, senón simplemente ir recoñecendo as posturas que están expostas nesta Cámara, nesta Tribuna e, por tanto, ir deixando xa que, sobor deste recoñecemento das posturas, se vaian pronunciando os diferentes Grupos Parlamentarios nunha votación democrática. Menos cómpre a Alianza Popular facer agora un turno de contrarréplica se xa antes era, ata certo punto, moi dificultoso facer unha exposición do que puido se-la exposición programática do Candidato á Presidencia da Xunta en canto corresponde ó noso Grupo Parlamentario.

Eu quixera aproveitar este turno de contrarréplica creo que usando un dereito fundamental nesta Cámara pra facer referencia a unhas afirmacións que por parte do representante do Partido Comunista se verqueron nesta Cámara pola mañá, e polo feito de que foron

resaltadas novamente pola tarde, e creo que requiren unha resposta enérxica no fondo, aunque quero facela con toda a tranquilidade que sempre se debe utilizar nunha Cámara democrática.

Penso que hai varias cousas enormemente graves nas afirmacións verquidas polo representante do Partido Comunista. En primeiro lugar, hai unha resposta que sorprende pola súa incoherencia, cal é a de propoñer nada menos que, en nome da Democracia, se marxine do Goberno ó grupo maioritario, e se trate de formar un goberno a base de grupos minoritarios. ¡Sorprendente afirmación que non hai mais remedio que a deixar aquí reseñada! E, puntualizándoa mais, pola tarde, dixo que non estaba falando, e por iso se dirixía ó Portavoz do Grupo Parlamentario de UCD, de formar unha maioría natural, senón de todo o contrario, do cal, naturalmente, deduzo que o Sr. representante do Partido Comunista é partidario das maiorías antinaturais, co cal evidentemente, nunca se sabe cal pode se-lo resultado, cal pode se-la forma de gobernar unha Nación coma a española, unha Rexión coma a galega, que cada vez necesita mais da coherencia, que cada vez necesita mais da clarificación, porque o pobo poderá facer, a través das eleccións, cambios de goberno, pro, precisamente, na medida en que as maiorías antinaturais se formen e se formen a partir delas os gobernos, o que se estará facendo é falseando xustamente a vontade do pobo, que o pobo quere que se governe en posicións conservadoras e de centro, e así o dixo taxativamente, e desde logo unha voz soa nesta Cámara en nome do Partido Comunista, non pode pedir, en nome do pobo galego, nin pode pedir en nome da democracia, que se marxine ó partido maioritario e se fagan gobernos de partido minoritario.

E hai algo moito mais grave aínda que é o xuicio de intencións que se verqueu aquí, en primeiro lugar, sobre a persoa de Manuel Fraga Iribarne, totalmente extemporáneo, en canto non forma parte desta Cámara e, en segundo lugar, sobor do propio Grupo Parlamentario de AP en canto se lle pretende atribuír determinados asentimentos ou determinadas formas de defensa de posturas involucionistas, e desde logo pra falar destas cousas hai que estar nun partido que dea lexitimidade pra falar delas, e de Alianza Popular non hai experiencias, en gobernos, pro de Partidos

Comunistas sobran experiencias. E desde logo, se en nome da Democracia se quere falar, nunca se debe falar desde un grupo, non digo desde un Grupo Parlamentario porque non lle deu o pobo galego, senón desde unhas posicións que dá o Partido Comunista.

Evidentemente, facer xuicios de intencións en política é algo que sobarda toda intenciónalidade democrática, e que o único que trae aquí é a vontade de seguir facendo das tribunas, na medida en que se poida, un lugar de demagogia, un lugar onde o que se siga facendo é, en nome duns pretendidos dereitos dunhas clases, que despois non votan a ese partido, o que se pretende facer é, digo, suplantar realmente a democracia, e, en todo caso, pasar por enriba ás maiorías en nome das minorías, e iso, co respecto ás maiorías, non é o asoballamento das minorías.

Deixando xa este tema tan fóra de debate, pro ó que me obrigou a intervención repetida do Partido Comunista, quero dicir que en certa medida me alegro de que pró Partido Socialista de Galicia-PSOE e mesmo tamén que pró representante da coalición do Partido Socialista Galego-Bloque, que quedase clara perfectamente cal é a posición autonomista de Alianza Popular. Alégrome perfectamente, e tamén me alegro de que o programa económico quedase o suficientemente clarexado, pra que se sinalen aquí dúas bandas nesta Cámara: os que pretenden unha economía libre, unha economía liberal como se dixo aquí, e os que pretenden unha economía dirixida desde o poder. E certo, e isto son dúas opcións que están representadas nesta Cámara.

E hai que dicir que, se Alianza Popular falou dalgunha maneira pola mañá da imposición pra conseguí-los recursos pra funcionala Autonomía, e que se pretende dicir que non se debe de sacar de ahí, senón poñendo en funcionamento outro tipo de operacións, como pode se-la débeda pública, como pode ser tamén o relanzamento da economía a partir do sector privado, eu quero dicir que tamén aquí hai unha falacia fundamental de fondo, porque moi ben debe sabe-lo representante do Partido Socialista que os cartos pra poñer en funcionamento a empresa pública, non saen doutro sitio que dos petos dos contribuíntes e que, por suposto, a débeda pública, é certo que é unha solución, pro transitoria, e que ó fin, hai que pagala, e hai que pagala con algo. O problema da financiación non se pode tocar

dun xeito que dea a entender que hai fórmulas máxicas pra facer funcionar un Goberno que necesita cartos e que, se os necesita, o único compromiso que ten é o de administralos ben, ou administralos dunha maneira rentable prá que dean así os froitos que teñen que dar porque saen, precisamente, do contribuínte, que ten a obriga de contribuír, e porque a "res pública", porque o Goberno é cousa de todos, a través dos propios representantes.

Alianza Popular quere rematar agradecendo, en primeiro lugar, as adhesións persoais que se lle fan ó candidato á Presidencia da Xunta, a quen tódolos grupos parlamentarios salvaron pola súa galeguidade, polo seu compromiso democrático. Nós, neste momento agradecemos iso e, sobre todo, queremos comprometer-nos a que esa adhesión persoal á persoa do candidato á Presidencia da Xunta poida se-lo día de mañá, xa non digo unha adhesión ó partido, pro si un recoñecemento de que o labor de partido respondeu ás esperanzas que hoxe desperta a candidatura do señor Fernández Albor.

Alianza Popular ten a mesma vontade galeguista, a mesma vontade de profundizar na Autonomía, a mesma vontade de profundizar no autogoberno que ten o señor Fernández Albor, e precisamente por iso o propuxo como candidato á Presidencia da Xunta porque, desde logo, se estiveramos matinando noutras cuestións poñeríamos a outra persoa. Exactamente queremos que el sexa o que dalgunha maneira represente o noso modelo autonómico, por iso agradecemos profundamente as adhesións e o respecto persoal que se lle ten á súa persoa, e percuraremos que se reflexe no Grupo Parlamentario de Alianza Popular a súa maneira de actuar.

Soamente terminar decindo que a democracia non é unha expresión de principios, é un feito, é un traballo, é unha actitude. Esa actitude é a que Alianza Popular quere manter nesta Cámara, no Goberno, na súa actuación pública, nas eleccións e no rendemento das súas responsabilidades. Desde logo, Alianza Popular non vai dicir aquí sinxelamente que é democrática. O que quere facer é demostralo coa actuación do seu Presidente, coa actuación da súa Xunta, e coa actuación do seu Grupo Parlamentario, que non vai estar só pra apoiar incondicionalmente ós seus representantes no Goberno, senón que vai estar aquí cumprindo fundamentalmente a súa función fiscalizadora

que corresponde a esta Cámara, cumprindo a misión de parlamentarios, de controlar que os intereses do pobo galego, os intereses que fundamentalmente votou, se poñan en práctica, e se poñan en práctica coa colaboración e coa participación de todos. Moitas grazas.

O Sr. GUERREIRO CARREIRAS: Por alusións evidentes.

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMEIRO PROVISIONAL: Aínda que este é un debate especialmente regulado e regulamentado no que o único que ten dereito a facer uso da palabra é o Candidato, con todo, precisamente, por aquelas razóns de que falaba antes, concedémoslle ó señor Guerreiro tres minutos, pro, por favor, só tres minutos.

O Sr. GUERREIRO CARREIRAS: Moitas grazas, señor Presidente. Señorras e señores Deputados, eu non entendo que o señor Portavoz do Grupo que pretende facer Goberno ignore a realidade parlamentaria de Europa democrática occidental. Di que lle parece inconcebible, desde un punto de vista democrático, que o Partido Comunista de Galicia propoña un Goberno con exclusión da minoría maioritaria. Pois ben, señor Barreiro, en Alemania Federal, na República Federal de Alemania, exemplo que tanto lle gusta a Alianza Popular de poñer como exemplo de democracia, o goberno de coalición socialdemócrata e liberal marxina das tarefas de goberno á minoría maioritaria que é o grupo de Strauss. En Israel, pra poñer outro exemplo que tamén lle gusta a Alianza Popular, o Señor Beguín goberna sendo a segunda minoría e marxinando á primeira maioría do país. ¿Quere vostede dicir que o goberno de Alemania Federal e de Israel son antidemocráticos, señor Barreiro?, ¿que son inconcebibles as propostas e os gobernos que funcionan eses países modélicos pra Alianza Popular, representativos de democracia occidental?.

E, en segundo lugar, eu non afirmei e, ademais, estou moi satisfeito que o señor Fraga e o grupo de Alianza Popular asuman a democracia; é un gran logro político, e é unha gran aportación á estabilidade. O que dixen, señor Barreiro, e ratifico, é que non se caracterizan vostedes polo seu entusiasmo pra condenar e combatalas agresións e os cercos involucionistas e antidemocráticos, que non se caracterizan polo seu entusiasmo.

E, en terceiro lugar, señor Barreiro, vostede sabe perfectamente, que o Partido Comunista

de Galicia, e os comunistas españoles estamos clara, netamente diferenciados doutras realidades que, chamadas comunistas, son claramente condeadas por nós, por antidemocráticas, e eu non asimilo ó señor Barreiro co señor Reagan cando este intervén no Salvador, cando intervén en Santo Domingo, cando intervén noutros países militarmente, non asimilo ó señor Barreiro e ó seu Grupo ós Estados Unidos, aínda que había mais motivos pra facelo, que asimilarme a min a outras realidades chamadas socialistas e comunistas.

Finalmente, señor Barreiro, quero decirlle, que este partido, o Partido Comunista de Galicia, será un exemplo de partido democrático, que respetará as decisións maioritarias, pro que manterá con toda enerxía e con toda firmeza, e así espero que o faga vostede en defensa da Autonomía e da democracia española, unha conduta estritamente democrática, exemplar, que non consentirei que sexa posta en entredito baixo ningún concepto. Mais nada. Moitas Grazas.

(O señor Barreiro Rivas pide a palabra).

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMERO PROVISIONAL: Señor Barreiro, no puede ser. No puede ser, porque es un debate muy especial. Lo hicimos nada más por esta condescendencia, pero el único que puede hacer uso de la palabra cuando lo crea conveniente es el Candidato.

O Sr. FERNANDEZ ALBOR: Paréceme que non debo facer uso da miña prerrogativa de fala-lo último pra atacar a ningún Grupo Parlamentario nin a ningún candidato, aínda que tería sobradas cousas que dicir, porque unha cousa é non estar metido na política desde hai moitos anos, e outra cousa é non saber contestar a problemas que aquí se plantexaron.

Desde logo, eu supoño que o señor Presidente do Grupo Socialista terá tempo pra seguir criticando. O que lle quero dicir é que, cando fixen esa pirueta dialéctica, é que non me coñece ben. Cando subín aquí, aínda non sabía do que ía falar, e acordeime ó dicir "Señor Presidente" de que faltaba Antonio Rosón, e non foi un acto preparado pra escurri-lo bulto, nin pra deixar de toca-los temas, xa lle dixen que terá tempo de abondo, e eu non quero entrar en polémicas hoxe, porque me parece que, neste momento, o mais importante é o que dixo Ramón Piñeiro: —Imos empezar a andar

e tempo terá pra xuzgarse a Alianza Popular, ó Sr. Presidente e á Xunta. Eu quero recordarlle uns versos de Machado que decían: "Tu verdad, no. La verdad y ven conmigo a buscarla. La tuya, guárdala". De maneira que irmos todos traballar xuntos, imos todos tratar de desenrolar esta terra, que traballo hai de abondo pra todos. E tamén sin espírito dialéctico, senón porque recordei tamén neste momento as últimas palabras do Sr. Presidente do Parlamento; con elas quero rematar. Eran as palabras de Castelao: "Non lle poñades chatas á obra namentres non se remate. O que pense que vai mal que traballe nela: hai sitio pra todos". Moitas gracias.

Desenrolo da votacion nominal.

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMERO PROVISIONAL: Terminado o Debate, imos proceder á votación. Empregarémo-lo sistema do Artigo 69, párrafo c), ou sexa, votación nominal, que está regulada no Artigo 74. Entón, o Sr. Secretario, despois de face-lo sorteo pra sabermos por qué Deputado se vai comenza-la numeración, seguirase por orde nominal, e o Sr. Secretario irá dando lectura ós nomes dos Sres. Deputados, os cales responderán "si", ou "non", ou declararán que se absteñen de votar. Ou sexa: si, non ou que se absteñen de votar. Mais nada ca iso.

(O Sr. Secretario procede a face-lo sorteo, pra saca-lo nome do Deputado polo que vai empeza-la votación).

(O Sr. Secretario procede a face-lo sorteo, pra saca-lo nome do Deputado polo que vai empeza-la votación).

Atención. Vai dar comenzo a votación.

D. Antonio Sangiao Pumar	Si
D. Javier Suárez-Vence Santiso	Si
D. Ramón Taboada Soto	Si
D. Antonio Varela Alvarez	Si
D. Víctor Manuel Vázquez Portomeñe	Si
D. Francisco José Vázquez Vázquez	Non
D. Flora Veiga Aldariz	Si
D. Ramón de Vicente Vázquez	Si
D. Manuel Angel Villanueva Cendón	Si
D. Adolfo Abel Vilela	Si
D. José Luis Alonso Riego	Si
D. Bautista Goyel Alvarez Domínguez	Non
D. José Luis Barreiro Rivas	Si
D. Miguel Barros Puente	Non
D. Senén Bernárdez Alvarez	Si
D. Ramón Félix Flanco Gómez	Non
D. Juan Carreira Gómez	Si
D. Antonio Carro Fernández-Valmayor	Non
D. Benjamín Casal Vila	Si
D. Carlos Casares Mourinho	Si
D. José Castro Suárez	Si
D. Ramón Evaristo Castromil Ventureira	Si
D. José Ramón Cociña García	Si
D. Alfredo Luis Conde Cid	Abstención
D. Manuel Couce Pereiro	Non
D. Manuel Ceferino Díaz Díaz	Non
D. Lois Diéguez Vázquez	No
D. Manuel Eiris Cabeza	Si
D. Xerardo Estévez Fernández	Non
D. Gerardo Fernández Albor	Si
D. Fernando García Agudín	Si
D. José Luis García Casanovas	Si
D. Benito García Dorgambide	Non
D. Antonio Edelmiro Gato Soengas	Non
D. Jesús Gayoso Rey	Si
D. Francisco González Amadiós	Non
Dña. Emma Rosa González Bermello	Si
D. José González Dopeso	Si
D. Pablo González Mariñas	Si
D. Gerardo González Martín	Si
D. Angel Guerreiro Carreiras	Non
D. Benito Iglesias Cacicedo	Si
D. Manuel Iglesias Corral	Si
D. Juan Manuel Iglesias Rivera	Non
D. José Lage Lage	Si
D. Ramón Lareo López	Si
D. Claudio López Garrido	Non
Dña. María del Carmen Lovelle Alén	Si
D. Fernando Martínez González	No
D. Julián Martínez Larrán	Si
D. José Carlos Mella Villar	Si
D. Aurelio Domingo Miras Portugal	Si
D. Manuel Morán Morán	Si
D. Pedro Moreno González	Si
D. Pablo Moure Mariño	Si
D. Camilo Nogueira Román	Non
D. Antonio Olives Quintás	Si
D. Santos Oujo Bello	Si
D. José María Pardo Montero	Si
D. Maximino Pérez Hortas	Si
D. Ricardo Pérez Queiruga	Si
D. Tomás Pérez Vidal	Si
D. Juan Luis Pía Martínez	Si
D. Ramón Piñeiro López	Si
D. Miguel Gerónimo Piñeiro Sanchez	Si
D. José Quiroga Suárez	Si
D. Mariano Rajoy Brey	Si
D. José Carlos Rodríguez González	Si
D. Angel Rodríguez Vázquez	Si
D. José Romero Becerra	Si
D. Antonio Rosón Pérez	Ausente

O Sr. VICEPRESIDENTE PRIMERO PROVISIONAL: O resultado da votación é o seguinte:

Si.....	52
Non.....	17
Abstencións.....	01

Houbo un señor Deputado ausente.

Queda por tanto declarado, por maioría absoluto, o Candidato D. Xerardo Fernández Albor. (*Aplausos*).

Denantes de ergue-la Sesión prégolle ós Sres. Deputados que ocupen os escanos porque hai que facer unhas observacións.

A primeira é, asumindo o sentir da Mesa, e penso que de tódolos Sres. Deputados, decir dun lado a tristura que de verdade sentimos pola ausencia de D. Antonio Rosón, e doutro, a alegría tamén que teño, e isto xa é mais ben persoal —non podo decir que o asuman tódo-

los Deputados nin podo decir que o asuma toda a Mesa— de ver proclamado o Candidato D. Xerardo Fernández Albor.

E por último, antes de erguer esta Sesión, pregarlle tamén ós Portavoces, que fagan o favor de vir aquí, outra vez, cerca de nós, e nós chegaremos onde eles, porque temos que facer algunhas lixeiras rectificacións, debido precisamente á situación especial da enfermidade transitoria do Presidente. Eu non son médico, son só abogado e non vin no Presidente, que estiven con el, non vin gravidade, e coído que é unha cousa meramente transitoria. E de verdade que o desexo de todo corazón. Así que, en fin, os Sres. Portavoces que fagan o favor de chegar onda nós que temos que cambiar impresións con eles desde a Mesa, e levántase a Sesión.

Levántase a Sesión.

Eran as sete e trinta minutos da tarde.

Depósito Legal: C. 225-82 - Tip. MINERVA - Curros Enríquez, I-Santiago, 1982